


# CONCELLO DE SADA



## TOMO IX INFORME DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS



MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P.

DOCUMENTO DE APROBACIÓN PROVISIONAL

FEBREIRO 2016



## **ÍNDICE**

### **- INTRODUCCIÓN**

### **- INFORME PREVIO DA CMATI**

- INFORME DA SECRETARIA XERAL DE TERRITORIO E URBANISMO EN MATERIA DE URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
- INFORME DA SECRETARIA XERAL DE TERRITORIO E URBANISMO EN MATERIA DE COSTAS

### **- INFORMES**

#### **▪ ADMINISTRACIÓN DO ESTADO**

- Mº DE FOMENTO
  - . DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL (1)
  - . INTEGRACIÓN DE INFORME DE LA DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL (1)
  - . DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL (2)
  - . INTEGRACIÓN DE INFORME DE LA DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL (2)
  - . DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DEL ESTADO EN GALICIA (1)
  - . DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DEL ESTADO EN GALICIA (2)
- Mº DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
  - . DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR (1)
  - . INTEGRACIÓN DE INF. DE LA DIRECCIÓN GRAL. DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR(1)
  - . DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR (2)
  - . INTEGRACIÓN DE INF. DE LA DIRECCIÓN GRAL. DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR (2)
  - . DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR (3)
  - . INTEGRACIÓN DE INF. DE LA DIRECCIÓN GRAL. DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR (3)
- Mº DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO
  - . DIRECCIÓN GENERAL DE POLÍTICA ENERGÉTICA Y MINAS
  - . INTEGRACIÓN DE INFORME DE DIRECCIÓN GENERAL DE POLÍTICA ENERGÉTICA Y MINAS
  - . SUBDIRECCIÓN GENERAL DE REDES Y OPERADORES DE TELECOMUNICACIÓN

#### **▪ ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

- CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
  - . AUGAS DE GALICIA (1)
  - . INTEGRACIÓN DE INFORME DE AUGAS DE GALICIA
  - . AUGAS DE GALICIA (2)
  - . AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (1)
  - . INTEGRACIÓN DE INFORME DE AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (1)
  - . AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (2)
  - . AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (3)
  - . DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE
  - . INTEGRACIÓN DE INFORME DE DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE
  - . SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL





- . DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
- . INTEGRACIÓN DE INFORME DE DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
- . INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
- . INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
- . INTEGRACIÓN DE INFORME DE INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
- **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**
  - . SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS
- **CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR**
  - . DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
  - . INTEGRACIÓN DE INFORME DE DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
  - . PORTOS DE GALICIA (1)
  - . INTEGRACIÓN DE INFORME DE DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
  - . PORTOS DE GALICIA (2)
  - . SERVIZO DE MONTES
  - . SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS
- **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**
  - . DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL (1)
  - . INTEGRACIÓN DE INFORME DE DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL (1)
  - . DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL (2)
  - . INTEGRACIÓN DE INFORME DE DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL (2)
  - . DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL (3)
- **ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL**
  - **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**
    - . SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS
    - . INTEGRACIÓN DO INFORME DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

## - **ANEXO AO TOMO IX: CONTESTACIÓNS ÁS ALEGACIÓNS (EN CADERNO APARTE)**



## INTRODUCCIÓN

O presente Tomo contén un resumo sobre o resultado do proceso de participación pública e consultas do PXOM de Sada.

O proceso divídese en dúas partes ben diferenciadas: unha parte adicada ao trámite de sometemento do Plan ás administracións públicas de carácter sectorial e outra que conforma o conxunto de alegacións realizadas por particulares ou entidades interesadas, consonte as indicacións do Documento de Referencia, logo da aprobación inicial do Documento e apertura do período de exposición ao público.

Dun xeito resumido, os datos do proceso foron os seguintes:

Con carácter previo á Aprobación Inicial e en base ao que prescribe a lexislación urbanística e sectorial, o Pla foi remitido aos seguintes organismos:

- Consellería de Medio Ambiente. Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Para informe previo consonte o artigo 85 da LOUGA, artigo 117 da Lei 22/1988 de Costas, e Decreto 158/2005 polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume.

- Demarcación de Costas do Estado en Galicia.
- Augas de Galicia.
- Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.
- Consellería de Medio Ambiente. Territorio e Infraestruturas. Axencia Galega de Infraestruturas.
- Dirección Xeral de Aviación Civil
- Rexistro Mineiro de Galicia

**O día 21 de decembro de 2012, o Concello Pleno acorda aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada.**

O nomeado acordo foi publicado no DOG nº 14 de 21 de xaneiro de 2013 e no BOP nº 14 de 21 de xaneiro de 2013. Así mesmo foi publicado nos diarios “El Ideal Gallego” e “La Voz de Galicia” o día 22 de xaneiro de 2013.

Ábrese un prazo de dous meses de exposición ao público, contados a partir do día seguinte á publicación no DOG, e o Plan poder ser consultado na oficina municipal habilitada nos baixos do Hotel Sada Marina, de luns a venres, en horario comprendido entre as 9,00 h. E as 14,30 h.

O día 28 de febreiro de 2013 o Concello Pleno acorda ampliar o período de exposición ao público do PXOM ata o día 21 de abril de 2013.

O nomeado acordo publícase no DOG nº 49 de 11 de marzo de 2013 e no BOP nº 49 de 12 de marzo de 2013. Así mesmo publícase nos diarios “El Ideal Gallego” e “La Voz de Galicia” do día 6 de marzo de 2013.

Tras a Aprobación Inicial do Plan, o Concello realiza as consultas ante os seguintes organismos e entidades interesadas:



#### **ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO**

- L) DIRECCIÓN GENERAL SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y EL MAR
- 2) DELEGACIÓN DEL GOBIERNO EN GALICIA.
- 3) MINISTERIO DE INDUSTRIA. SECRETARÍA DE ESTADO DE TELECOMUNICACIONES.
- 4) MINISTERIO DE INDUSTRIA. SECRETARÍA DE ESTADO DE ENERGÍA.
- 5) MINISTERIO DE FOMENTO. DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL.
- 6) MINISTERIO DE FOMENTO. DEMARCACIÓN CARRETERAS ESTADO EN GALICIA

#### **XUNTADE GALICIA**

- 1) CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE. SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E A VALIACIÓN AMBIENTAL.
- 2) CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE. INSTITUTO ESTUDIOS DO TERRITORIO.
- 3) CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE. DX MOBILIDADE.
- 4) AGUAS DE GALICIA.
- 5) CONSELLERÍA DE CULTURA. DIRECCIÓN XERAL PATRIMONIO CULTURAL.
- 6) CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL. SECRETARÍA XERAL DE MEDIO RURAL DE MONTES.
- 7) CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL. DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
- 8) CONSELLERÍA DE INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA ENERXÍA E MINAS. DELEGACIÓN DA CORUÑA.
- 9) CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE. DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA.
- 10) PORTOS DE GALICIA.
- 11) CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE. IGVS.
- 12) CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.
- 13) CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR. SECRETARÍA XERAL DO MAR.

#### **ADMINISTRACIÓN LOCAL.**

- 1) DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
- 2) CONCELLO DE OLEIROS.
- 3) CONCELLO DE CAMBRE.
- 4) CONCELLO DE BERGONDO.

#### **ENTIDADES**

- 1) ASOCIACIÓN FORESTAL DE GALICIA.
- 2) CÁMARA MINEIRA DE GALICIA.
- 3) SINDICATO LABREGO GALEGO.
- 4) XÓVENES AGRICULTORES.
- 5) UNIÓNS AGRARIAS.
- 6) GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL GDR-29.
- 7) ASOCIACIÓN ECOLOXISTA AS MARIÑAS.
- 8) GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA 2 GOLFO ÁRTABRO.
- 9) GRUPO DE ACCIÓN LOCAL TERRA DAS MARIÑAS.
- 10) ASOCIACIÓN ECOLOXISTA AMIGOS DA TERRA.
- 11) ASOCIACIÓN ECOLOXISTA VEDEGAIA.
- 12) ASOCIACIÓN GALICIA NON SE VENDE.
- 13) SOCIEDADE GALEGA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL.
- 14) ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA.
- 15) FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA.
- 16) SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

#### **COMPAÑÍAS SUBMINISTRADORAS E OPERADORAS NO MUNICIPIO.**

- 1) AQUAGEST
- 2) GAS NATURAL.
- 3) TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.
- 4) R. EMPRESAS Y TELECOMUNICACIONES.



Finalizado o período de exposición ao público, rexístranse dentro de prazo un total de 2001 alegacións de particulares e entidades interesadas. Estas alegacións con contestadas nun Anexo a este tomo.

O proceso de consultas ante as administracións sectoriais resúmese na seguinte táboa.

Tras ela apórtanse as fotocopias dos informes recibidos e, no seu caso, de contrainformes do equipo redactor informando sobre as cuestións e observacións na materia e os cambios introducidos. Noutros casos, tras o informe, xúntase un escrito de integración que explica como foron tidas en consideración as observacións realizadas ao Documento do Plan.



CONCELLO DE  
**SADA**



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

# INFORME PREVIO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



CONCELLO DE  
**SADA**



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

# INFORME

DA SECRETARIA XERAL DE TERRITORIO E URBANISMO  
EN MATERIA DE URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo


Edif. Adm'tvo. San Caetano,  
Bloque 3  
15781 Santiago de Compostela

galicia

PTU-AC/11/147  
SADA (A CORUÑA)  
PXOM  
Notif. IPAI  
Pág. 1 de 1




Sr. Alcalde do Concello de Sada  
(A Coruña)



Achégolle informe previo á aprobación inicial –artigo 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia–, relativo ao **Plan Xeral de Ordenación Municipal**, emitido o 30 de maio de 2012, pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en virtude da delegación de competencias efectuada pola Orde do 9 de xullo de 2009 (DOG 16/07/2009), modificada pola Orde do 15 de marzo de 2012 (DOG nº 58, do 23 de marzo de 2012).

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2012

O subdirector xeral de Urbanismo



Eduardo Sobriño Rodríguez

## **INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA).**

O Concello de Sada remite o documento do plan xeral de ordenación municipal para o informe previo á súa aprobación inicial, conforme ó artigo 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

### **I. ANTECEDENTES.**

I.1. O Concello de Sada dispón dunha ordenación urbanística provisional aprobada polo Decreto 29/2006, do 16 de febreiro, polo que se suspendeu a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente polo pleno da corporación o 10/01/97. Este decreto foi modificado polos Decretos 193/2008 do 28 de agosto e 53/2012, do 19 de xaneiro.

I.2. Está afectado polo Plan Sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, aprobado definitivamente o 29/07/04 (DOG 20/09/04); e polo Proxecto Sectorial para a ampliación do Centro de atención especial a persoas con parálise cerebral, aprobado definitivamente o 16/11/06 (DOG 28/12/06).

I.3. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental aprobou o Documento de Referencia por Resolución do 26/01/11.

I.4. A Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) emitiu con data 28/02/12 o informe que dispoñen os artigos 112 a) e 117.1) da Lei 22/88, de Costas.

I.5. A Dirección Xeral de Aviación Civil (Ministerio de Fomento) emitiu con data 01/03/12 informe desfavorable, ao abeiro da Disposición adicional segunda do Real Decreto 2591/1998, modificado polo Real Decreto 1189/2011, sobre afeccións aeroportuarias.

I.6. A Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (Ministerio de Fomento) emitiu informe con data 24/02/12 no cal se require documentación complementaria para emitir o informe previsto no artigo 10.2 da Lei 25/88 de Estradas.

I.7. A Consellería de Economía e Industria emitiu informe, de acordo co artigo 14.1 da Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galicia, con data 06/03/12.

I.8. A Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico (Augas de Galicia) emitiu informe favorable condicionado con data 12/03/12.

I.9. O arquitecto e o secretario xeral municipais emitiron os correspondentes informes técnico e xurídico, con data 23/12/11; e o arquitecto-asesor, con data 22/12/11.

### **II. INFORME.**

Logo de analizar a documentación que integra o PXOM de Sada, e vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, emítese o seguinte informe:

#### **II.1. CAPACIDADE RESIDENCIAL E ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO.**

1. A poboación de Sada é de 14.487 habitantes (ano 2009). O Documento de Referencia recela do obxectivo demográfico de 25.000 habitantes para 16 anos. Nese senso, e





considerando as 10.061 vivendas existentes, a previsión dunha capacidade para 2.499 vivendas novas en catro cuadrienios semella aceptable, dadas a características do concello, que inclúe poboación estacional.

2. Cánto ás infraestruturas de abastecemento de auga e de saneamento, o Informe de Sostibilidade Ambiental calcula a demanda de auga e saneamento para unha poboación de 18.125 habitantes; debendo considerarse ademais esa poboación estacional. Augas de Galicia no Documento de Referencia require xustificar a orixe da auga de abastecemento e o seu volume según estudo pormenorizado de necesidades.

3. A Memoria Xustificativa sinala que o trazado previsto do vial de comunicación da Vía Ártabra e o porto de Sada ten carácter indicativo, debendo constar así nos planos.

4. O PXOM detecta a grave carencia de espazos libres de sistema xeral neste concello, non semellando congruente que a súa obtención se dispoña case na súa totalidade no segundo e terceiro cuadrenio (242.000 m<sup>2</sup> de 335.000) cando se prevé a execución de todo o solo urbano e urbanizable residencial no primeiro cuadrenio.

5. Non se determina a forma de obtención do espazos libres de carácter local SLEL nos ámbitos APR-PEONR AI-01-10 (A Lamela) e APR-PEONR AI-05-02 (Seixeda) que se grafan nos planos de ordenación.

6. Debe determinarse o acceso público ao espazo libre SL EL 06-22.

## **II.2. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS NAS DISTINTAS CLASES DE SOLO.**

### **1. SOLO URBANO.**

1. Á vista da información achegada, enténdese que non reúnen as características para ser clasificados como solo urbano (artigo 11 da LOUG):
  - Os ámbitos illados da malla urbana que non foron obxecto de tramitación de instrumento habilitante de transformación urbanística (plan parcial, plan de sectorización ou proxecto sectorial). Algúns, son ámbitos no interior de núcleos rurais, clasificados anteriormente como solo de núcleo rural. Outros, corresponden a instalacións industriais incluídas en solos urbanizables industriais (SAUI-5 NNSS de 1997).
  - Ámbito proxecto sectorial de ASPACE, que deberán ser clasificados como solo urbanizable en tanto non se remate o seu proceso de urbanización.
  - Terreos do APR PERI AR-D6.3, sen servizos urbanísticos nin consolidación.
2. Nos terreos do APR PEPRI AR-D3.1 incluídos no ámbito da UE-9 das Normas subsidiarias de 1997, e as áreas correspondentes ás UE-2, UE-5dis e UE-19dis, clasificados polo Decreto 29/2006 como solo rústico deberase xustificar a clasificación de solo urbano.
3. Non se xustifica o carácter de solo urbano consolidado dos terreos ao Sur e Oeste do APR-PERI AR-D6.2., por non contar cos correspondentes servizos urbanísticos.
4. Estímase que se debería valorar a posibilidade de resolver dende o PXOM a ordenación das zonas de reforma interior en solo urbano, sen remitilas a un PERI.
5. No PERI AR-D5.1 O Tarabelo consta como uso global o terciario, pero se indica que as edificacións rexeranse pola ordenanza SU-7, que corresponde ao uso industrial.
6. Segundo os artigos 49.1 e 53.1.c da LOUGA, a totalidade do solo urbano estará incluído nalgún distrito. Existen ámbitos de solo urbano, procedentes de planeamento de desenvolvemento (Veigue, Meirás, Mondego) que non forman parte de ningún distrito.

## **2. SOLO DE NÚCLEO RURAL.**

1. Delimitáanse como solo de núcleo rural común terreos actualmente considerados como rústicos, de considerable superficie e con escasa ou ningunha edificación, sen que se xustifique neses núcleos esa necesidade de crecemento, como esixe o artigo 13.3.b) da LOUG: APR PEONR AI-01-05, AI-02-03, AI-03-02, AI-05-07, AI-06-05, AI-07-01, AI-07-02, AI-07-03 e AI-07-04.
2. A capacidade residencial do PXOM en solo de núcleo rural inclúe 1.402 vivendas novas respecto das 3.051 existentes, cumprindo estudar a capacidade do sistema viario local e dos servizos de infraestruturas.
3. Detéctase contradición entre o artigo 7.2.2 da Normativa que establece a tipoloxía illada como única admisible no núcleo rural común; e o artigo 7.3.1, que remite ao artigo 7.2.2 que permite a vivenda acaroadada.
4. O PXOM establece nunha disposición transitoria, que nos dos Plans especiais de ordenación do núcleo rural de Veigue e Carnoedo as aliñacións remitiranse ás previstas nas Normas subsidiarias de 1997, suspendidas e que van ser substituídas polo PXOM, polo que este debe determinar as aliñacións que corresponda considerar.

\*

## **3. SOLO RÚSTICO.**

1. O Documento de Referencia sinala o espazo de especial interese natural de As Brañas de Sada, recollido no Anexo de Espazos Naturais do Plan Hidrolóxico Galicia Costa, e que se encontra catalogado no inventario de Humidais de Galicia (Decreto 127/2008), polo que se debe xustificar a calificación outorgada ou, noutro caso, considerarse a de solo rústico de protección de espazos naturais. Existe un Plan Especial das Brañas, aprobado en 1994, que non se recolle no PXOM como planeamento subsistente. O Decreto 29/2006 clasifica como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais o ámbito dese Plan Especial das Brañas.
2. O solo rústico de protección de costas só pode establecerse dentro dos 200 metros de distancia desde a liña interior da ribeira do mar (artigo 32.2.e da LOUG) polo que a protección dos valores paisaxísticos existentes fora dese ámbito debe realizarse mediante a clasificación de solo rústico de protección paisaxística (art. 32.2g da LOUG).
3. Cómpre xustificar a clasificación como solo rústico de protección de infraestruturas nos planos de estrutura xeral, da franxa de reserva viaria do trazado indicativo do vial desde a Vía Ártabra ao porto, superposta en ocasións coa clasificación de solo de núcleo rural, e que non se reflicte nos planos de zonificación.
4. A delimitación do solo rústico de especial protección de augas nunha área inferior á zona de policía de augas deberá xustificarse conforme á determinación 4.8.15 das DOT, empregando estudos e análises de asolagamento.

## **II.3. OUTRAS CUESTIÓNS.**

1. Introducíranse as correccións precisas para obter o informe favorable da Dirección Xeral de Aviación Civil (Ministerio de Fomento).
2. Os límites do concello de Sada co de Bergondo que se reflicten nos planos do PXOM non coinciden cos que aparecen na cartografía do Instituto Geográfico Nacional, aos que se deberán axustar.

3. O artigo 61.3 da LOUG esixe unha análise individual de cada núcleo rural, a fin de fundamentar a súa delimitación, que se recollerá nunha ficha de datos, un plano e unha fotografía aérea individualizada a unha escala que permita un mellor recoñecemento das características do núcleo.

4. Deben incluírse na documentación do PXOM os planos de cotas, rasantes e redes de infraestruturas de servizos a escala 1/2000.

5. Nos planos de ordenación a escala 1/2000, gráfase co tipo de liña correspondente á delimitación de solo urbano a delimitación dos rurais de Ameixeiral, Trasín, Cimás, Tumbadoiro e O Valo.

## **II.4. INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO PREVISTOS NA LEI 10/1995.**

### **1. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.**

O PXOM inclúe entre os seus anexos, a xustificación da súa coherencia e conformidade coas determinacións e criterios establecidos polas Directrices de Ordenación do Territorio, conforme ao establecido na súa determinación 1.4.

Dentro do ISA, incorpórase unha análise de compatibilidade estratéxica (ACE), nos termos recollidos na directriz 10.1.18 das DOT, para garantir a coherencia da planificación sucesiva e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos que puideren xerar.

### **2. PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL .**

O Concelló de Sada atópase dentro do ámbito territorial do Plan de Ordenación do Litoral. Na memoria do PXOM fanse varias referencias ao POL sen que a xustificación do seu cumprimento se constitúa nun anexo da memoria xustificativa no que se refundan as xustificacións necesarias sobre o cumprimento dos principios, criterios e obxectivos.

#### **2.1 Consideracións nas áreas do POL.**

O PXOM de Sada inclúe nos planos de información a delimitación das áreas do modelo territorial do POL, superpostas á cartografía do medio físico, así como as fichas das unidades de paisaxe. É recomendable que se inclúan nos planos de ordenación as anteriores delimitacións, aos efectos de facilitar unha lectura integrada do réxime de usos correspondente ao POL e á normativa urbanística no tocante ao solo rústico.

#### **Áreas de protección intermareal e costeira.**

A maior parte das áreas de protección intermareal e costeira está clasificada polo PXOM como solo rústico de especial protección de costas e, en menor medida, de protección de augas, o que se considera compatible cos principios do POL para esta área.

Na área de protección costeira queda inserido o bordo norte do solo urbano de Fontán, aínda pouco ocupado pola edificación e nunha situación de gran visibilidade dende o litoral. Neste espazo o PXOM debe establecer determinacións coherentes cos valores identificados e preservados polo POL.

#### **Área de mellora ambiental e paisaxística.**

A área de mellora ambiental e paisaxística ocupa unha superficie relativamente reducida en comparación, e está delimitada fundamentalmente pola estrada AC-163, paralela á costa, agás na contorna de Carnoedo, onde avanza cara ao núcleo de Seixo.

O PXOM considera esta área maioritariamente como solo rústico incluído dentro de diversas proteccións e, asemade, inclúe as delimitacións de diversos solos de núcleo rural, tanto de carácter histórico-tradicional como común.

Por outra parte, o PXOM determina a necesidade de formular plans especiais de ordenación de núcleo rural para os núcleos complexos de Carnoedo e Veigue, así como diversas actuacións integrais. Estes plans especiais abranguen amplas áreas, nalgúns casos agora vacantes de edificación e propoñen a súa ocupación cunha baixa densidade edificatoria (10 vivendas/Ha e 0.3 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>). Segundo o artigo 14 da normativa do POL, a área de MAP debe preservarse dos procesos de ocupación dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto. Asemade, estas delimitación poden provocar a fusión dos núcleos orixinais mediante a edificación ao longo das vías de comunicación, o que se contradí cos principios das DOT como do POL: núcleos do Chan de Aldea e Agra, en Carnoedo; e desenvolvementos previstos en dirección norte dende A Fraga, en Veigue.

Por conseguinte, na área de MAP restrinxiranse as delimitacións dos plans especiais e actuacións integrais se non é para completar as tramas existentes dos núcleos, evitando a ocupación do solo agora vacante e favorecendo así a permeabilidade visual entre o litoral e os eixos de comunicación que discorren entre os citados núcleos.

#### **Area de ordenación.**

A maior parte dos ámbitos de desenvolvemento urbanístico que prevé o PXOM emprázanse dentro da área de ordenación litoral, o que resulta coherente cos principios do POL para esta área.

#### **Corredores.**

O territorio abranguido polos corredores que delimita o POL queda maioritariamente clasificado polo PXOM como solo rústico de protección de augas ou inserido noutros solos rústicos de especial protección (agropecuaria, forestal,...). A delimitación do solo rústico de protección de augas límtase na maioría dos casos a unha liña paralela ao cauce, de moita menor dimensión que o corredor delimitado no PO, e o réxime de usos propio das outras clases de solo rústico resulta menos restritivo que o previsto polo POL. Segundo o artigo 14 da normativa do POL, o PXOM debe incorporar as delimitacións dos corredores que se sinalan na súa cartografía ou redelimitalos xustificadamente mais mantendo o réxime de usos da normativa do POL para estes espazos, se non resulta menos restritiva que a do réxime da clase de solo rústico na que se inclúa.

Tamén dáse o caso da súa adscrición a sectores de solo urbanizable como sistema xeral de espazos libres (caso do sector R1), o que se considera correcto; ou da súa inclusión en solos de núcleo rural pendentes da formulación dun plan especial de ordenación (Alborella, Castelo,...). Neste último caso, se tras a redelimitación que o PXOM faga do corredor mantense dentro do ámbito do plan especial, deberá incluírse entre as súas especificacións a necesidade de dedicar estes ámbitos a zona verde ou espazos libres. O mesmo cabe indicar do PERI proposto para o sector de solo urbano non consolidado AR-D5.1 no Tarabelo, afectado polo corredor do Rego de Seixeda.

En Osedo clasifícanse como solo de núcleo rural, terreos incluídos nunha área de corredor ecolóxico do POL, o que resulta incompatible agás que o PXOM a redelimita.

#### **Espazos de Interese**

No concello de Sada o POL identifica o espazo de interese paisaxístico da Punta de San Mamede, situado sobre as áreas de mellora ambiental e paisaxística e de protección

costeira. Porén, o PXOM non recolle a delimitación deste espazo ou, no seu caso, a súa redelimitación, o que é obrigado segundo o disposto no artigo 15 da normativa do POL. Tampouco se recollen outros espazos de interese.

O espazo de interese queda incluído na súa totalidade no solo rústico de especial protección de costas e forestal, engadíndoselle puntualmente a protección de augas e de patrimonio cultural. De non ser redelimitado polo PXOM, prevalecerá o réxime de usos propio dos espazos de interese do POL, o que deberá quedar especificado na regulación de usos do solo rústico que faga o PXOM nas súas distintas clases.

Tamén está incluído neste ámbito o equipamento deportivo do campo de fútbol e pista polideportiva de Carnoedo. Segundo o artigo 58.3 da normativa do POL, este é un uso incompatible nos espazos de interese polo que, ou ben o PXOM leva a cabo a redelimitación xustificada do ámbito ou non serán posibles obras de ampliación.

Ademais do anterior espazo de interese, que parcialmente tamén ten a consideración de espazo de protección de ladeira, existe no concello de Sada outro ámbito con esta última consideración, ao que o PXOM atribúe o réxime do solo rústico de especial protección forestal. Trátase da crista topográfica que se dirixe cara o norte dende o castro de Meirás. Os espazos de protección de ladeira non teñen un réxime de usos específico na normativa do POL mais é preciso que o PXOM estableza unhas cautelas para a implantación dos usos que poidan ser susceptibles de xerar impactos paisaxísticos nun ámbito de gran visibilidade.

Para garantir que no se produzan os anteriores impactos, enténdese imprescindible que se estableza a necesidade dun estudo de impacto e integración paisaxística, tal e como se define no artigo 78 da normativa do POL que, partindo da comprensión da paisaxe dun lugar, demostre o cumprimento dos criterios xerais e específicos de integración paisaxística recollidos nos artigos 73, 74, 75 e 76 da dita normativa, diminuíndo o seu impacto paisaxístico e garantindo a súa integración harmónica. O informe preceptivo e vinculante sobre o estudo de integración paisaxística, que elaborará o órgano competente en materia de paisaxe, determinará a viabilidade do proxecto de que se pretenda instalar. Como alternativa pode incluírse o ámbito dentro dunha clase de solo que restrinja os usos susceptibles de producir impactos paisaxísticos, como o rústico de protección paisaxística.

### **Rede de Espazos Naturais de Galicia.**

Non existe esta clase de espazos no concello de Sada.

## **2.2 Consideracións nos asentamentos.**

### **Núcleos de identidade do litoral.**

O núcleo de Sada, pola súa localización, singularidade e vinculación co mar, é considerado como Núcleo de Identidade do Litoral (NIL). De acordo co artigo 69.1 do POL, o PXOM debe delimitar o ámbito deste NIL, atendendo á súa historia, estrutura morfolóxica e relación funcional e visual co mar; e establecer a súa ordenación de acordo cos artigos 17.1, 42 e 69.2 e as fichas das correspondentes unidades de paisaxe do POL, así como coas determinacións orientativas 6.4, 6.5, 6.6 e 6.7 das DOT.

### **Áreas de recualificación.**

O concello de Sada presenta asentamentos na franxa máis próxima ao litoral que responden as características das áreas de recualificación das DOT e do POL, que o PXOM deba delimitar e establecer, a estratexia para acadar os obxectivos definidos.

Na unidade de paisaxe 03-02-122, Praia de San Pedro, o POL identifica un ámbito de recualificación sobre os crecementos residenciais de vivendas unifamiliares situadas na traseira da praia de San Pedro, incluíndo o cámping e o aparcadoiro. Tal e como se indica na ficha, o obxecto da recualificación debe ser minimizar a presión sobre o sistema da praia e mellorar a súa integración no bordo litoral. Tamén debe actuarse sobre o crecemento residencial recente inxerido no monte de arboredo da ladeira oriental, co obxecto de minimizar a presión sobre o sistema da praia e as formacións forestais.

O PXOM deberá delimitar este ámbito de recualificación e, de non establecer a ordenación detallada, deberá remitir o seu desenvolvemento fixando nas determinacións urbanísticas correspondentes os obxectivos concretos ou prever o informe de adaptación ao POL na tramitación do/s instrumento/s que correspondan así como prever a elaboración do estudo de impacto e integración paisaxística do artigo 71.3c).

En todo caso, como se sinala no artigo 71.3d) as actuacións limitaranse a dar coherencia e estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente o existente, de maneira que unha vez establecido o ámbito de recualificación non se poderán prever no plan novos crecementos urbanísticos a partir del.

### **2.3 Criterios xerais.**

O PXOM debe incorporar unha xustificación da integración nas súas determinacións urbanísticas dos obxectivos marcados nos artigos 20 a 32 do POL en relación ao patrimonio natural (art. 20), patrimonio cultural (art. 21), sociedade e economía (art. 22), mobilidade (art. 23), enerxía (art. 24), cambio climático (art. 25), atmosfera (art. 26), ciclo hídrico (art. 27), ciclos de materiais (art. 28), turismo (art. 30), recursos xeolóxicos (art. 31) e prevención de riscos (art. 32) definindo as áreas de riscos, tanto naturais como antrópicos, que poidan condicionar ou desaconsellar a implantación de determinados usos (determinación-3.1.14 das DOT).

### **2.4 Normas xerais.**

Co fin de posibilitar a aplicación correcta da regulación dos usos no solo rústico do POL e do PXOM, deberá incorporarse un plano síntese de aplicación no que se estableza a relación entre as categorías de solo rústico fixadas polo PXOM e a regulación dos usos das áreas continuas e descontinuas do POL.

Respecto ao Plan especial de protección do litoral de Veigue, Carnoedo e Fontán, o PXOM fará constar que o dito plan debe ter en conta a regulación de usos do POL.

As áreas que o PXOM debe recoller son as do modelo territorial do POL, xa que as do modelo de xestión que se superpuxeron á clasificación do solo son circunstanciais e están referidas ao planeamento anteriormente vixente.

### **2.5 Desenvolvementos urbanísticos**

Os desenvolvementos urbanísticos deberán xustificarse en función da necesidade de crecemento municipal e preservar os espazos de menor impacto ambiental e visual. Neste sentido é preciso adecuar a programación á consolidación dos espazos intersticiais con carácter previo a ao ocupación de novos solos.

Por outra banda o concello alberga o núcleo de identidade do litoral de Sada o que, como xa se indicou, leva consigo a necesidade da súa delimitación e consideración dos seus valores identitarios que deberán preservarse nos ámbitos de crecemento que se propoñan desde o PXOM.

Dos 24 ámbitos de solo urbano non consolidado delimitados no PXOM, só un está incluído na área de mellora ambiental e paisaxística; e o resto na de ordenación. Todos eles considéranse compatibles coas determinacións do POL, sendo desenvolvementos tendentes a completar a malla urbana existente, sen que na cartografía de usos e elementos para a valoración do POL se detectaran nestes ámbitos usos que merezan especial protección. Unicamente, como se comentou anteriormente, no caso do AR-D5.1 advírtese a afección do ámbito pola área do corredor ecolóxico do Rego de Seixeda.

O PXOM incorpora un total de sete sectores de solo urbanizable delimitado: tres de uso residencial, tres de uso terciario e un de uso industrial. Todos eles están incluídos dentro da área de ordenación do POL, que é a que se considera idónea para a situación dos desenvolvementos urbanísticos. O POL tampouco identificou neses ámbitos usos e elementos merecedores de especial protección.

Respecto das áreas de actuación integral delimitadas en solo de núcleo rural, debe revisarse a súa incidencia nos usos e elementos para a valoración recollidos na cartografía do POL. De afectarse a un uso ou elemento que mereza especial protección, farase constar a necesidade da súa preservación nunha ficha correspondente.

As normas xerais para os desenvolvementos urbanísticos expostas no artigo 61 da normativa do POL resultan de aplicación independentemente da área no que se leve a cabo o desenvolvemento, sen prexuízo da súa interpretación no marco das determinacións específicas de cada área concreta. Por isto, debe integrarse nas fichas correspondentes todos os desenvolvementos a necesidade de observar as ditas normas, facendo fincapé nas que resulten mais relevantes segundo a situación do ámbito.

## 2.6 Normas complementarias.

### Praias e a súa contorna.

No concello de Sada o POL identificou as praias urbanas das Delicias e Nova; así como as periurbanas de Morazón, Arnela, Armenteiro, Lourido, San Pedro e Cirro.

O PXOM debe prestar especial atención á ordenación do contorno das praias do concello, atendendo ás cuestións que expresan os artigos 82 a 91 da normativa do POL. Particularmente, de acordo co artigo 90, o PXOM debe realizar un estudo do cal deducir as necesidades de aparcamento nas praias rurais e periurbanas.

### Sendas.

O POL, de acordo coa determinación 6.12 das DOT, propón a denominada Senda dos Faros, á que se refiren a disposición adicional segunda da normativa e o capítulo 3 do título IV "Modelo de xestión" da memoria.

O PXOM debería facer unha proposta para a Senda dos Faros, incorporando o seu trazado con carácter orientativo ata que se aprobe o plan ou plans especiais que desenvolvan esta senda, co obxecto de que o futuro desta non se vexa comprometido.

## 3. CONCLUSIÓN.

O PXOM do concello de Sada deberá adaptar o seu modelo territorial ao previsto nas Directrices de ordenación do territorio e no Plan de ordenación do litoral, canto a:

- Recollida na cartografía as áreas delimitadas no modelo territorial do POL, nomeadamente os corredores e o espazo de interese de Punta de San Mamede, ou no seu defecto xustificación da súa redelimitación de acordo cos artigos 14, 15 e 39.

- Establecemento dun réxime de usos compatible co previsto no POL para os ámbitos de corredor ecolóxico.
- Establecemento dun réxime de usos compatible cos valores paisaxísticos identificados polo POL no espazo de interese de Punta San Mamede e nos que delimite o PXOM, así como nos espazos de protección de ladeira do concello recollidos no POL.
- Revisión do tratamento do solo de núcleo rural na área de mellora ambiental e paisaxística da contorna de Carnoedo e Veigue, evitando a ocupación de zonas vacantes mediante actuacións integrais que non supoñan o completamento das tramas existentes.
- Delimitación da área de recualificación da Praia de San Pedro e elaboración dun diagnóstico e fixación de obxectivos concretos para ela, previndo a realización dun estudo de impacto e integración paisaxística.
- Se o PXOM non inclúe a ordenación detallada dos ámbitos de desenvolvemento, debe concretar os criterios específicos aplicables recollidos nos artigos 60, 61, 64, 67, 70 da normativa do POL e facelos constar nas súas fichas correspondentes.
- Delimitación e regulación do núcleo de identidade do litoral de Sada en virtude do disposto no artigo 69.1 da normativa do POL, establecendo unha estratexia para a súa conservación, potenciación e, en xeral, a aplicación dos principios que se sinalan no artigo 42 da mesma normativa para estes núcleos. Suxírese a elaboración dunha ficha que recolla estas determinacións.
- Identificación e cualificación das praias do concello, así como estudo da demanda de aparcamento nas rurais e periurbanas, de conformidade cos artigos 82 a 91 do POL.
- Incorporación da traza orientativa da Senda dos Faros.

Este informe emítese de conformidade cos artigos 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia; e cos artigos 6 e 14 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, en relación co artigo 45.2 da LOUG.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2012

A SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

M<sup>a</sup> Encarnación Rivas Díaz







CONCELLO DE  
**SADA**



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

# INFORME

## DA SECRETARIA XERAL DE TERRITORIO E URBANISMO

### EN MATERIA DE COSTAS

22/06/2012 09:59  
22. Jun. 2012 9:48

Nº 0122 P. 1



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

**galicia**

**FAX**

**Número:** 981 621 274

**Data:** 22 de xuño de 2012

**Dirixido a:** Concello de Sada

**Á atención de:** Alcaldía

**De:** Servizo de Autorizacións e Informes Sectoriais (Fax: 981 54 43 43)

**Nº de páxinas:** 5 (incluída esta)

Adiántolle informe previo á aprobación inicial do PXOM de Sada, que foi emitido en materia de costas pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

SAIS-A-AC-12/087  
SADA (AC)  
PXOM (Doc. marzo 2012)  
Informe art. 117.1 LC  
ER: MONTEOLIVA ARQUITEC. S.L.  
Páxina 1 de 4

**ASUNTO:** **INFORME EN MATERIA DE COSTAS PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DO  
PXOM DE SADA (art. 117.1 LC)**

**PROMOTOR:** **CONCELLO DE SADA**

O Concello de Sada remite á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio, documentación do asunto para o seu informe previo á aprobación inicial, de conformidade co artigo 85.1 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O presente informe ten por obxecto a análise do documento no que se refire á súa compatibilidade coa normativa de costas, tendo en conta que en virtude do disposto no artigo 117.1 da Lei 22/1988, de Costas, corresponde á Comunidade Autónoma informar, previamente a súa aprobación inicial, todo instrumento de planeamento territorial e urbanístico que ordene o litoral.

Corresponde á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a competencia para emitir o informe, de conformidade co disposto no artigo 10.1.m) do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en relación co artigo 24.2.b) do Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo - terrestre.

Logo de examinar o exemplar do PXOM, datado no mes de marzo de 2012 e, unha vez vista a proposta de informe da subdirección xeral de Ordenación do Territorio, emítese o seguinte informe:

#### **A. DESLINDE DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE.**

A.1. O dominio público marítimo terrestre no termo municipal de Sada atópase deslindado polas OO.MM. de 20/05/2002 (entre o límite co termo municipal de Bergondo e o Río Maior) e de 21/04/2006 (desde punta Fontán ata o límite co termo municipal de Oleiros). Non obstante, pola OM de 22/05/2009, estimouse parcialmente o recurso de reposición interposto contra a última delas, de xeito que no correspondente tramo estarase ao plano nº 3-6 a escala 1:1000, datado en febreiro de 2009.

A.2. Represéntanse o DPMT e a ribeira do mar, así como a súa servidume de protección, nos planos de ordenación. Tocante á súa correcta representación, estarase ao informe da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar (Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente).

No entanto, cabe indicar que nesa representación non se recolle a definida polo plano nº 3-6 antedito (OM de 22/05/2009).



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
 Secretaría Xeral de  
 Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
 15781 Sanlago de Compostela

galicia

SAIS-A-AC-12/087  
 SADA (AC)  
 PKOM (Doc. marzo 2012)  
 Informe art. 117.1 LC  
 ER: MONTEOLIVA ARQUITEC. S.L.  
 Páxina 2 de 4

## **B. NORMATIVA URBANÍSTICA**

### **B.1. PROTECCIÓN E LEXISLACIÓN SOBRE COSTAS (ANEXO III.B)**

B.1.1 Neste Anexo específico sobre costas, cómpre precisar algúns aspectos derivados da normativa sectorial citada (Lei 22/1988, de Costas e o seu Regulamento, aprobado polo RD 1471/1989, de 1 de decembro).

Nos catro últimos parágrafos do texto, faise concreta referencia á afección da normativa costeira no solo urbano e no solo de núcleo rural. No entanto, é importante precisar que o ámbito de aplicación da normativa costeira abrangue o DPMT e as súas servidumes de tránsito e protección, así como a zona de influencia, independentemente da clasificación do solo. Deste xeito de facer un anexo relativo ás particularidades da lexislación costeira sobre a normativa, incluírase:

- Nos terreos abranguidos no DPMT, estarase en todo caso ao disposto no Título III da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias, correspondendo á Administración do Estado o outorgamento dos títulos que habiliten para a súa ocupación ou utilización, de conformidade coa dita normativa.
- Nos terreos abranguidos na zona de servidume de tránsito (6 m desde o límite interior da ribeira do mar) estarase en todo caso ó disposto no Título II da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias. Nomeadamente, cómpre remitir ao artigo 27 da Lei de Costas.
- Nos terreos abranguidos na zona de servidume de protección (cuxa extensión ven determinada nos planos dos deslindes oficiais) estarase en todo caso ó disposto no Título II da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias. Nomeadamente, cómpre remitir aos artigos 24 a 26 da Lei de Costas, así como as DT 3ª e 4ª da Lei de Costas e 9ª e do 13º do seu Regulamento.

Noutro caso, cumpriría introducir en cadanseu apartado da normativa, relativo ás clases de solo con incidencia no ámbito costeiro, esta mesma información ou outra equivalente.

### **B.2. SISTEMAS XERAIS E LOCAIS (TÍTULO II)**

B.2.1. No artigo 2.1.2 "Regulación do sistema portuario", as condicións de uso deben referirse á vixente normativa estatal de portos (TR da Lei de portos do Estado e da maríña mercante, aprobado polo RDL 2/2011, de 5 de setembro) de aplicación supletoria nesta Comunidade Autónoma, a teor do disposto no artigo 4.1 da Lei 5/1994, de creación do ente público Portos de Galicia.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

SAIS-A-AC-12/087  
SADA (AC)  
PXOM (Doc. marzo 2012)  
Informe art.117.1 LC  
ER: MONTEOLIVA ARQUITECT. S.L.  
Páxina 3 de 4

### **B.3. SOLO URBANO E SOLO DE NÚCLEO RURAL (TÍTULOS VI-VII)**

B.3.1. Tendo en conta a incidencia das clases de solo urbano e de núcleo rural na servidume de protección, parece oportuno advertir que resultan de aplicación, en todo caso, as maiores limitacións derivadas da normativa sectorial de costas (tal e como se concretará no Anexo III.B).

### **B.4. SOLO RÚSTICO (TÍTULO VIII)**

B.4.1. Determinados terreos coa categoría de solo rústico de protección forestal, de protección agropecuaria e de protección das augas, inciden na zona de servidume de protección, sen que nos artigos correspondentes se faga referencia á normativa sectorial de costas. Non obstante, estes terreos figuran tamén coa categoría de solo rústico de protección de costas, en cuxo artigo 8.2.7. figura un apartado 6 "interpretación da norma no contexto da lexislación sectorial" que advirte das maiores limitacións que se poidan derivar da lexislación sectorial.

### **B.5. SOLO URBANIZABLE (TÍTULO IX)**

B.4.1. Delimitanse ámbitos de solo urbanizable, abranguidos nos primeiros 500 m da ribeira do mar (zona de influencia), cuxa ordenación é remitida a planes parciais. Deberá xustificarse, polo tanto, o cumprimento do requisito sinalado na letra b) dos artigos 30 da lei de costas e 58 do seu Regulamento, cara a evitar a formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes. Doutra banda, na tramitación deste planeamento de desenvolvemento deberán solicitarse igualmente os informes preceptivos relacionados no artigo 117 da Lei de Costas.

### **C. PLANOS**

C.1. Detéctanse zonas nas que se clasifica solo rústico de protección de costas máis aló da liña equidistante a 200 m do límite interior da ribeira do mar. Este erro supón unha incorrecta clasificación do solo rústico de protección de costas, en relación coa definición contida no artigo 32.2.e) da LOUG.

C.2. Canto á delimitación dos solos urbanizables, os sectores R1 e R3 inciden parcialmente nos 500 m. dende o límite interior da ribeira do mar, namentres que o sector R2 queda abranguido totalmente nesa franxa. En relación con eles, haberase de aportar a xustificación do cumprimento das disposicións recollidas no artigo 30 da Lei de Costas e 58 do seu Regulamento para a zona de influencia (relativas á edificabilidade e á non formación de pantallas arquitectónicas). Ou ben, tratándose de incidencia parcial, poderá remitirse a dita xustificación ao planeamento de desenvolvemento, a informar posteriormente de acordo co artigo 117 da Lei de Costas.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de  
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caelano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

galicia

SAIS-A-AC-12/087  
SADA (AC)  
PXOM (Doc. marzo 2012)  
Informe art. 117.1 LC  
ER: MONTEOLIVA ARQUITECT. S.L.  
Páxina 4 de 4

C.3. Delimitanse ámbitos de solo urbano non consolidado, abranguidos nos primeiros 500 m da ribeira do mar (zona de influencia), cuxa ordenación é remitida a plans especiais de reforma interior.

Neste sentido, no caso de tratarse de solos non urbanizables á entrada en vigor da Lei de Costas, cómpre xustificar na ficha, as determinacións para a zona de influencia (art. 30 LC e 58 do RC), en virtude do DT 7º.1 do Regulamento de Costas.

Doutra banda, na tramitación deste planeamento de desenvolvemento deberán solicitarse igualmente os informes preceptivos en materia de costas (art. 117 LC).

C.4. No caso de que se delimiten núcleos rurais que plantean crecementos cara á ribeira do mar; (ex: A Pedreira), débese acreditar o cumprimento do artigo 13, en relación co 32.2.e da LOUG.

C.5. En relación cos espazos portuarios, non consta no plan acreditación da correspondencia do límite do SX portuario coa zona de servizo do porto. Neste sentido, considérase oportuno que o Ente Público Portos de Galicia informe sobre o particular, logo da aprobación inicial do presente documento.

#### D. REDE DE SANEAMENTO

D.1. Canto á infraestrutura de saneamento e recollida de pluviais (Memoria, punto 4.2.) non se recollen previsións de novas actuacións. Non obstante, calquera actuación que sexa formulada haberá de estar ó disposto no artigo 44.6 da Lei 22/1988, de Costas e 95 do seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2012

SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO



*Encarnación Rivas Díaz*  
Encarnación Rivas Díaz



CONCELLO DE  
**SADA**



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

# INFORMES SECTORIAIS

ADMINISTRACIÓN DO ESTADO										
MINISTERIO	ORGANISMO	1º INFORME			2º INFORME			3º INFORME		
		FASE	DATA	RESULTADO	FASE	DATA	RESULTADO	FASE	DATA	RESULTADO
Mº DE FOMENTO	DIRECCIÓN GENERAL DE AVIACIÓN CIVIL	DPI	01/03/12	DESFAVORABLE	DPP	26/08/14	FAVORABLE CON OBSERVACIÓNS			
	DEMARCAÇÃO DE CARRETERAS DEL ESTADO EN GALICIA	DPI	24/02/12	DESFAVORABLE	DAI	01/03/13	FAVORABLE			
Mº DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE	DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR	DPI	28/02/12	DESFAVORABLE	DPP	29/07/14	DESFAVORABLE	DPP	26/11/14	FAVORABLE CON OBSERVACIÓN
Mº DE INDUSTRIA, ENERGÍA Y TURISMO	DIRECCIÓN GENERAL DE POLÍTICA ENERGÉTICA Y MINAS	DAI	08/03/13	OBSERVACIÓNS						
	SUBDIRECCIÓN GENERAL DE REDES Y OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES	DAI	13/02/13							

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA										
CONSELLERÍA	ORGANISMO	1º INFORME			2º INFORME			3º INFORME		
		FASE	DATA	RESULTADO	FASE	DATA	RESULTADO	FASE	DATA	RESULTADO
Na documentación propón como obxectivo o aumento da capacidade de almacenamento de auga mediata a construción de novos depósitos.

Nos instrumentos de desenvolvemento do PXOM será preciso contar no caso de propoñer conectar coa rede municipal do concello co informe da empresa xestora dos servizos municipais indicando que a capacidade das redes é suficiente para asumir os novos caudais xerados de acordo co establecido no artigo 64.h da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación e Protección do Medio Rural de Galicia. Se para garantir o abastecemento son precisos novos puntos de captación, tramitárase a correspondente concesión de augas ou uso privativo por disposición legal ante Augas de Galicia, de acordo cos artigos 54 e 59 do TRLA. No caso de que se propoña unha nova captación dun curso fluvial deberase garantir en todo momento o seu caudal ecolóxico.

O PHGC establece nos artigos 20, 21, 24, 25 e 26 da Normativa do PHGC, as dotacións máximas segundo os usos da auga que se deberán estar recollidas no presente PXOM e ser tidas en conta para os seus instrumentos de desenvolvemento.

En todo caso respectaranse as distancias mínimas entre puntos de captación establecidas no artigo 22 do PHGC.

Recórdase en todo caso, que calquera aproveitamento de augas requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, segundo o establecido nos artigos 54 e 59 do TRLA.

## Saneamento

Segundo a documentación aportada, o concello de Sada conta con rede de saneamento municipal na maior parte do municipal.

Consultadas as bases de datos das que dispón este organismo, e salvo erro ou omisión, o concello de Sada conta cos seguintes expedientes de autorizacións de vertido.

Clave	Denominación	Estado
DH.V36.12607	EDAR de Veigue. Colectores xerais e EDAR	Tramitación
DH.V36.19333	EDAR de Sada. Porto de Sada	Tramitación

Para as obras a realizar en materia de saneamento, desde este organismo recoméndase a aplicación das Instrucións Técnicas de Obras Hidráulicas de Galicia, que se poden consultar na páxina web de Augas de Galicia.

O resto dos núcleos do concello non contan con rede de saneamento e contan con fosas sépticas. Recórdase que as fosas sépticas deben ser estancas. No caso de non selo e producir afeccións á rede fluvial deberán solicitar autorización de vertido a Augas de Galicia.

Nos instrumentos de desenvolvemento do PXOM será preciso contar no caso de propoñer conectar coa rede municipal do concello co informe da empresa xestora dos servizos municipais indicando que a capacidade das redes é suficiente para asumir os novos caudais xerados de acordo co establecido no artigo 64.h da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación e Protección do Medio Rural de Galicia.

Convén lembrar en todo caso, que calquera vertido a un cauce fluvial requerirá a preceptiva autorización de vertido deste organismo de conca, en virtude do establecido no artigo 245 do RDPH.

No artigo 306 da normativa recóllese que a distancia mínima a establecer entre unha fosa unha fosa séptica e un pozo de auga será de 20 m. Este criterio considerase adecuado posto que é o establecido no artigo 22.4 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa.

### Outras consideracións

Destacar que calquera instrumento de planeamento derivado deste Plan Xeral de Ordenación deberá ser informado por este organismo de conca e calquera actuación en Dominio Público Hidráulico, zona de servidume e policía requirirá autorización seguindo a lexislación sectorial de augas.

### Conclusión

Vista a documentación aportada, infórmase **favorablemente** o "Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Sada", sempre que se cumpran as prescricións feitas no presente informe.

Santiago de Compostela, 06 de febreiro de 2015

O xefe da Área de Autorizacións  
e Concesións



Víctor Manuel Gómez Traba




O subdirector xeral de Xestión  
do Dominio Público Hidráulico



Roberto Arias Sánchez




AXENCIA GALEGA DE  
INFRAESTRUTURAS




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



Edificio Administrativo San Caetano  
15791 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 544 564



**CONCELLO DE SADA**  
A/A. Sr. Alcalde-Presidente  
Avda. da Marina, 25  
15160 Sada  
A Coruña



Jmg/Pvp

Áchegase informe da Axencia Galega de Infraestruturas relativo ao “PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SADA (AC)”.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2012

**O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS**



\_\_\_\_\_  
José Manuel Guerra Janeiro

**INFORME DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS Ó PLAN XERAL DE  
ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SADA (AC)**

O presente informe emítese ó amparo do indicado nos artigos 85 e 86 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas posteriores modificacións, así como no artigo 15 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, e demais lexislación relacionada, sendo os datos básicos do documento presentado os seguintes:

Documento: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SADA  
Promotor: CONCELLO DE SADA  
Redactor: Monteoliva Arquitectura.  
Estradas autonómicas afectadas

Código	Denominación	Categoría	Lonx. afectada (Km)
VG-1.3	Sada-A6	V.A.C. Autonómica	
AC-526	VG-1.3-Porto de Lorbé	V.A.C. Autonómica	
AC-162	Sada(AC-163)-Bergondo(AC-164)	Rede Primaria Compl	0,960
AC-163	Sada (AC-162)-Mera (AC-173)	Rede Primaria Compl	7,060
AC-182	Espíritu Santo (N-VI)-Oleiros	Rede Secundaria	2,590
AC-183	Sada (AC-162)-Arillo (AC-173)	Rede Secundaria	5,260

A vista da documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal presentada, así como dos datos referentes ás estradas afectadas, emítese o seguinte informe:

**1.- DOCUMENTACIÓN E CUALIFICACIÓN DAS ESTRADAS:**

Segundo os datos deste departamento o tramo de estrada municipal e o de estrada da Deputación da Coruña EP-5812, que figuran no plano de información de rede viaria, entre o pazo de Meirá, pertencen á estrada AC-183.

**2.- SOLO RÚSTICO:**

VG-1.3: os novos viarios creados para enlazar esta vía con outros viarios terán a consideración dunha estrada da rede primaria básica e polo tanto deberán estar clasificados como solo rústico de protección de infraestruturas canto menos na liña límite de edificación definida pola lexislación de estradas vixente, isto é, 12 m á aresta exterior da explanación. (p. Ex. Tramo de enlace coa EP-5815).

AC-526: O solo rústico vinculado a esta estrada deberá corresponderse coa liña límite de edificación definida na lexislación vixente en materia de estradas para unha vía desta categoría, é dicir, 12 m á aresta exterior da explanación.



AC-183: deberá clasificarse como solo rústico de protección de infraestructuras o tramo de estrada e a súa zona de afección non susceptible de transformación, non clasificado como de núcleo rural, entre o Pazo de Meirás e o núcleo de Piñeiro.

### 3.- SOLO DE NÚCLEO RURAL.

AC-163: A liña de recuado definida a partir da liña límite de edificación realízase a partir da cartografía base, na que a estrada autonómica conta cun ancho aproximado de 4 m, cando na realidade a estrada autonómica presenta un ancho mínimo de calzada a día de hoxe de 6 m, o cal deberá corrixirse.

As aliñacións terán un ancho xenérico, salvo existencia de edificacións tradicionais ou frontes consolidados de 16 m.

Nos núcleos de Chan da Aldea, a Fraga ou Carnoedo prodúcense estreitamentos, que chegan a reducir as aliñación ata os 9 m sen que existan edificacións tradicionais nin frontes consolidados pola edificación.

AC-183: No ámbito do CEIP Barrié de la Maza, ó igual que no resto do núcleo rural, deberán fixarse as correspondentes aliñacións coa estrada autonómica.

No entronque da estrada AC-183 coa estrada EP-7504 deberán ampliarse as aliñacións previstas nesta última, de maneira que se poida executar un enlace de maior capacidade.

En coherencia co indicado no punto 1 deste informe, deberá fixarse a liña de recuado da edificación coincidente coa liña límite de edificación no tramo de estrada autonómica que discorre a través do núcleo de Piñeiro (que no plano de información urbanística da rede viaria aparece identificado como estrada municipal).

Por último, existe unha pequena franxa do núcleo de Pé do Muíño no que este recuado tampouco aparece representado.

Detectouse unha contradición entre o plano de estrutura xeral no contorno del CEIP Pedro Barrié de la Maza, no que unha parcela aparece clasificada como solo rústico de protección ordinaria e cualificada como rede viaria, e o plano de zonificación no que a mesma parcela aparece cualificada como solo de núcleo rural común.

AC-182: Nos núcleos de Mandín e Alborelle existen certos estreitamentos das aliñacións por debaixo dos 12 m sen que existan frontes consolidados ou construcións ou peches tradicionais, motivo polo cal non se atopa xustificado este estreitamento.

Outras cuestións: Indicarase nas condicións de desenvolvemento dos Plans Especiais de Carnoedo e Veigue que se minimizarán os novos accesos á estrada autonómica, concentrándoos na medida do posible nos xa existentes, que se deberán mellorar.

Para as actuacións integrais non incluídas nos dous plans especiais antes mencionados indicarase que para os que linden con estradas autonómicas será preceptivo o informe do órgano competente en materia de estradas, que poderá impor condicións ós accesos a estas, podendo obrigar a centralalos todos nun so, ou a prohibir novos accesos debendo efectuarse estes a través dos xa existentes.

#### 4. SOLO URBANO.

Área de Reparto AR-D1.1: Imporase como condición para o desenvolvemento a imposibilidade de prever xiros á esquerda nos novos accesos que se creen en tanto non se reorganice o tráfico da travesía. Por outra banda a apertura de novos viarios á estrada autonómica quedará condicionada ó informe que ó respecto emita o órgano autónomo competente en materia de estradas.

A aliñación prevista no grupo de vivendas "Comunidad Virgen del Carmen", produce un estreitamento na estrada ata os 12 m o que se considera inadmisíble. Nesta zona deberá preverse as aliñacións co maior ancho posible respectando as vivendas existentes.

Na "Avenida de Sada y sus contornos" plantéxanse ata seis ámbitos de solo urbano non consolidado AR-D1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7 e 1.8 con accesos directos á estrada AC-163. Para todos estes ámbitos imporase a condición de minimizar os accesos á estrada autonómica quedando estes condicionados ó informe que emita o órgano autónomo competente en materia de estradas, en función das circunstancias que nese momento concorran na travesía.

Por outra banda, para o resto do solo urbano consolidado da zona, na "Avenida de Sada y sus contornos", nas zonas non consolidadas pola edificación, non se admitirán aliñacións cun ancho total inferior a 16 m.

Na rúa República Arxentina, AC-192 o PXOM indica un saínte na aliñación que non se corresponde con ningunha edificación.

#### 5.- SOLO URBANIZABLE.

Existen contradicións entre os planos de estrutura xeral e orgánica do territorio e os planos de zonificación ó respecto do solo urbanizable industrial do Espírito Santo,





tanto en forma e dimensión como en ubicación. Deberá aclararse este extremo, canto menos na zona lindante coa estrada AC-182. Por outra banda, no referente á estrada autonómica, imporase nas condicións de desenvolvemento do ámbito a obriga de realizar un único enlace co estrada AC-182 que cumpra coas condicións vixentes en materia de enlaces.

## 6.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO

Menciónanse as actuacións a asumir pola administración autonómica das que se descoñece o grao de compromiso:

SXV-6, SXV-7, SXV-8 e SXV-9

Visto o que antecede procede informar o documento presentado **desfavorablemente**, debendo subsanarse as deficiencias detectadas e remitir novamente o expediente a esta Axencia Galega de Infraestruturas para a emisión de novo informe.

En canto a solicitude de remisión da documentación relativa á "servidume acústica da Vía Ártabra", aínda se están executando as obras, e en canto se teña a ubicación e características definitivas das pantallas acústicas, remitirase a información solicitada.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, a 8 de maio de 2012

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e  
Portos

José Manuel Guerra Janeiro

VºBº

O Xefe de Servizo de Planificación e  
Programación

Carlos Lefler Gullón

Conforme


O Xefe da Área de Planificación e  
Programación

Héctor Presas Veiga

A Directora da Axencia Galega de  
Infraestruturas



Ethel Vázquez Mourelle



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

## INFORME TÉCNICO

### SOBRE OS CAMBIOS INTRODUCIDOS AO DOCUMENTO DE PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA EN VIRTUDE DO INFORME DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Con carácter previo á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada, o Concello remitiu un exemplar do Documento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Axencia Galega de Infraestruturas) en virtude do disposto no artigo 85.3 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e na lexislación sectorial de estradas.

O día 8 de maio de 2012 a Axencia Galega de Infraestruturas emite informe desfavorable ao documento previo, indicando unha serie de observacións e correccións que compre introducir no documento definitivo.

En sesión realizada o 21 de decembro de 2012, o Concello Pleno acordou aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada.

O presente Informe expresa as correccións feitas ao documento co obxectivo de facilitar á citada Axencia a comprobación das mesmas e mesmo dar conta no proceso de avaliación ambiental estratéxica das enmendas introducidas.

#### SOBRE O INVENTARIO E CUALIFICACIÓN DAS ESTRADAS

Procedeuse a corrixir o erro detectado en relación ao recoñecemento da estrada AC-183 na zona de Piñeiro-Meiras. Plano de Información do Medio Físico IM-10 "Rede Viaria".

#### SOBRE OS ASPECTOS LEGAIS


Procedeuse a adaptar o documento do PXOM á nova lei de estradas (lei 8/2013). É por elo que todas as observacións realizadas no informe da AXI en relación ás distancias entre aliñacións, liña límite de edificación, solo rústico, etc, foron incorporadas ao documento, mais, adaptando o seu contido ás novas determinacións contidas na lei de estradas.

Faise mención da nova lexislación de estradas no documento da Normativa e mesmo no Anexo III á Normativa, onde recóllese un apartado específico dedicado á lexislación sectorial de estradas e determinacións específicas en relación á ordenación urbanística nas zonas de contacto coas estradas.

#### SOBRE O SOLO RUSTICO

O solo rústico represéntase nos planos de Estrutura Xeral a escala 1/5.000

Atribúese a categoría de solo rústico de protección de infraestruturas aos terreos rústicos (non susceptibles de transformación) entorno ás estradas



**MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.**

nunha banda que acada ata a liña límite de edificación definida na lei de estradas, 15 m dende a aresta exterior da calzada.

Consonte ao expresado no informe, considérase estrada convencional os novos viarios creados para enlazar a VG-1.3 coas estradas convencionais.

### **SOBRE O SOLO DE NUCLEO RURAL**

A ordenación detallada dos núcleos rurais reflíctese na colección de planos de Ordenación Detallada a escala 1/2.000.

A proposta de aliñacións e recuamentos da edificación ten en consideración as observacións realizadas no informe, garantindo un largo mínimo entre aliñacións de 16 m, a excepción de frontes consolidados e construcións tradicionais, onde a medida xenérica redúcese recollendo en ordenación as preexistencias.

Así mesmo, a liña de recuamento propónse, a priori, coincidente coa liña límite de edificación definida na lei de estradas, mais redúcese en virtude das construción existentes co fin de recoller en ordenación a meirande parte das vivendas xa existentes.

### **SOBRE O SOLO URBANO**

Recóllense as observacións sobre aliñacións en solo urbano nas estradas AC-163 e AC-192.

Recóllense as observacións sobre accesos restrinxidos nas áreas de reparto en contacto coas estradas autonómicas.

### **SOBRE O SOLO URBANIZABLE**

Recóllese a observación de realizar un único acceso ao sector industrial dende a estrada autonómica AC-182.

### **ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN**

Corríxese a Estrategia de Actuación no senso de non atribuír custo económico á Consellería de Medio Ambiente das actuacións previstas no PXOM que non sexan concertadas



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Caetano

15781 Santiago de Compostela

Tel.: 981 544 564 Fax.: 981 544 543

Correo-e: [cmati.infraestructuras@xunta.es](mailto:cmati.infraestructuras@xunta.es)



**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 26/05/2014 10:34:25

SAÍDA 61239 / RX 560501



SR. ALCALDE-PRESIDENTE

Avda. da Mariña, 25

15160 SADA (AC)

Ass/Bvfc

Achégase informe da Axencia Galega de Infraestruturas relativo ó **"PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA (AC)".** (803)

Santiago de Compostela, 26 de xuño 2014

A Xefa de Sección de Planificación e Programación,

Agueda Silva Seoane







## **INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA**

**Asunto:** Solicitud de información en relación ao "Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada"

**Promotor:** Concello de Sada

**Equipo Redactor:** Monteoliva arquitectura.S.L.P.


O Concello de Sada remitiu, o 24 de marzo de 2014, o documento para aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal á Axencia Galega de Infraestruturas para o seu informe sectorial con respecto á afección á Rede de Estradas Autonómicas de Galicia, segundo o requirido no artigo 85.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e no artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Examinada a documentación presentada, faise constar por este departamento que para obter informe favorable deberán subsanarse as seguintes cuestións:

1. **INCIDENCIA SOBRE ACTUACIÓNS PREVISTAS:** Débense realizar os axustes necesarios para facilitar a compatibilización do planeamento municipal proposto co novo trazado viario previsto para a actuación do vial Oleiros (VG-1.3) – Sada (Porto de Sada) que actualmente conta cun estudo aprobado provisionalmente, e ven previsto no Plan se Sectorial da Rede Viaria de A Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo como plan sectorial de incidencia supramunicipal a los efectos previstos en la Ley 10/1995, de 23 de noviembre, de ordenación del territorio de Galicia, aprobado polo Concello da Xunta de Galicia con data 9 de setembro de 2004.

Isto supón:

- Na traza, así como nas interseccións do futuro viario, coas estradas autonómicas (AC-183, AC-163), e coas estradas provinciais (DP-7509, DP-7506), deberase de prever no planeamento urbanístico, unhas aliñacións de viario suficientes para unha reserva de terreo da infraestruturas tal que permita levar a cabo a futura actuación. Así mesmo, poderase realizar esta reserva, mediante a clasificación do terreo como rústico de protección de infraestruturas.
- A intersección do futuro viario Oleiros VG-1.3 – Sada (Porto de Sada) coa estrada AC-183, no núcleo de A Granxa, se executará a través dunha glorieta, localizándose nunha zona clasificada como núcleo rural común, polo que deberase prever un terreo entre a aliñación de viario suficiente, para execución da intersección.
- Na estrada AC-183, no tramo que enlaza o núcleo urbano de Sada, coa futura conexión do viario Oleiros VG-1.3 – Sada (Porto de Sada), e dado que unha vez construída a infraestruturas, este tramo será un dos principais viarios de acceso o núcleo de poboación, considérase necesario a súa maior protección, polo que





aumentaranse a distancia **entre** aliñacións a un mínimo de 20 metros, así como aumentar a distancia **entre a** aliñación de edificación e o eixo da calzada, que será cando menos a especificada no artigo 41 da lei 8/2013, coas excepcións anteriormente citadas.

Neste tramo de estrada, limitaranse os crecementos urbanísticos lineais o longo da estrada.

2. SOLO URBANO: Se produce un estreitamento de ata 12 m no grupo de vivendas "Comunidad Virgen del Camino". Nesta zona, deberase de prever as aliñacións co maior ancho posible.
3. NÚCLEO RURAL: É preciso aumentar algunhas das distancias entre a estrada e as aliñacións de edificación, nas marxes das estradas autonómicas que discorren por solo de núcleo rural, dado que non respectan as distancias mínimas que a Axencia Galega de Infraestruturas considera compatibles coa necesaria protección do dominio público.

Unha vez realizados os cambios necesarios para dar cumprimento ao recollido neste informe, o documento do instrumento de planeamento urbanístico municipal deberá ser sometido de novo ó informe desta Axencia Galega de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2014

O xefe da Área  
de Planificación e Programación

  
Héctor Presas Veiga





**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

Edificio Administrativo San Caetano 15781  
Santiago de Compostela

Tel.: 981 544 564 Fax.: 981 544 543

Correo-e: [cmati.infraestructuras@xunta.es](mailto:cmati.infraestructuras@xunta.es)



SR. ALCALDE-PRESIDENTE

CONCELLO DE SADA

Avda. da Marina, 25

15160 Sada


A Coruña

Ass/pvp

Detectado erro no informe sectorial remitido a ese concello con data 3 de agosto de 2014, onde se indicaba que se emitía informe sectorial ao documento previo para a aprobación inicial do planeamento urbanístico do citado concello, sendo o informe para a aprobación provisional, remítese o devandito documento coa corrección indicada, substituindo este ao anterior.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2014

A xefa de Sección de Planificación e Programación



Agueda Silva Seoane





## INFORME

**Concello:** Sada.

**Expediente:** Informe sectorial con respecto á afección do Plan Xeral de Ordenación Municipal sobre a Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

## ANTECEDENTES

O Concello de Sada remitiu, o 10 de xullo de 2014, o documento previo para a aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal á Axencia Galega de Infraestruturas para o seu informe sectorial con respecto á afección á Rede de Estradas Autonómicas de Galicia, segundo o requirido no artigo 85.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e no artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Simultaneamente, este informe poderá servir de base para, no caso de que o proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal chegue a entrar en vigor, o recoñecemento como treitos urbanos, ó abeiro do artigo 7 da antedita Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, de todos ou algúns dos terreos clasificados como solo de núcleo rural que se sitúen nas marxes da Rede Autonómica de Estradas de Galicia ó seu paso por ese concello.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Regulamento Xeral de Estradas, aprobado por Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro.

## ESTRADAS AFECTADAS

As estrada autonómicas que discorren polo termo municipal ó que se refire este informe son as que se amosan na seguinte táboa:

Estradas autonómicas no concello					
Clave	Rede	Denominación	PK <sub>i</sub>	PK <sub>f</sub>	Lonxitude
VG-1.3	VAC	Veigue (AC-163) - Oleiros	varios	varios	m
AC-162	PC	Sada (AC-163) - Bergondo (AC-164)	0+000	0+950	950 m
AC-163	PC	Sada (AC-162) - Mera (AC-173)	0+000	7+000	7.000 m
AC-182	S	Espíritu Santo (N-VI) - Oleiros (Dep)	0+000	3+350	3.350 m
AC-183	S	Sada (AC-163) - Bergondo (AC-164)	0+000	1+880	1.880 m
Total					12.230 m





## CARTOGRAFÍA



A cartografía empregada representa de forma correcta e actualizada as diferentes estradas que discorren polo termo municipal e, en particular, as de titularidade autonómica.



A cartografía empregada representa de forma correcta e actualizada a realidade física no entorno das diferentes estradas que discorren polo termo municipal e, en particular, as de titularidade autonómica.



A cartografía empregada representa de forma correcta e actualizada os novos trazados viarios que se atopan, e, en particular, os de competencia autonómica.



Nos planos de ordenación, represéntanse de xeito diferenciado as edificacións de carácter tradicional.

## INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Sobre o planeamento urbanístico rexen os seguintes instrumentos de ordenación territorial xeral e sectorial en materia de estradas:

- Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, aprobadas definitivamente polo Decreto 19/2011, de 10 de febreiro.



Non se aprecian diverxencias nin desviacións substanciais, no que ó sistema viario se refire, entre o planeamento urbanístico proposto e as determinacións dos anteditos instrumentos de ordenación territorial.

## ANTECEDENTES DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL

O instrumento de planeamento urbanístico de ámbito municipal vixente no concello de Sada é Son as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal aprobadas definitivamente o 10 de xaneiro de 1977. Atópanse as N.S.P. afectadas polo Decreto 29/2006 do 16 de febreiro (DOG 23/02/2006) polo que se suspende a vixencia das N.S.P de Sada e apróbanse a Ordenación Urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

Dito Decreto foi modificado polo Decreto 193/2008 do 28 de agosto (DOG 08/09/2008).



## INCIDENCIA SOBRE ACTUACIÓNS PREVISTAS



O planeamento municipal proposto é compatible cos novos trazados viarios en estudo ou proxecto.

**Así mesmo, a Axencia Galega de Infraestruturas está a tramitar o estudo informativo do acceso ó Porto Sada – Fontán, polo que a seu trazado definitivo queda pendente da súa aprobación definitiva.**

## PLANOS DE INFORMACIÓN



Os planos de información que forman parte do instrumento de planeamento proposto inclúen un da rede viaria.



O plano da rede viaria indica as estradas existentes e planificadas, diferenciando as de titularidade estatal, autonómica, municipal e local.



O plano da rede viaria indica a codificación e denominación correcta das estradas existentes e planificadas, diferenciando as clases de estradas e as redes ás que pertencen.

## ANÁLISE DA REDE VIARIA PROPOSTA



Na documentación que acompaña ó instrumento de planeamento proposto realízase unha análise da rede viaria proposta, que se considera adecuado e suficientemente xustificado.

## SOLO URBANO

### Planos de ordenación

Compróbase que nos planos de ordenación, no que se refire ó solo urbano, son correctos os seguintes aspectos:



- Representase graficamente a aliñación de viario.



- Acoutase axeitadamente a aliñación de viario.





- Indícase na lenda a aliñación de viario.
- ☐ - Representábase graficamente a aliñación de edificación, nos casos en que non coincide coa aliñación de viario.
- ☐ - Acoutase axeitadamente a aliñación de edificación, nos casos en que non coincide coa aliñación de viario.
- ☐ - Indícase na lenda a aliñación de edificación.

### Ordenanzas urbanísticas

Compróbase que nas ordenanzas urbanísticas, no que se refire ó solo urbano, indícanse correctamente:

- ☐ - Os recuados de edificación, por referencia á súa representación gráfica.
- ☐ - As condicións de posición dos peches, por referencia á súa representación gráfica.
- ☐ - A prohibición de parcelacións de fincas que impliquen a apertura de novos accesos ás estradas autonómicas.
- ☐ - A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, de obter autorización de acceso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada, agás cando se dispoña de acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

### Extensión do solo urbano

A extensión dos ámbitos de solo urbano lindeiros coas estrada autonómicas considérase axeitado, tendo en conta os antecedentes do planeamento municipal actualmente vixentes, a normativa urbanística e a protección do dominio público viario.

O entronque das novas rúas propostas é coherente co indicado na normativa en materia de accesos.

### Aliñacións de viario

As distancias entre aliñacións de viario, nas marxes das estradas autonómicas que discorren por solo urbano, respectan as distancias mínimas que a Axencia Galega de Infraestruturas considera compatibles coa necesaria protección do dominio público.



### Aliñacións de edificación



As distancias entre aliñacións de edificación establécense, polo xeral, acoutándoas directamente.



As distancias entre a estrada e as aliñacións de edificación, nas marxes das estradas autonómicas que discorren por solo urbano, respectan as distancias mínimas que a Axencia Galega de Infraestruturas considera compatibles coa necesaria protección do dominio público.



Compróbase que as aliñacións de edificación sitúanse fóra da zona de dominio público viario, incluso nos casos nos que esta resulta maior que a zona delimitada polas distancias establecidas con carácter xeral.

### SOLO DE NÚCLEO RURAL

#### Planos de ordenación

Aliñación do viario.

Compróbase que nos planos de ordenación, no que se refire ó solo de núcleo rural, son correctos os seguintes aspectos:

- Acoutase axeitadamente a aliñación de viario.



- Indícase na lenda a aliñación de viario.



- Representase graficamente a aliñación de edificación, nos casos en que non coincide coa aliñación de viario.



- Acoutase axeitadamente a aliñación de edificación, nos casos en que non coincide coa aliñación de viario.



- Indícase na lenda a aliñación de edificación.

### Ordenanzas urbanísticas

Compróbase que nas ordenanzas urbanísticas, no que se refire ó solo de núcleo rural, indícanse correctamente:



- Os recuados de edificación, por referencia á súa representación gráfica.



- As condicións de posición dos peches, por referencia á súa representación gráfica.



- As distintas tipoloxías de peches admisibles, segundo se sitúen en diferentes posicións con respecto á estrada.



- A prohibición de parcelacións de fincas que impliquen a apertura de novos accesos ás estradas autonómicas.



- A necesidade, como requisito previo á obtención de licencias municipais de edificación, peche ou parcelación, de obter as correspondentes autorizacións do órgano competente da administración titular da estrada, agás que este teña recoñecidos como treito urbano, ós efectos da lexislación sectorial en materia de estradas, os terreos nos que se pretendan realizar aquelas.



- A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, de obter autorización de acceso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada, agás cando se dispoña de acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

### **Extensión do solo de núcleo rural**

A extensión dos ámbitos de solo de núcleo rural lindeiros coas estradas autonómicas considérase axeitado, tendo en conta os antecedentes do planeamento municipal actualmente vixentes, a normativa urbanística e a protección do dominio público viario.

O entronque das novas rúas propostas é coherente co indicado na normativa en materia de accesos.

### **Aliñacións de viario**

As distancias entre aliñacións de viario, nas marxes das estradas autonómicas que discorren por solo de núcleo rural, respectan as distancias mínimas que a Axencia Galega de Infraestruturas considera compatibles coa necesaria protección do dominio público.

### **Aliñacións de edificación**



Compróbase que as aliñacións de edificación sitúanse fóra da zona de dominio público viario, incluso nos casos nos que esta resulta maior que a zona delimitada polas distancias establecidas con carácter xeral.



As distancias entre a estrada e as aliñacións de edificación, nas marxes das estradas autonómicas que discorren por solo de núcleo rural, respectan as distancias mínimas que a Axencia Galega de Infraestruturas considera compatibles coa necesaria protección do dominio público.



## SOLO URBANIZABLE

### Ordenanzas urbanísticas

Compróbase que nas ordenanzas urbanísticas, no que se refire ó solo urbanizable, indícanse correctamente:



- A prohibición de realizar calquera tipo de edificacións ou outras construcións, por encima ou por debaixo da rasante do terreo, entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.



- A obriga de que a posición dos peches a as distintas tipoloxías admisibles para eles sexan acordes co establecido na lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.



- A prohibición de parcelacións de fincas que impliquen a apertura de novos accesos ás estradas autonómicas.



- A necesidade, como requisito previo á obtención de licencias municipais de edificación, peche ou parcelación, de obter as correspondentes autorizacións do órgano competente da administración titular da estrada.



- A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, de obter autorización de acceso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada, agás cando se dispoña de acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

### Extensión do solo urbanizable

No entorno da Rede Autonómica de Estradas de Galicia que discorre polo concello preténdense establecer os seguintes ámbitos de solo urbanizable:

Ámbitos urbanizables nas marxes da RAEG				
Ámbito	Uso	Superficie	Estrada	
APR-PP Sector I1	Industrial	254584 m <sup>2</sup>	AC-182	



A extensión dos ámbitos de solo urbanizable previstos no instrumento de planeamento proposto permite respectar as zonas de protección da estrada e a liña límite de edificación que se prevén na lexislación autonómica de estradas.



### **Clasificación dos solos entre os ámbitos de solo urbanizable e as estradas**



Os terreos comprendidos entre a estrada e a liña límite de edificación clasifícanse como sistema xeral adscrito ó ámbito de solo urbanizable, integrándoos nel.

### **Accesos ós ámbitos de solo urbanizable**



A situación dos ámbitos de solo urbanizable propostos fai conveniente que a súa conexión co sistema xeral viario se realice a través das estradas autonómicas, como así se prevé no instrumento planeamento proposto.

### **SOLO RÚSTICO**

#### **Ordenanzas urbanísticas**

Compróbase que nas ordenanzas urbanísticas, no que se refire ó solo rústico, indícanse correctamente:



- A prohibición de realizar calquera tipo de edificacións ou outras construcións, por encima ou por debaixo da rasante do terreo, entre as estradas de titularidade autonómica e a liña límite de edificación, segundo a establece a lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.



- A obriga de que a posición dos peches a as distintas tipoloxías admisibles para eles sexan acordes co establecido na lexislación sectorial en materia de estradas autonómicas.



- A prohibición de parcelacións de fincas que impliquen a apertura de novos accesos ás estradas autonómicas.



- A necesidade, como requisito previo á obtención de licencias municipais de edificación, peche ou parcelación, de obter as correspondentes autorizacións do órgano competente da administración titular da estrada.
- A necesidade, como requisito previo á obtención de licenza municipal de edificación, de obter autorización de acceso, por parte do órgano competente da administración titular da estrada, agás cando se dispoña de acceso alternativo a través de viario doutra titularidade.

### **Clasificación do solo rústico no entorno das estradas autonómicas**





Os terreos situados entre as estradas autonómicas e a liña límite de edificación, cando non se clasifica como urbano, de núcleo rural ou urbanizable, queda clasificado como solo rústico de protección de infraestruturas.

## **NORMATIVA**



A clasificación das estradas autonómicas recollida na normativa urbanística do instrumento de planeamento municipal proposto é correcta.



A incorporación na normativa urbanística do instrumento de planeamento municipal proposto, con carácter prevalente, das determinacións da lexislación autonómica de estradas e da súa normativa de desenvolvemento, no que se refire á protección do dominio público viario, segundo a clasificación do solo, é correcta.



A incorporación na normativa urbanística do instrumento de planeamento municipal proposto das limitacións de uso derivadas do ruído provocado polas estradas autonómicas, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento, é correcta.



O resto de aspectos da normativa urbanística do instrumento de planeamento municipal proposto considéranse compatibles co mantemento da coherencia e funcionalidade da rede de estradas autonómica.

## **ESTUDO ECONÓMICO**



O estudo económico do instrumento de planeamento municipal proposto non lle encomenda á administración autonómica o financiamento de ningunha actuación en materia de estradas.

## **ANÁLISE GLOBAL DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL**



Considérase que os novos tráfico xerados polas actuacións previstas terán unha influencia limitada sobre as estradas autonómicas, no que as súas condicións de circulación e de seguridade viaria se refire.



Os novos enlaces e interseccións propostos considéranse compatibles coa capacidade da rede autonómica de estradas.



Considérase que os novos enlaces e interseccións propostos terán unha influencia limitada sobre as estradas autonómicas, no que ás súas condicións de circulación e de seguridade viaria se refire.





As reformas propostas dos enlaces ou interseccións existentes considéranse compatibles coa capacidade da rede autonómica de estradas.



Considérase que as reformas propostas dos enlaces ou interseccións existentes terán unha influencia limitada sobre as estradas autonómicas, no que as súas condicións de circulación e de seguridade viaria se refire.



Segundo todo o analizado nos apartados anteriores, considérase que a ordenación proposta na zona de influencia das estradas autonómicas é compatible, en termos globais, e coas excepcións xa indicadas nos apartados correspondentes, co establecido na lexislación autonómica en materia de estradas e na súa normativa de desenvolvemento.

### **RECOÑECIMIENTO DE NÚCLEOS RURAIS COMO TREITOS URBANOS DAS ESTRADAS**

Este informe ten validez ós efectos de recoñecer como treitos urbanos das estradas autonómicas, ós efectos da lexislación sectorial autonómica en materia de estradas, todos os terreos polos que discorren estas ou adxacentes a elas que se clasifican no instrumento de planeamento urbanístico municipal como solo de núcleo rural.

En todo caso, só no intre no que o instrumento de planeamento urbanístico municipal sometido a informe acade a súa aprobación definitiva e entre en vigor, nos terreos incluídos nas delimitacións de núcleos rurais informadas favorablemente pasará a ser de aplicación o réxime especial de protección das marxes das estradas que prevé a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia para os treitos urbanos, en substitución do réxime xeral que se establece no resto de treitos de estradas.

En consecuencia, **mentres o instrumento de planeamento urbanístico municipal sometido a informe non entre en vigor, seguirá a ser aplicable o criterio de recoñecemento de treitos urbanos establecido segundo o planeamento municipal vixente.**



## CONCLUSIÓN

Á vista de todo o que antecede, infórmase **favorablemente** con respecto á afección do **Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sada** sobre a Rede Autonómica de Estradas de Galicia, tendo en conta que o **trazado do viario de acceso ó Porto Sada – Fontán, dende a intersección coa estrada AC-163, poderá variar en función da aprobación definitiva do estudo informativo que está a tramitar a Axencia Galega de Infraestruturas, debendo quedar reflexado o trazado final no planeamento urbanístico municipal.**

Este infórmese refírese ó documento para aprobación provisional, remitido por parte do Concello o 10 de xullo de 2014.

Calquera cambio posterior, previo á súa aprobación definitiva, do instrumento de planeamento urbanístico municipal deberá ser sometido de novo ó informe da administración autonómica, incluso cando veñan derivados da información pública ou doutros informes sectoriais.

Do mesmo xeito, e ó abeiro, do artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, tamén deberán ser sometidas ó informe da administración autonómicas as modificacións do instrumento de planeamento urbanístico municipal posteriores á súa aprobación definitiva.

Débase entender como informado desfavorablemente calquera cambio posterior realizado sobre o instrumento de planeamento urbanístico sen que fose sometido a informe da administración autonómica, cando lle afecte, directa ou indirectamente, á ordenación urbanística proposta nas estradas autonómicas existentes ou planificadas.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2014

A Xefa de Sección de Planificación e  
Programación

Águeda Silva Seoane

Conforme,

O xefe da Área de Planificación e  
Programación

Héctor Presas Veiga


Aprobado,

O director da Axencia Galega de  
Infraestruturas



Francisco Iglesias Menéndez

# DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE



## **Informe do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sada**

Con data do 16/01/2013 tivo entrada nesta Dirección Xeral de Mobilidade un escrito remitido polo Concello de Sada, polo que sometía a consulta o **Plan Xeral de Ordenación Municipal** consonte co disposto no artigo 85.2 d Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e do art. 15.3 do Real Decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que foi aprobado o texto refundido da Lei de solo estatal, e o art. 10 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

En resumen, e en relación cos aspectos relativos ao sector do transporte que se conteñen no **Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sada**, desde a Dirección Xeral de Mobilidade manifestase:

1. O estudo que se fai do transporte público e do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia nos diferentes documentos do PXOM, concretamente na Información xeográfica e histórica de Sada e no Informe de Sostibilidade Ambiental, parece insuficiente e presenta algunhas incoherencias.

Ademais, a mellora ou o fomento do transporte público colectivo non figuran entre os obxectivos específicos do PXOM declarados na Memoria xustificativa, o cal non é coherente co obxectivo xeral do PXOM de desenvolvemento sostible, e pasa por alto as obrigas impostas polo Documento de Referencia, de ter en conta o PTMG e mellorar o transporte público.

Polo tanto, considérase que se debería profundar máis na avaliación da idoneidade dos servizos e das infraestruturas de transporte público para facer fronte á demanda actual e á demanda futura previsible; incluír o fomento do transporte público entre os obxectivos específicos do PXOM; e prever as actuacións pertinentes en materia das infraestruturas ou os servizos correspondentes, todo isto considerando o marco do PTMG.

2. Diagnósfase no PXOM a insuficiencia de aparcadoiros, especialmente en datas festivas e de verán, e é un dos obxectivos específicos do PXOM acadar unha maior dotación de aparcadoiros públicos. Porén, este incremento da oferta de prazas de aparcadoiro non debería realizarse en detrimento do axeitado desenvolvemento dos modos de transporte público e, en particular, do acceso aos centros de interese para os cidadáns dentro do concello. Por tales razóns, e de acordo cos principios do PXOM relacionados coa sostibilidade, deberá acreditarse que o desenvolvemento da devandita oferta de aparcadoiro público se realiza garantindo unha boa accesibilidade dos cidadáns ao sistema de transporte público



Ademais, tamén habería que contar cos aparcadoiros para as bicicletas, posto que neste PXOM se fomenta a mobilidade alternativa.

3. Créase unha Rede de Mobilidade Sostible que abrangue todo o concello, medida que parece moi acertada. Aínda así, en coherencia co obxectivo xeral de desenvolvemento sostible, e co obxectivo específico de mellora da comunicación non motorizada, que expresa o PXOM:

- a. A Rede de Mobilidade Sostible, polo seu carácter fundamental para a mobilidade de curto percorrido cotiá, debería aparecer na Memoria xustificativa, cousa que non ocorre (só menciónase no anexo 5): Considérase que se deberían tratar as infraestruturas ciclistas existentes no punto 2.2 "O sistema de dotacións e infraestruturas"; e no apartado 6.1 "Sistema xeral viario" da Memoria xustificativa, que habería que propoñer de maneira explícita actuacións no sistema viario relacionadas coa mobilidade peonil ou ciclista.

A Rede de Mobilidade Sostible está representada nos planos de zonificación (23 follas a escala 1:2000), pero non nos de estrutura xeral, onde se bota de menos, pola perspectiva de conxunto que se achegaría.

Por último, a realización da Rede de Mobilidade Sostible debería estar entre as actuacións consideradas no tomo V do PXOM, "Estratexia de actuación e estudo económico. Informe de sostibilidade económica".

- b. Habería que aproveitar a suave orografía do concello e a dispersión da poboación no rural, para fomentar a mobilidade ciclista, que ten nestas condicións unha potencialidade importante, por si soa ou de xeito intermodal co transporte público, sen prexuízo do fomento da mobilidade peonil, que tamén é moi pertinente e polo que aposta decididamente o PXOM.

Daríase así cumprimento á determinación orientativa 4.5.5 das DOT sobre a "posta en uso, en espazos rurais, da rede existente de camiños rurais así como a rede de vías aptas para ciclistas e peóns da planificación da mobilidade alternativa".

- c. Dende o PXOM poderíase propoñer que no proxecto da nova estrada cuxo Estudo Informativo xa está a ser elaborado, que unirá a Vía Ártabra dende Osedo co porto de Fontán, se inclúan vías que permitan o uso ciclista e peonil, posto que atravesa zonas poboadas con pendentes suaves. Polo menos, para mallar a Rede de Mobilidade Sostible que propón o PXOM.
- d. Sería conveniente prever o acceso ao novo centro de saúde, ao novo centro sociocultural de Meirás e, en xeral, a todos os equipamentos, en modos non motorizados, aproveitando a Rede de Mobilidade Sostible que se propón,



establecendo claramente na Normativa urbanística a obriga expresa de incluír beirarrúas e vías ciclistas no deseño das vías de acceso afectadas pola dita rede, así como aparcadoiros de bicicletas.

Os criterios técnicos de deseño de infraestruturas ciclistas pódense tomar do documento “Criterios e recomendacións de deseño e trazado de vías ciclistas” elaborado no marco do Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia.

4. Bótase de menos, na Memoria xustificativa, un obxectivo específico en materia de seguridade viaria, sobre todo tendo en conta o elevado número de accidentes que ocorren no treito da estrada CN-VI entre Oleiros e Betanzos, accidentes que frecuentemente atinxen a ciclistas, como en maio de 2012, onde se produciron dous accidentes nesa estrada con ciclistas involucrados.
5. Estimamos que debería incorporarse ao artigo 5.9 da normativa urbanística unha referencia expresa á adaptación das infraestruturas de transporte ás previsións do Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.
6. Na páxina 74 do documento información xeográfica faise referencia a un servizo intramunicipal que, segundo a información de que dispón esta Dirección Xeral, non foi obxecto de implantación.
7. Polo demais, no apartado 7 “Proposta de plan de seguimento: indicadores do seguimento e control” do ISA propóñense indicadores de mobilidade, algún dos cales, como o relacionado cos modos de desprazamento utilizados polos escolares entre a casa e a escola, se vincula a un ‘Plan de Acción’ que non se menciona nos outros documentos do PXOM.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2013

O director xeral de Mobilidade

Miguel Rodríguez Bugarín



Alcalde-Presidente do Concello de Sada

# INTEGRACIÓN DO INFORME DE DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

---

INFORME DO 8 DE XULLO DE 2013

O informe da Dirección Xeral de Mobilidade realiza sete (7) observacións ao documento de aprobación inicial do PXOM.

1. Di que o Plan debería afondar máis no aspecto do fomento do transporte público, mesmo debería figurar entre os obxectivos específicos do plan.

## Integración

O Plan, e en particular o ISA, afonda nos aspectos do transporte público en relación á información e diagnose e necesidades futuras. A Memoria do Plan incorpora o fomento do transporte público dentro dos seus obxectivos específicos.

2. Di que o incremento na dotación de aparcamento non debe realizarse en detrimento do fomento do transporte público. Deberá acreditarse que a oferta de aparcamento se realizará garantindo a accesibilidade ao transporte público.

## Integración

O Plan contempla a creación de novas dotacións para aparcamento, en atención ao déficit existente posto de manifesto no traballo de diagnose. Entre as dotacións previstas, contéplanse áreas de aparcadoiro disuasorio en puntos estratéxicos de acceso á Vila de Sada, PERI-D1.2, PERI-D3.7, PEPRI “Riovao”, PEID “Parque de Fontán”, PEID “Paseo Marítimo” e Sector R2, que fomentan o intercambio no modo de transporte e onde se determina a creación de espazos para estacionamento de vehículos e bicicletas e paradas de transporte público.

- 3.a. Di que a Rede de Mobilidade Sostible, polo seu carácter estratéxico, debería estar considerada e xustificada na Memoria, nos apartados 2.2. e 6.1, mesmo indicadas no Documento de Estratexia de Actuación as previsións para o seu desenvolvemento.

Suxírese que a Rede de Mobilidade Sostible sexa visualizada tamén nos planos de Estrutura Xeral a escala 1/5.000.

## Integración

Intégrase o solicitado nos devanditos documentos do Plan; mais, coa cautela de que a Mobilidade Sostible será desenvolvida mediante un Plan especial de infraestruturas e dotacións que establecerá as determinacións precisas para a súa execución.

- 3.b.** Di que habería que potenciar a mobilidade ciclista en consideración á potencialidade que resulta das condicións favorables da orografía do concello e o sistema de asentamento disperso.

#### Integración

Intégrase esta observación na ficha do Plan especial da Mobilidade Sostible.

- 3.c.** Di que o PXOM podería propor a utilización da traza do vial que une a Vía Ártabra co Porto de Sada (en fase de Estudo Informativo) como rede de mobilidade sostible que permita o uso ciclista e peonil.

#### Integración

O Equipo Redactor puxo en coñecemento da Axencia Galega de Infraestruturas esta observación ao obxecto de tela en conta no Estudo Informativo que está a tramitar.

- 3.d.** Di que é conveniente dotar aos equipamentos previstos polo Plan (Novo Centro de Saúde, Socio-Cultural de Meiras, etc), de acceso peonil e ciclista. Mesmo, establecer a regulamentación específica que determine a obriga de realizar carril bici e beirarrúas na rede cualificada de Mobilidade Sostible.

#### Integración

Fíxose un repaso e revisión dos trazados da Rede de Mobilidade Sostible, tratando de dar acceso aos principais equipamentos.

O Plan incorpora un conxunto de planos das seccións viarias tipo, co deseño da Rede de Mobilidade Sostible. Tivéronse en conta os “Criterios e recomendacións de deseño e trazado de vías ciclistas”.

Establécese a determinación normativa que obriga a realizar aparcamentos para bicicletas no sistema viario e no sistema de espazos libres.

- 4.** Di que bótase en falta algunha referencia na Memoria en relación ao obxectivo de aumentar a seguridade viaria na rede viaria, en especial para os ciclistas.

#### Integración

Incorpórase este obxectivo na Memoria do Plan.

A creación dunha Rede de Mobilidade Sostible constitúe a principal actuación prevista polo Plan na procura da mellora da seguridade vial de peóns e ciclistas.



5. Estima que o Plan debía facer referencia expresa, no seu artigo 5.9 da Normativa, á adaptación das infraestruturas de transporte, consonte o Decreto 1544/2007 polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.

Integración

Introdúcese a citada referencia legal no artigo 5.9 da Normativa.

6. Di que no Documento de Información Xeográfica do Plan faise referencia a un servizo de transporte intramunicipal inexistente.

Integración

Corríxese a información en relación á observación.

7. Di que na Proposta de Plan de Seguimento faise referencia a un Plan de Acción inexistente noutros documentos do Plan.

Integración

Corríxese o Plan de Seguimento Ambiental retirando a mención a dito Plan inexistente.

SECRETARÍA XERAL DE  
CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
<http://www.cmatl.xunta.es>

galicia

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**

REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 18/03/2013 11:28:14

SAÍDA 3428 / RX 177404



**Sr. Alcalde do Concello de Sada**


Avenida da Mariña 25  
Sada 15160 (A Coruña)

**ASUNTO:** avaliación ambiental estratéxica. Informe sobre a calidade do ISA

Nome do plan: Plan xeral de ordenación municipal

Órgano promotor: Concello de Sada

Código: 1167/2010



Achégolle o informe sobre a calidade do ISA (informe de sustentabilidade ambiental) relativo ao Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Sada (A Coruña).

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2013

Carlos Calzadilla Bouzón

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental



## **INFORME SOBRE A CALIDADE DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA).**

**CÓDIGO: 1167/2010**

### **1. ANTECEDENTES**

Con data do 26.01.2011, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emitiu o Documento de referencia (DR) do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Sada (en diante Plan), de conformidade co artigo 9 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

Nese DR estableceuse a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que debería conter o Informe de sustentabilidade ambiental (ISA) do Plan, incluíndo ademais os criterios ambientais estratéxicos, indicadores dos obxectivos ambientais e principios de sustentabilidade aplicables. Así mesmo, incluíronse as modalidades de información e consulta e identificáronse as Administracións públicas afectadas.

Con data do 21.12.2012, a Xunta de Goberno Local do Concello de Sada acordou aprobar inicialmente o Plan xeral de ordenación municipal, decisión que se publica no Diario oficial de Galicia (DOG nº 14 do 21.01.2013), iniciándose a partir dese momento o trámite de información pública polo prazo de dous meses.

Con data do 16.01.2013, esta Secretaría Xeral recibe un escrito do alcalde do Concello de Sada polo que se solicita o informe previsto no DR en relación á calidade do ISA.

### **2. CONSIDERACIÓNS**

O presente informe redáctase con obxecto de avaliar a grao de adecuación da estrutura e contido do ISA do Plan ao establecido no DR, de acordo co anexo I da Lei 9/2006, do 28 de abril, e detectar, de ser o caso, aqueles aspectos que, dende a redacción do DR, sufriron modificacións salientables que afectan á sustentabilidade da proposta.

Tras avaliar a estrutura, contido e nivel de detalle do ISA, e de acordo coas determinacións do apartado 6.1 *Estrutura do ISA* do DR, a continuación fanse unha serie de observacións que deberán que ser tidas en conta nas fases posteriores da tramitación.

#### **2.1. Estrutura**

A estrutura do ISA axustase adecuadamente ao requirido no apartado 6.1 do DR, abarcando todos os epígrafes sinalados no mesmo, e en coherencia co indicado no Anexo I da Lei 9/2006, do 28 de abril.



## 2.2. Contido

O obxecto do ISA, é o de xustificar a viabilidade ambiental da planificación na procura dun desenvolvemento sustentable, debendo de ser accesible e intelixible para o público e as Administracións públicas, e conter unha información clara e sintética que permita avaliar a súa incidencia sobre o medio.

Parte da información que debería conter o ISA correspóndese con datos analizados máis en detalle noutros documentos do PXOM pero, en todo caso, contén cando menos un resumo ou referencias aos aspectos que se tratan noutros apartados do Plan.

Na súa primeira parte o ISA leva a cabo unha contextualización territorial que contén a descrición do medio físico, a estrutura socioeconómica, as dotacións e os servizos do termo municipal.

Respecto da cartografía, sinalar que o PXOM diferencia entre planos de información (medio físico, estudo do modelo de asentamento e información da área urbana) e planos de ordenación (estrutura xeral orgánica, ordenación detallada e ordenación detallada do solo urbano non consolidado APD-D2.4), non recollendo uns específicos para o ISA, á marxe dos que están intercalados no propio documento, que presentan unha escala cun menor grao de detalle que os anteriores, polo que consideramos co ISA debe incluír unha mínima cartografía ambiental, como anexo a este, que identifique de forma individualizada os: espazos protexidos, hábitats (distinguindo os prioritarios dos non prioritarios), vexetación, zonas de uso da fauna, corredores ecolóxicos definidos e propostos, unidades de paisaxe e intervisibilidade, riscos naturais e antrópicos, etc., todos eles superpostos coa ordenación proposta, de tal xeito que se poida ter unha idea global desta e da súa afección sobre o medio. Ademais, sería aconsellable revisar as tramas de cor do plano POL para a representación do solo rústico de protección forestal e o solo rústico de protección de espazos naturais, dado que a similitude dos tons empregados non permiten apreciar con claridade os seus límites.

Os planos de información fan unha descrición territorial do medio físico, asentamentos poboacionais, infraestruturas, servizos e equipamentos do Concello. Entre eles indicar que tamén se inclúe un mapa de riscos naturais, preceptivo de acordo ao artigo 15.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo.

Os planos de ordenación céntranse en describir a estrutura xeral e orgánica do territorio xunto coa ordenación detallada.

Cómpre lembrar que a información xeográfica do PXOM debe atender ás especificacións técnicas recollidas no apartado 7 do DR, en canto a que os datos xeográficos deben ser aportados en formatos compatibles con sistemas de información xeográfica.



Detectouse en certas partes da Normativa urbanística do PXOM (páxinas 117 e 119), referencias a un sector de desenvolvemento residencial (R3), non presente na planificación proposta, polo que deberase aclarar este aspecto.

Tamén hai que sinalar que se detectou que algún punto do ISA contén información repetida noutros documentos do Plan; por exemplo o punto 2.2.2. *O medio natural: Descrición xeral do medio físico e biótico*, contén parágrafos idénticos aos contidos no punto 2. *Descrición do medio físico e biótico do Tomo I: Información histórica e xeográfica*. Lémbrese a necesidade de sintetizar na medida do posible o contido dos documentos que forman o Plan, tentando evitar en todo caso, repetir a información que conteñen.

Dende o punto de vista lexislativo e normativo, o ISA incorpora un apartado 1.3. *Marco legal medioambiental*, que deberá ser revisado e actualizado, eliminando a lexislación derogada e incorporando a de mais recente aprobación. Por exemplo, deberá incorporarse neste punto:

- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Decreto 29/2010, de 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Por contra, deberá eliminarse toda a lexislación derogada, como por exemplo:

- Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia.
- Decreto 262/2007, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas do hábitat galego.

Unha vez avaliada a estrutura, contido e nivel de detalle do ISA, a continuación realízase unha análise mais en detalle do contido do ISA, incluíndo as observacións respecto ao nivel de detalle dalgúns apartados en coherencia coas determinacións sinaladas no DR.

#### **En relación á determinación do ámbito de influencia do Plan**

A determinación do ámbito de influencia do planeamento non se fixo tendo en consideración o alcance dos efectos previsibles identificados para as distintas variables de sustentabilidade, segundo se requiría o DR. O ISA inclúe no seu punto 2. *Situación actual. Determinación do ámbito de influencia do PXOM*, un primeiro apartado referido ao contexto territorial de Sada dentro da comarca da Coruña, no que se fai unha análise descritiva da mesma, referida fundamentalmente a súa demografía, orografía e relacións económicas entre os municipios que a conforman.

No epígrafe sinalado non se analiza como o planeamento vai a afectar a cada unha das variables de sustentabilidade, e como estas posibles afeccións condicionan a delimitación do ámbito de influencia do Plan, tal e como se indicaba no DR.



En consecuencia, a documentación aportada deberá completarse establecendo o ámbito de influencia do Plan en función dos efectos previsibles que este pode producir no medio, debendo de considerarse para elo as variables de sustentabilidade.

### **En relación á análise obxectiva do Plan e da súa contorna**

Tendo en conta que a análise obxectiva do contexto do Plan debe ser unha análise centrada na problemática e condicionantes ambientais, económicos e sociais da situación previa e da súa evolución en ausencia de Plan, na que se inclúa como mínimo a situación actual, a relación cos plans e programas concorrentes e os elementos estratéxicos do territorio, a continuación realízanse as seguintes consideracións:

#### **- Análise obxectiva da situación actual**

Como se indicou, incluído no punto 2. *Situación actual. Determinación do ámbito de influencia do PXOM o ISA*, fai unha caracterización do municipio no relativo ao seu medio natural (xeomorfoloxía, xeoloxía, edafoloxía, vexetación, hábitats e fauna), as dotacións e servizos cos que conta, o seu contexto socioeconómico (economía e demografía) e os riscos naturais e tecnolóxicos existentes. Tamén se fai referencia á condición de Sada como núcleo de identidade litoral dentro da Metrópole Ártabra, ou Rexión urbana A Coruña-Ferrol, tal e como se recolle nas Directrices de ordenación do territorio (DOT).

A información recollida neste punto do ISA presenta datos que non están de todo actualizados (ano 2010, igual que o estudo socioeconómico) ademais de aportar unha análise fundamentalmente descritiva, pouco analítica para a elaboración do planeamento.

Bótase en falta que non se incluíran neste punto aspectos relacionados coas variables paisaxe, patrimonio, medio rural, medio industrial, atmosfera ou mobilidade, se ben é certo que a información relativa a estas variables encóntrase contida punto 3. *Análise do entorno: Problemas, condicionantes e elementos estratéxicos entalecidos no documento de referencia da AAE*, e nos tomos de *Información xeográfica e histórica*, *Estudo do medio rural e do modelo de asentamento* e da *Memoria xustificativa*. Na medida do posible, este apartado do ISA debe concentrar toda a información relativa ás variables de sustentabilidade, de xeito que se permitirá facer unha valoración unificada da análise da situación actual, a cal debe determinar aqueles aspectos significativos que poden condicionar ou verse afectados pola elaboración do planeamento.

Á marxe do sinalado, as principais cuestións que adoecen dun tratamento axeitado son:

- Ao respecto da **paisaxe** indicar que se fai unha descrición das diferentes unidades paisaxísticas identificadas (a litoral, a forestal do entorno urbano e a da Braña), xunto coa valoración da paisaxe no municipio que fai o POL. Agás a do litoral, as unidades descritas no ISA non se corresponden plenamente coas recollidas no punto 4.2.2 *As unidades da paisaxe de Sada* do Estudo do medio rural, onde se definen outras unidades de paisaxe (a litoral, a



dos asentamentos poboacionais e a do medio rural). En consecuencia deberán ser unificados os criterios ao respecto das unidades paisaxísticas existentes, debendo quedar definidas na cartografía.

Non se definen especificamente cuncas de interese paisaxístico, no entanto, o punto 4.3 *Análise das áreas de intervisibilidade* do Estudo do Medio rural levou a cabo un estudo de diferentes concas (Ría de Sada, a área de Sada, a Costa de Carnoedo, a Punta de San Mamede e a área de Lorbé), as cales non quedan definidas na cartografía. Deberase por tanto trasladar á cartografía a delimitación das cuncas definidas na documentación do Plan.

- En canto á **fauna** (apartado 2.2.2.8), presentase un listado de especies entre as que se encontra algunha en perigo de extinción ou vulnerable, no entanto non se referencia a fonte de datos. Cómpre sinalar a este respecto que o Real Decreto 439/1990, polo que se regula o Catálogo nacional de especies ameazadas (recollido na páxina 22), foi derogado polo Real Decreto 139/2011 de 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas e a Directiva aves vixente é a Directiva 2009/147/CE.
- Respecto dos **espazos naturais** indicar que o PXOM inclúe na categoría do solo rústico de protección natural (SRPN) unha superficie de 953,83 ha na que se inclúe toda a área de protección costeira e corredores ambientais do POL, ademais do humidal das Brañas de Sada, espazo incluído no Inventario dos Humidais de Galicia.

Os sectores de desenvolvemento residencial R1 e R2, e o terciario T1, previstos en ámbitos lindeiros a un corredor ambiental do POL, clasificado no PXOM como SRPN establecen nas súas fichas normativas medidas para acadar un desenvolvemento sostible, as cales son practicamente idénticas, ademais de xenéricas. As medidas deberán de adecuarse á contorna ambiental de cada sector e establecer especificacións mais concretas de protección para non afectar ao espazo natural lindeiro.

- En referencia á variable **sociedade**, primeiramente cómpre indicar que os datos demográficos aportados non están totalmente actualizados, xa que presentan datos do ano 2010.

Por outra banda, tal e como se indicaba no DR, o obxectivo demográfico de 20.000-25.000 habitantes (incluso superior aos 30.000 na época estival), segue sen responder a unha evolución poboacional coherente coa dinámica municipal da última década. O propio ISA é incongruente neste punto, dado que os datos de crecemento poboacional que se tiveron en conta para a redacción das alternativas de planeamento (páxina 58), indican que se estima un crecemento dun 25% da poboación, o que representaría, en base aos datos que manexa o ISA, chegar a uns 18.417 habitantes, e non aos citados anteriormente.





A análise da evolución demográfica ten unha relevancia fundamental no modelo territorial proposto dado que as previsións residenciais, dotacións e servizos deben estar feitas en base á devandita previsión.

Reiterase por tanto que as previsións demográficas deben axustarse á dinámica demográfica real, recollendo unha perspectiva de crecemento en consonancia.

- No referente ao **consumo de solo**, indicar que PXOM planifica na zona do polígono do Espírito Santo-Soñeiro dous novos sectores de desenvolvemento industrial (I1 e I2 de 285.359 m<sup>2</sup> e 190.313 m<sup>2</sup> respectivamente), xunto cunha reserva de solo urbanizable non delimitado de 16,1 ha. Non queda clara a programación temporal destes sectores dado que non se especifica nin nas súas fichas normativas nin na estratexia de actuación do PXOM, a prioridade e cuatrienio no que se ten prevista a súa execución polo que deberase clarificar este aspecto. No entanto, compre sinalar que a infraestrutura de saneamento prevista para os dous sectores (SXIS-8), está programada para o primeiro cuatrienio, e o sector de solo urbanizable non delimitado industrial para o terceiro, polo que se entende que o PXOM contempla certa prioridade no desenvolvemento destes sectores.

Tal e como se indicaba no DR as expectativas de crecemento para o uso industrial na zona do polígono do Espírito Santo-Soñeiro, deberá estar en relación, tanto coa oferta propia existente como coa dos concellos lindeiros e o resto da Área urbana, en especial pola importante concentración deste uso característico nunha zona onde tamén conflúen os polígonos industriais dos concellos de Bergondo e Cambre.

Se ben o ISA presenta como obxectivo específico considerar as actuacións e intencións previstas nos concellos lindeiros de Cambre e Bergondo co fin de promover un desenvolvemento coordinado, a análise de alternativas e de necesidades feita non recolle ningún tipo de valoración ou análise (á marxe de citar o planeamento en vigor, e o plano IM-18 no que se recollen ditos desenvolvementos) das actuacións desenvoltas ou que se están a desenvolver nestes concellos, polo que se considera que non foron tidas en conta na planificación.

- O ISA presenta no seu punto 2.2.5, unha análise dos **riscos** naturais e tecnolóxicos existentes no Concello, os cales serviron para a elaboración do plano de riscos (IM-17). Nel estudáronse os riscos naturais (vento, nevaradas e xeadas, seca, inundacións, sismo, e incendios forestais) e tecnolóxicos (transporte de mercadorías perigosas, industrias, gasolineiras e almacenamento de sustancias perigosas). Tras un valoración resumida dos riscos estes trasládanse ao plano IM-17.

O plano recolle as Areas con Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIS), as de risco de incendio forestal, xunto coas áreas de monte queimado e a situación dunha



pirotécnica. O citado plano mestura os riscos coas áreas de valor ambiental, patrimonial e infraestruturas. A este respecto indicar que se considera necesario que o plano de riscos presente unha representación individualizada, non debendo mesturar o seu tratamento con outras informacións.

A valoración dos riscos presenta carencias, debendo estudarse tamén os riscos potenciais de erosión e os derivados da contaminación dos usos industriais, urbanos e agrogandeiros, recomendándose que se empreguen metodoloxías propias para a valoración de riscos na ordenación do territorio, como pode ser a proposta por Gustavo Aguirre Murúa (2005) no seu artigo "*La valoración de los riesgos en la ordenación del territorio: metodología práctica*", publicado no boletín da A.G.E., nº 40 (páx. 393-405), ou outras publicacións realizadas polo *Instituto Geológico y Minero de España* (IGME).

A análise de riscos debería indicar a superficie e a poboación posiblemente afectada, con obxecto de obter unha visión global das zonas susceptibles de presentar maiores riscos, así como das zonas onde pode ser máis seguro proxectar unha nova ordenación.

- No tocante á **atmosfera**, indicar que o PXOM non contempla un estudo acústico específico, recollendo exclusivamente no Anexo III do tomo IV *Normativa urbanística*, as restricións necesarias para determinados usos e actividades en base aos valores límite de inmisión establecidos, presentando á súa vez un plano de zonificación acústica (ZA) no que se establecen as áreas e servidumes acústicas a escala de 1/10.000.

Deberase elaborar un estudo acústico no que se identifiquen todas as zonas de conflito existentes entre áreas lindeiras de distinto uso predominante e con obxectivos de calidade acústica que difiran en máis de 5 dB(A). Neste sentido deberá prestarse atención ás zonas de contacto entre os núcleos residenciais existentes e os sectores de desenvolvemento industrial e terciario previstos. O estudo deberá definir medidas preventivas e correctoras necesarias co fin de garantir a compatibilidade acústica, as cales serán incorporadas ás ordenanzas do Plan e ás fichas normativas dos sectores propostos.

Lémbrese ao respecto do plano ZA citado que, de acordo ao artigo 5, apartado 4, do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, a zonificación acústica realizarase a escala mínima 1/5.000 ou ben por coordenadas xeográficas ou UTM de todos os vértices e realizarse nun formato xeocodificado de intercambio válido.

Indicar tamén, que dentro da cartografía da estrutura xeral e orgánica do territorio, foi recollido un plano referido ás servidumes aeronáuticas do aeroporto da Coruña (SA), as cales semella



non foron valoradas na delimitación de zonas acústicas, agás na súa inclusión no Anexo III do tomo da Normativa, no que se describe o marco legal das servidumes referidas.

#### - **Plans e programas con interacción co Plan**

O DR sinalaba que se tiña que considerar a “relación cos plans, programas e estratexias vixentes ou en proceso de elaboración ou revisión que podan afectar ao planeamento, indicando a xerarquía e incidencia das principais medidas destes instrumentos”.

A este respecto indicar que foron analizados na Memoria xustificativa, tanto as Directrices de ordenación do territorio (DOT), cun estudo da compatibilidade do planeamento coas súas determinacións no Anexo 4: xustificación do cumprimento das determinacións das directrices de ordenación do territorio, como o Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL) no Anexo 5: xustificación do cumprimento das determinacións do Plan de ordenación do litoral.

Deberase analizar a relación do planeamento cos instrumentos de planificación concorrente, debendo quedar xustificada a súa compatibilidade cos obxectivos, determinacións e criterios derivados destes, a través da análise de coherencia externa (ACE). Cando menos haberá que analizar:

##### *Instrumentos aprobados:*

- Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020: Quedan recollidos os seus obxectivos no ISA (páxina 35), non indicando como o planeamento os terá en consideración.
- Plan Director de Estradas de Galicia 2009-2020. Plan MOVE: Non foi analizado
- Plan de saneamento de Galicia 2000-2015: Non foi analizado.
- Plan Auga (instrumento de planificación e xestión do abastecemento no territorio galego).
- Avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI) e identificación das Areas con risco potencial significativo de inundación (ARPSIS) da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa: Recóllese erroneamente no ISA (páxina 40), que actualmente se está a traballar na primeira fase, cando o documento definitivo da avaliación preliminar do risco de inundación (1ª fase), foi aprobado pola xunta de Goberno de Augas de Galicia o 19 de decembro de 2011.

##### *Instrumentos en elaboración*

- Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia: Este instrumento está na última fase de tramitación polo que pode ser aprobado antes que o propio PXOM, debéndose adaptar o planeamento as súas determinacións unha vez este se teña aprobado definitivamente.
- Plan director de mobilidade alternativa.



### En relación á definición de obxectivos

Tal e como se requiría no DR, o ISA recolle no punto 1.2.3 *Obxectivos do Plan xeral de ordenación municipal de Sada*, os **obxectivos xenéricos** e específicos do planeamento. Como obxectivos xenéricos inclúese substituír a ordenación urbanística provisional, adecuarse á nova previsión demográfica prevista e adaptar o planeamento ao contexto territorial da Área metropolitana da Coruña e a Euro Rexión Galicia-Norte de Portugal.

Os **obxectivos específicos** fíxanse en relación a catro aspectos fundamentais: o sistema de asentamento residencial, as áreas de actividade empresarial, as dotacións e infraestruturas, e os valores ambientais e recursos naturais. Algún dos obxectivos específicos marcados, ou ben non son obxectivos de planeamento como tal, ou son un tanto difusos, non estando claro como pode concretarse o seu cumprimento no novo PXOM. Por exemplo, considerar aspectos como o tratamento de Sada como núcleo de identidade do litoral, ter en conta as actuacións previstas nos concellos limdeiros ou valorar a importancia do porto de Sada-Fontán, non poden definirse como obxectivos de planeamento, dado que a súa toma en consideración é unha obriga para poder levar a cabo unha planificación territorial estratéxica. Por outra banda deberían concretarse ou clarificarse obxectivos como os de *conservar o "estatus" como entidade poboacional de referencia no sistema policéntrico da rexión urbana do Golfo Ártabro e da Área metropolitana da Coruña* ou o de *recoñecer o sistema de asentamento orixinario e establecer as medidas necesarias para a súa posta en valor e conservación*.

O ISA non establece uns obxectivos ambientais concretos, se ben boa parte dos recollidos teñen esta consideración polo que, en aras dunha mellor identificación dos mesmos, sería recomendable que estes quedasen especificamente definidos como tal.

Non se recolleu neste apartado como foron consideraras as variables de sustentabilidade na elección dos obxectivos, xustificación requirida no DR para este epígrafe. En consecuencia, o documento definitivo do Plan deberá de completar este punto establecendo unha xustificación de como foi considerada a diagnose previa e as variables de sustentabilidade na definición dos obxectivos. Complementariamente, sería aconsellable que se incluíse neste punto a correspondencia entre a diagnose e o modelo territorial previsto polos instrumentos de ordenación territorial de rango superior.

### En relación á análise das alternativas

No ISA tivéronse en consideración dúas alternativas ("A-1" e "A-2") ademais da cero, ou de non formulación do Plan, cumprindo co requirido no DR.

A alternativa cero argumentase que resulta inviable, non só polos seus efectos negativos, os cales foron estudados, senón tamén porque é preciso cumprir a lexislación vixente que obriga a redactar un novo planeamento. As outras alternativas propostas parten da análise conxunta do nivel de cumprimento dunha serie de obxectivos, os cales non se corresponden plenamente cos xerais ou específicos definidos polo planeamento.



A valoración final para a selección da alternativa levouse a cabo mediante unha matriz comparativa das tres alternativas na que foron estudadas todas as variables ambientais. O resultado da valoración conclúe que a alternativa 1 era a mais coherente para a singularidade do Concello, e coa que mellor se cumpren, segundo o ISA, os obxectivos marcados para o planeamento.

En termos xerais a metodoloxía empregada para a análise das alternativas se adecúa ao requirido no DR, xa que as diferentes alternativas propostas foron valoradas en base á integración das variables de sustentabilidade no planeamento e ao cumprimento dos obxectivos.

No entanto, deberá de existir unha correspondencia entre os obxectivos do planeamento e os que se pretenden cumprir coas alternativas. Ademais, indicar novamente, que a valoración que se fixo das alternativas parte de datos de poboación non actualizados (ano 2010), e dunha previsión de aumento do número de habitantes que non se corresponde co obxectivo demográfico marcado polo PXOM.

En conclusión, haberá que actualizar os datos demográficos e adaptar a xustificación das alternativas en base ao cumprimento do obxectivos marcados polo planeamento.

#### **En relación á identificación e caracterización dos efectos sobre o medio**

Para a identificación dos efectos o ISA incorpora un punto 5. *Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio* no que se fai unha exposición do que se define como “sostibilidade dos recursos” no que se describe a dispoñibilidade municipal no referente a espazos libres, equipamentos, rede de saneamento, rede de abastecemento, enerxía e mobilidade. Trátase dunha análise descritiva no que non se identifican claramente os efectos producidos polo planeamento.

Na parte final do epígrafe, lévase a cabo unha escasa descrición dos efectos positivos derivados das actividades económicas previstas, referido fundamentalmente ao sector servizos e o industrial.

A metodoloxía empregada para a identificación dos efectos non se corresponde co requirido no DR, onde se indicaba que se deberían identificar e analizar os posibles efectos ambientais (secundarios, acumulativos, sinérxicos, a corto, medio e longo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos) da alternativa seleccionada para cada unha das variables de sustentabilidade.

Complementariamente, e dada a diversidade de actuacións de desenvolvemento previstas no PXOM, é aconsellable que se elabore unha identificación individualizada dos posibles efectos que cada desenvolvemento pode xerar sobre cada unha variables. Neste sentido deberán de terse en conta os aspectos ambientais mais relevantes que poden ser afectados como son a funcionalidade ecolóxica, a capacidade de acollida do territorio, a existencia de riscos naturais, a dispoñibilidade de recursos e infraestruturas de abastecemento, saneamento, os consumos enerxéticos, etc.

En conclusión, deberá modificarse análise dos efectos elaborada, adaptando o seu contido ao requirido no DR e tratando cada unha das variables de xeito independente, sendo aconsellable identificar á natureza, persistencia, intensidade, sinerxía e reversibilidade dos efectos previstos.



### **En relación ao deseño de medidas**

O ISA recolle un punto 6.2 *Medidas preventivas, correctoras ou potenciadoras*. A primeira parte referida ás medidas preventivas, está centrada fundamentalmente nunha serie de medidas xerais dirixidas á adecuación vexetal dos espazos libres existentes e de nova creación. Neste punto tamén se establecen uns “criterios de deseño” para os sectores de desenvolvemento residencial previstos (indícase que existen tres e tan só se describíense dous; Agra de Samoedo e Sada sur), criterios que sen embargo non se definen, sendo este apartado unha mera descrición da xustificación da idoneidade dos desenvolvementos residenciais previstos.

A segunda parte do epígrafe pretende establecer medidas correctoras referidas, xenericamente, á fase de construción e a fase de funcionamento (control de ruído, vertidos e residuos), enténdese que das actuacións derivadas do planeamento.

Para facer unha valoración do epígrafe do ISA cómpre primeiramente lembrar o que requiría o punto 6.1.6 do DR, no que se indicaba que debían *“deseñarse as medidas necesarias tendo en consideración a natureza dos efectos estratéxicos da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade, xa sexa para potencialos (de ser positivos) ou para previlos, corrixilos ou compensalos (se fosen negativos)”*.

As medidas propostas non partiron da análise da natureza dos efectos da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade, estando centradas unicamente en accións encamiñadas ao control dos proxectos, obras e actividades derivadas do desenvolvemento do Plan. Non se trata por tanto de medidas a escala de planeamento xeral, se non de resolver aspectos concretos en actuacións específicas.

En conclusión, o tratamento deste epígrafe non se axusta ao requirido no DR, debendo por tanto redefinirse, establecendo as medidas en relación á natureza dos efectos que pode presentar o planeamento sobre cada unha das variables de sustentabilidade. En todo caso as medidas deberán de formularse de tal xeito que permitan acadar os obxectivos do Plan, debendo potenciar, previr ou corrixir (segundo o caso) posibles alteracións no normal desenvolvemento do PXOM.

### **En relación ao plan de seguimento**

O obxectivo do plan de seguimento é o de coñecer a evolución das variables ambientais de xeito que se podan controlar os efectos producidos sobre elas, ademais de comprobar o grado de cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos.

O ISA incorpora de xeito literal todos e cada un dos indicadores propostos no punto 5 do DR, polo que se adecúa ao mínimo requirido. No entanto, cómpre sinalar que a evolución do proceso de planificación non fixo que estes indicadores, referidos ao anteproxecto de planeamento, se visen complementados con algún mais específico relacionado coa proposta de ordenación finalmente definida.



O ISA establece unha medición dos indicadores cunha periodicidade que vai de un a catro anos, en función da variable considerada. No entanto, e na medida do posible, deberase establecer unha periodicidade anual para a toma dos datos, o cal permitirá aplicar as medidas necesarias con maior prontitude, debendo remitirse os informes do seguimento ao órgano ambiental cada catro anos, en consonancia coa programación cuadrienal do planeamento.

Segundo se recolle no ISA (páxina 85), o Concello remitirá os resultados do plan de seguimento ambiental ao órgano ambiental para a súa revisión e validación indicando, erroneamente, que este os porá a exposición pública. Lémbrese que, segundo o artigo 15 da Lei 9/2006, do 28 de abril, o órgano ambiental deberá participar no seguimento dos plans e programas, pero non se establece que teña que expoñer ao público a documentación do seguimento que debe remitir o Concello.

### **En relación ao informe sobre a viabilidade económica das alternativas**

O ISA inclúe un punto 8. *Viabilidade económica da alternativa do PXOM seleccionada*, no que se indica que a viabilidade económica do PXOM debe analizarse para cada unha das actuacións urbanísticas do mesmo. Por elo inclúe neste punto un estudo económico de cada un dos sete desenvolvementos urbanísticos previstos no planeamento, no que se recolle a súa relación de custos (honorarios facultativos, gastos de urbanización e rendemento do solo neto urbanizado). Nel tamén se indica que as accións sistemáticas (enténdese que son as referidas aos sistemas xerais previstos) xa foron analizadas e xustificadas no Estudo Económico-Financeiro do PXOM.

O obxecto deste punto, tal e como se indicaba no punto 6.1.8 do DR, é o de elaborar un informe sobre a viabilidade económica de todas as alternativas propostas, e das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e das de fomento dos positivos, por tanto o informe elaborado non responde ao requirido.

Á marxe de que neste punto non foron avaliadas todas as alternativas, nel unicamente se pretende xustificar os custos de cada un dos desenvolvementos urbanísticos previstos os cales, tal e como indica o ISA, dependen da iniciativa e xestión privada.

En consecuencia, o ISA deberá incorporar un informe sobre a viabilidade económica de cada unha das alternativas proxectadas, xunto cunha valoración económica do custe que suporá para o Concello tanto o Plan de seguimento como as medidas propostas para facer fronte aos efectos derivados da execución do PXOM, de conformidade co indicado no epígrafe k) do Anexo I da Lei 9/2006, do 28 de abril.

### **En relación á análise de coherencia**

O ISA afronta esta análise no epígrafe 9. *Análise de coherencia*, o cal se divide noutros dous puntos; coherencia externa e proceso de decisión.



A metodoloxía da análise de **coherencia externa** (análise de compatibilidade estratéxica) realizada, segue en grande medida a proposta polas DOT. Nela xustifícase a integración dos aspectos clave para a sustentabilidade e o proceso de decisión seguido. Por contra, e dado que a análise de coherencia ten como obxecto garantir a coherencia da planificación en cascada e unha adecuada coordinación territorial axustada aos instrumentos de ordenación do territorio, bótase en falta que se tiveran en consideración plans territoriais como os citados no punto 2 deste informe e cando menos o planeamento dos concellos limítrofes. Cómpre sinalar neste sentido, que os anexos 4 e 5 da Memoria xustificativa, incorporan cadros nos que se analizou o cumprimento das determinacións das DOT e do POL respectivamente.

A xustificación que se fai da integración aspectos clave é moi xenérica, non concretando cales foron as decisións, actuacións ou desenvolvementos que permitiron cumprir co obxecto dos mesmos.

Por outra banda, o que debería ser a análise de **coherencia interna**, requirida no punto 6.1.9 do DR, correspóndese co que o ISA define como *Resumo da análise de coherencia*. Nel faise un resumo no que se describe algo obvio, como é o feito de que o novo planeamento é unha actualización á lexislación urbanística vixente, que actúa sobre unha serie de fronteiras como son o contexto socioeconómico, os asentamentos poboacionais, as dotacións, as actividades económicas e os elementos estratéxicos. Nel non se xustifica o obxecto deste punto que é o de analizar a coherencia entre a diagnose de partida e os obxectivos propostos polo Plan, nin entre estes e a alternativa finalmente seleccionada.

En consecuencia, deberá xustificarse debidamente a coherencia entre a alternativa seleccionada e os obxectivos establecidos, así como entre os obxectivos e a diagnose de partida. Para elo, recoméndase que se realice un cadro no que se establezan as relacións entre os anteriores aspectos de cara a detectar incoherencias ou deficiencias no estudo.

#### **En relación ao resumo non técnico**

O ISA recolle un punto final 10. *Resumo non técnico do Informe de sustentabilidade ambiental do PXOM* no que se fai unha moi escasa e xenérica descrición das liñas de actuación que se deben de seguir co planeamento. A información contida neste epígrafe debe ser un resumo redactado en termos non técnicos para a súa fácil comprensión polo público en xeral, de todos e cada un dos epígrafes tratados ao longo do ISA.

En consecuencia, debe modificarse a redacción deste punto recollendo nel, un resumo da información contida nos epígrafes do ISA, evitando repetir de xeito literal parágrafos da información aportada nos apartados anteriores ou en outros documentos do Plan.





### 3. CONCLUSIÓN

Sen prexuízo da análise en detalle que se levará a cabo na preceptiva Memoria ambiental (MA), **considérase que o contido do ISA do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Sada, non se axusta plenamente ao establecido no DR, polo que deberá adecuarse e completarse coas observacións realizadas neste informe, as cales se xustificarán e integrarán dentro do ISA realizado para aprobación inicial ou mediante a realización dun anexo a este.**

Finalmente cómpre salientar que, en virtude do disposto no artigo 13 da Lei 9/2006, do 28 de abril, a proposta de Plan que se aprobe con carácter definitivo deberá ter en conta, ademais das consideracións realizadas no presente informe, as alegacións e informes recibidos durante o período de participación e consultas e as determinacións da MA que emita este órgano ambiental.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2013



Miguel Ángel Veiga Campo

Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental

DIRECCIÓN XERAL DE  
CONSERVACIÓN DA NATUREZA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Edificio Administrativo San Lázaro  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

JT

N/REF: PU/CO/002/13

S/REF:



**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**

REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 18/09/2013 09:51:30

**SAÍDA 10628 / RX 572119**



Achégolle o informe emitido por esta Dirección Xeral relativos ao seguinte proxecto:

➤ "PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA"

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2012

A directora xeral de Conservación da Natureza

P.S. (Disposición adicional 1ª Decreto 44/2012, de 19 de enero. DOG núm. 16, do 24 de enero)

O secretario xeral técnico

José Antonio Fernández Vázquez

CONCELLO DE SADA  
AV DE MARIÑA, 25  
15160 SADA (A CORUÑA)



JT/

<b>ASUNTO</b>	<b>INFORME AMBIENTAL</b>		<b>CLAVE</b>	PU-CO-002-13
<b>PROXECTO</b>	<b>PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA</b>			
<b>ESPAAZO NATURAL</b>	Ningún			
<b>CONCA FLUVIAL</b>	Vao – Fontoira e Maior			
<b>CONCELLO</b>	Sada	<b>PROVINCIA</b>	A Coruña	
<b>ORGANISMO SOLICITANTE</b>	Concello de Sada	<b>Ref.:</b>		
<b>PROMOTOR</b>	Concello de Sada	<b>Ref.:</b>		

### Antecedentes

O presente informe emítese a solicitude do Concello de Sada no marco do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.

A documentación presentada consta de:

- Documento de Aprobación Inicial do PXOM de Sada. (exemplar en soporte dixital). Outubro, 2012.

Para a elaboración deste informe tivéronse en conta as consideracións formuladas polo Servizo de Conservación da Natureza de A Coruña.

### Resumo de actuacións

O Concello de Sada dispón na actualidade dunha ordenación urbanística provisional consecuencia da suspensión das súas Normas Subsidiarias de Planeamento polo Decreto 29/2006, de 16 de febreiro, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Sada e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. Dita ordenación foi modificada puntualmente polo Decreto 193/2008, de 28 de agosto, polo que se modifica o Decreto 29/2006.

As NN.SS. suspendidas foron aprobadas no ano 1997 ao abeiro da Lei 11/1985 de adaptación da do Solo a Galicia e substituían a outras NN.SS. do ano 1989.



Respecto da estrutura territorial de Sada, existen tres grandes grupos que a componen:

- Sistema de asentamento.
- Sistema de dotacións e infraestruturas.
- Sistema ambiental e de recursos naturais.

O sistema de asentamento de Sada componse de tres subsistemas básicos:

- A Vila de Sada, a cidade.
- O asentamento residencial no medio rural.
- As áreas de actividade empresarial.

A vila de Sada constitúese como elemento sólido da estrutura de asentamento municipal, sendo un valor consolidado nun contexto supralocal pola súa calidade de centro funcional e de actividade en sectores como o turismo, a pesca, o comercio e os servizos vinculados á hostalaría, o deporte e a náutica, etc. Ademais a Vila de Sada actúa como núcleo de referencia. Pese a elo presenta unha serie de debilidades, pois adoece ou acusa da:

- Desaparición ou alteración dos tecidos urbanos antigos.
- Escasez de espazos e zonas verdes públicas no mallado urbano.
- Insuficiencia da rede de comunicacións co resto da área metropolitana e co exterior dela.
- Estrutura viaria de acceso de forma radial ou converxente, facilmente saturable, ao que cabe engadir a insuficiencia de aparcamento, en especial en ámbitos temporais concretos (fins de semana e verán).
- Dificultade de acceso ás dotacións públicas.
- Existencia duns bordos ou contornos mal resolvidos no seu contacto cos límites co medio rural e natural.

O asentamento no medio rural constitúe unha parte importante da estrutura de asentamento de Sada. Dentro destes os asentamentos históricos constitúen un valor en si mesmo, aínda cando se atopan descontextualizados hoxe en día e a súa pervivencia vese ameazada por algúns factores:



- O continxente humano é de idade avanzada.
- A arquitectura rural presenta unha debilidade acusada en relación a outras áreas xeográficas de dominio granítico.
- As dinámicas que inciden no desenvolvemento de novos asentamentos ao redor dos núcleos antigos, mellor dotados de servizos, accesibilidade rodada, estándar de calidade da vivenda nova, etc., constitúen outro factor en detrimento do núcleo orixinal.

En relación aos desenvolvementos e medras residenciais no medio rural característicos das derradeiras décadas, pese a aportar un valor positivo en canto a potencialidade demográfica, tamén presentan debilidades e ameazas importantes, pois na medida en que esta forma de asentamento consume gran cantidade de solo, anulando a capacidade produtiva, alterando a paisaxe rural e natural e afectando aos sistemas naturais asociados ao medio hídrico e litoral; na medida en que o consumo de enerxía derivado das necesidades de subministros e abastecementos e de mobilidade para o desenvolvemento das funcións se acrecenta e na medidas en que a estrutura social destes asentamentos ten difícil establecer lazos de cohesión, pódese cuestionar a sustentabilidade do sistema baixo a ameaza de colapso no suposto de dar continuidade a esta forma de desenvolvemento.

O terceiro pilar que compón a estrutura de asentamento de Sada está formado pola área de actividades empresariais de Espírito Santo-Soñeiro, lugar onde se concentra unha porcentaxe elevada da actividade económica en edificacións e instalacións de tipoloxía industrial-comercial, que transcende do ámbito local e pasa a considerarse un foco de actividade económica que participa das relacións metropolitanas. Porén o asentamento de Espírito Santo-Soñeiro presenta elementos de debilidade que se manifestan en:

- Unha morfoloxía ou mallado desestruturado como consecuencia dunha orixe espontánea do asentamento e unha serie de actuacións posteriores que non abordaron a ordenación dende a integración se non mediante pequenos ámbitos illados.
- Deficiencias de urbanización e acabado urbano, o que produce unha imaxe pobre que desvirtúa e repercute negativamente sobre os elementos do medio físico e natural que circunda a área.



O sistema de dotacións e infraestruturas actual de Sada divídese en tres subsistemas:

- Sub-sistema de transporte e comunicación no cal se inclúe a rede viaria e a infraestrutura do porto de Sada-Fontán.
- Sub-sistema enerxético e de subministros e infraestruturas técnicas de servizos (hidráulicas, electricidade, residuos, etc.).
- Sub-sistema dotacional, que inclúe as dotacións públicas destinadas a equipamentos e espazos libres ao servizo da poboación.

A estrutura viaria básica de Sada presenta unha dimensión comarcal pois está formada por un conxunto de estradas de titularidade autonómica e provincial que poñen en relación a Vila de Sada co exterior, fundamentalmente coas localidades de Mera, Santa Cruz e Oleiros, coa cidade da Coruña, con Cambre e con Bergondo e Betanzos. É unha estrutura radial e converxente no núcleo de Sada, formada polas seguintes infraestruturas:

- Vía de alta capacidade VG-1.3 "Vía Ártabra".
- Vía de alta capacidade VG-1.3-Porto de Fontán
- Estrada nacional, N-VI.
- Estradas autonómica AC-163 e provincial DP-5815, Sada – Mera.
- Estradas autonómica AC-183 e provincial DP-5812, Sada – Santa Cruz.
- Estrada provincial DP-5813, Sada – Oleiros.
- Estradas provincial DP-0812 e autonómica AC-182, Sada – Espírito Santo.
- Estrada autonómica AC-162, Sada - Bergondo.

Debe indicarse que é determinación do Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Bergondo, Culleredo, Cambre, Oleiros e Sada, que o Concello de Sada incorpore na revisión do planeamento municipal a realización dun novo vial que comunique o núcleo urbano de Sada coa Vía Ártabra.

En relación á Vía Ártabra, é moi importante para a comunicación de Sada co exterior que se execute o enlace coa AP-9, en tanto que en relación á VG-1.3 Vía Ártabra – Porto de Fontán é interesante que incorpore conexións coas estradas da rede



autonómica e provincial que converxen no núcleo urbano de Sada co obxecto de repartir O tráfico de acceso á Vila.

A infraestrutura portuaria constitúe un dos elementos máis importantes da estrutura territorial de Sada, a cal é indisoluble co núcleo de Sada – Fontán en tanto que as relacións porto - cidade foron de estreita dependencia dende a antigüidade.

O porto de Sada comprende dúas áreas de actividade claramente diferenciadas: a pesqueira - comercial e a de servizos náutico deportivos. A primeira, de orixe antiga, vinculada tradicionalmente ao núcleo de Fontán e a segunda, de creación máis recente en resposta a unha clara demanda do sector náutico dadas as potencialidade da Ría de Sada para a navegación deportiva e recreativa.

No apartado de infraestruturas de servizos, compoñen a estrutura territorial os elementos funcionais e principais da rede de abastecemento de auga, a rede de saneamento de augas fecais, a rede de subministro de electricidade, a rede principal de telecomunicacións e a rede de subministro de gas.

A infraestrutura de abastecemento de auga de Sada forma parte do gran sistema metropolitano, co encoro de Cecebre como infraestrutura principal de subministro do recurso auga. No polígono de Bergondo sitúase un depósito compartido de 17.000 m<sup>3</sup> dos cales Sada dispón dun volume de 5.000 m<sup>3</sup>. Xa no territorio municipal, no lugar de Castelo, ubícase un depósito de 2.000 m<sup>3</sup> que nutre a totalidade da rede de tubaxes de abastecemento do Concello.

A infraestrutura de recollida e saneamento de augas residuais consta de dous subsistemas adaptados á configuración das concas naturais do territorio de Sada. Unha infraestrutura de grande envergadura que recolle as augas fecais dos asentamentos da conca do Río Maior e as conduce para o seu tratamento na E.D.A.R. situada no porto de Sada - Fontán.

O segundo subsistema, de menor entidade, cobre a conca dos regos de Fraga e Soutiño, e sanea os núcleos da parroquia de Veigue, mediante unha rede de colectores que remata nunha E.D.A.R. situada en San Pedro.





A rede de subministro de electricidade componse dunha liña de alta tensión de 132 kV que alimenta a unha subestación situada no lugar de Muíño do Vento. De aí parten varias liñas en media tensión (15 kV), dando cobertura á práctica totalidade dos asentamentos. Dende o Concello de Bergondo penetra outra rede de media tensión para dar subministro á zona industrial do Espírito Santo – Soñeiro.

O núcleo urbano de Sada dispón dunha rede de distribución de gas cidade composta de unha central de almacenaxe situada en Cantalarrana e unha rede de distribución a domicilio.

Por mor do anterior, considérase que as infraestruturas de servizos de Sada cobren as necesidades básicas da poboación, se ben, convén considerar algúns aspectos de cara á ordenación, en acordo as disposicións do apartado 2.3.5.c das DOT.

Por outra banda faise precisa a existencia dun punto limpo para o depósito de residuos selectivos. No momento de elaboración deste documento estíbese a xestionar a implantación por parte da Xunta de Galicia dun punto limpo nunha parcela municipal preto do núcleo de Vilar, na parroquia de Meirás.

O territorio de Sada conta cunha insuficiente estrutura básica de espazos libres ou zonas verdes públicas de titularidade municipal. Os xardíns e espazos libres do paseo marítimo constitúense como único grande espazo de referencia como área de recreo e esparexemento da poboación, en estreita relación con outros dous elementos da estrutura territorial: a praia e o porto; e aplicando o estándar definido na Lei 9/2002, sería necesario dispor ao redor de 150.000 m<sup>2</sup> de espazo libre de sistema xeral para atender a demanda actual.

En canto á rede de equipamentos públicos do concello, forman parte da estrutura principal aqueles que prestan un servizo público e básico á poboación en materia sanitaria - asistencia, educativa, deportiva, cultural e administrativa - seguridade.

En canto ao sistema ambiental, os elementos fundamentais do medio natural e o patrimonio histórico e cultural de Sada son:



- Espazos forestais de interese ambiental. Especies senlleiras.
- Humedais.
- Bordo litoral: Praias e cantís.
- Patrimonio arquitectónico e arqueolóxico.
- Patrimonio socio-cultural.

O espazo forestal cun maior valor e potencial ambiental identifícase no espazo dorsal que, a modo de orla, define a conca do Río Maior. O POL identificou este valor e incorporou os terreos na área de "Espazos de Interese".

Outros espazos forestais de interese son os que están asociados aos canles de auga, a ripisilva ou bosque de galería, que, dada a súa estrutura radial, converxente nas Brañas de Sada funciona como importante corredor ecolóxico que pon en relación o hábitat do monte dorsal co hábitat do humidal.

Mención especial merecen as Brañas de Sada, humidal inventariado, debido a súa singularidade como espazo transformado cuxa evolución tralo abandono das telleiras, desembocou na conformación dun ecosistema de gran valor. Foi identificado polo POL e incorporado ás áreas de "corredor ecolóxico".

O bordo costeiro de Sada presenta importantes valores naturais e paisaxísticos, sendo os elementos característicos da costa sadense, as praias e areais que se mesturan con tramos de cantís recortados, dende a praia de Cirro ata Fontán, e que constitúen elementos fundamentais na definición da unidade da paisaxe litoral. Dito tramo de costa foi identificado no POL e incorporado ás áreas de "protección intermareal" e "protección costeira".

En canto as actuacións propostas polo PXOM, este contempla un conxunto de actuacións sobre o solo que veñen a completar a estrutura xeral e orgánica do territorio municipal. Son parte integrante das determinacións do Plan e, polo tanto, constitúen a parte activa e dinámica do planeamento. Dado o alcance e contido do Plan Xeral, as actuacións pódense dividir en dous tipos:

- Actuacións de transformación urbanística, encadradas baixo o réxime de clasificación do solo urbano non consolidado e solo urbanizable previsto polo



Plan, que precisan da xestión integral do solo e a xusta distribución de beneficios e cargas.

- Actuacións que afectan á estrutura orgánica do territorio; é dicir, aos sistemas de infraestruturas e dotacións. Dentro deste apartado pódense diferenciar dous subtipos:

- Accións illadas de sistema de infraestruturas ou dotacións encadradas no réxime do solo urbano consolidado, núcleo rural e solo rústico.
- Accións no sistema de infraestruturas ou dotacións que se vinculan aos procesos de desenvolvemento ou transformación urbanística no contexto das obrigas de cesión e urbanización do solo.

O presente Plan contempla as seguintes actuacións illadas e de desenvolvemento ou transformación urbanística:

ACCIÓNES ILLADAS NOS SISTEMAS		
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUP. DO SOLO (m <sup>2</sup> )
SLE 04-04 (Pb)	ESPAZO DOTACIONAL EN MOSTEIRÓN	10.116
SXEsc 02-07 (Pb)	CENTRO SOCIOCULTURAL DE MEIRÁS	142
SXEd 06-02 (Pb)	AMPLIACIÓN DO C.E.I.P. "SADA Y SUS CONTORNOS"	1.133
SXEsal/re 06-03 (Pb)	AMPLIACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DE SADA	1.315
SXEsa 06-12 (Pb)	NOVO CENTRO DE SAÚDE	2.039
SLEL 06-39 (Pb)	NOVO ESPAZO LIBRE NA RÚA DA BRAÑA	1.289
SXEL 01-02 (Pb)	ESPAZO LIBRE EN CAMPO DAS MANTAS	16.223
SXEL 02-05 (Pb)	PARQUE DE MEIRÁS FASE 1	25.999
SXEL 02-06 (Pb)	PARQUE DE MEIRÁS FASE 2	70.802
SXEL 06-02 (Pb)	ESPAZO LIBRE EN SADA DE ARRIBA (Cemiterio)	8.356
SXEL 06-21 (Pb)	ESPAZO LIBRE DE AS BRAÑAS FASE 2	87.879
SXEL 06-30 (Pb)	ESPAZO LIBRE DE FONTÁN	76.415
SXEL 06-31 (Pb)	ESPAZO LIBRE DE AS BRAÑAS FASE 1	43.389
SXEL 06-32 (Pb)	ESPAZO LIBRE DE SADA DE ARRIBA (incluído na AR-D2.3)	3.240
SXEL 06-33 (Pb)	ESPAZO LIBRE DE AS BRAÑAS (adscrito a AR-D3.4)	6.734
SXEL 06-34 (Pb)	ESPAZO LIBRE DO REGO MAIOR (adscrito a Sector R2)	8.229
SXEL 06-35 (Pb)	ESPAZO LIBRE DO REGO MAIOR (adscrito a Sector R1)	18.493
SXEL 06-38 (Pb)	ESPAZO LIBRE DO MONTE LIXANDRE (adscrito a AR-D-2.2)	10.118
SXV-1	VIAL DE CONEXIÓN ENTRE AS ESTRADAS VG-1.3, AC-163, AC-183, DP-7509 e DP-5812	62.771
SXV-2	MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-183 E DP-7504	3.531
SXV-3	CONEXIÓN ENTRE AS ESTRADAS DP-5812 E DP-7508	8.013
SXV-4	MELLORA DA CONEXIÓN DA ESTRADA DP-7508 COA VÍA ARTABRA E ACCESO AO SECTOR T3	7.633
SXV-5	MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP-7509 COA DP-7504 EN A LAMELA (CARNOEDO)	2.529
SXV-6	MELLORA DA INTERSECCIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-163 E DP-7504	1.957
SXV-7	MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP-7503 COA ESTRADA AC-163 EN A XESTEIRA (CARNOEDO)	2.260
SXV-8	MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP-5813 COA ESTRADA AC-183 NO TARABELO (SADA)	1.809
SXV-9	CONEXIÓN DA ESTRADA AC-183 E DP-7506 NO NÚCLEO DE SADA	9.867



ACCIÓNES ILLADAS NOS SISTEMAS		
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUP. DO SOLO (m <sup>2</sup> )
SXV-10	DESDOBRAMENTO DA ESTRADA DP-0812 NO NÚCLEO DE CASTRO	5.400
SXV-11	REURBANIZACIÓN DA AVENIDA DA MARINA	35.444
SXV-12	APARCAMENTO PÚBLICO NO LUGAR DE FONTÁN	4.681
SLV-13	AMPLIACIÓN DA 2ª TRAVESÍA DE AVENIDA DE POSSE	802
SLV-14	ACCESO PEONIL Á IGREXA DE OSEDO	99
SXIS-1	NOVO DEPÓSITO DE AUGA DE CASTELO	4.488
SXIS-2	ARTERIA DE ABASTECIMENTO DE AUGA ENTRE AS ESTRADAS AC-183 E DP-0812	-
SXIS-3	REDE DE SANEAMENTO ENTRE A ESTRADAS AC-183 E O ÁMBITO DA AR-D3.4	-
SXIS-4	REDE DE GAS DE SUMINISTRO AO ÁMBITO DA AR-D3.4	-
SXIS-5	SIFÓN NA REDE DE SANEAMENTO DA RÚA DA LAGOA	-
SXIS-6	REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA AO SECTOR T2	-
SXIS-7	REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA AO SECTOR T3	-
SXIS-8	INFRAESTRUTURA DE SANEAMENTO DOS SECTORES I1 E I2	2.803

## ÁREAS DE PLANEAMENTO REMITIDO EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

	SUPERFICIE BRUTA (m <sup>2</sup> )
AR-D1.1	932
AR-D1.2	676
AR-D1.3	1.260
AR-D1.4	2.673
AR-D1.5	2.238
AR-D1.6	4.837
AR-D1.7	6.810
AR-D1.8	2.578
AR-D1.9	5.814
AR-D1.10	3.848
AR-D1.11	2.476
AR-D2.1	5.882
AR-D2.2	9.954
AR-D2.3	7.046
AR-D2.4	20.397
AR-D3.1	16.593
AR-D3.2	3.990
AR-D3.3	5338
AR-D3.4	31.069
AR-D3.5	6057
AR-D3.6	7001
AR-D3.7	6.229
AR-D4.1	26.786
AR-D9.1	3.614

**ÁREAS DE PLANEAMENTO REMITIDO EN SOLO URBANIZABLE DELIMITADO**

	SUPERFICIE BRUTA (m²)
AR-SECTOR R1 Agra de Samoeiro	82.079
AR-SECTOR R2 Sada sur	55.321
AR-SECTOR T1 Polígono empresarial do Tarabelo	36.978
AR-SECTOR T2 Área de usos terciario de Osedo	129.752
AR-SECTOR T3 Área de usos terciarios de Vilar	38.154
AR-SECTOR I1 Polígono Industrial de Espírito Santo I	285.358
AR-SECTOR I2 Polígono Industrial de Espírito Santo II	190.313

**Análise do proxecto**

No concello de Sada non se localiza ningún espazo natural protexido.

Engadir que se procedeu a revisar a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia (DOG nº1, do 2 de xaneiro de 2012), actualmente en tramitación. Apreciase que a súa consideración non supón cambios respecto do sinalado no apartado anterior, non prevíndose a creación dun novo espazo protexido no concello de Sada.

Por outra parte, revisado o Inventario de Humidais de Galicia (IHG) obsérvase que no ámbito do Plan Xeral inclúese o humidal denominado "Brañas de Sada", asociado a bacía do Vao – Fontoira e orixinado tralo abandono da explotación de telleiras. O PXOM o cualifica como Solo Rústico de Protección Natural e, ademais, o ámbito periférico do mesmo cualifícase como Sistema Xeral de Espazos Libres.

En atención ao punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade relativo ás medidas necesarias para evitar o deterioro ou a contaminación dos hábitats situados fóra da rede Natura 2000, comprobouse, segundo a información do Inventario Nacional de Hábitats (2005), que no concello de Sada soamente consta unha tesela na que existen representacións dos seguintes hábitats:

COD. UE.	PRIORITARIO (SI/NO)	DENOMINACIÓN
3150	NO	Lagos eutróficos naturais con vexetación <i>Magnopotamion</i> o <i>Hydrocharition</i> .
6430	NO	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas das chairas e dos pisos montano e alpino.
91E0	SI	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )



O PXOM cualifica o seu ámbito como Solo Rústico de Protección Natural e Sistema Xeral de Espazos Libres.

No tocante ás augas superficiais, destacar que o Concello inclúese na bacía dos ríos Vao – Fontoira e, mais ao sur, en parte da do regato Maior. Todos eles cualifícanse como Solo Rústico de Protección de Augas.

Con relación ao Decreto 67/2007, de 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (actualizado pola Orden de 3 de outubro de 2011), comprobouse a presenza do coqueiro de Chile do Pazo de Meirás (*Jubaea chilensis*); aspecto non contemplado no PXOM de xeito específico, aínda que quedaría integrado no marco da protección patrimonial que se aplica ao conxunto do Pazo.

No que se refire á flora de interese inventariada, sinalar que segundo a información proporcionada polo Sistema de Información Territorial da Biodiversidade (SITEB), as cuadrículas de 10x10 onde se engloba o Concello de Sada son o ámbito das seguintes especies que se encontran incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas - modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto), coa categoría que se especifica:

(E) En Perigo de Extinción

(V) Vulnerable

FLORA	CGEA
<i>Petalonia zosterifolia</i>	E
<i>Omphalodes littoralis</i> subsp. <i>gallaecica</i>	E
<i>Linaria polygalifolia</i> subsp. <i>aguillonensis</i>	E
<i>Woodwardia radicans</i>	V
<i>Dryopteris aemula</i>	V
<i>Narcissus cyclamineus</i>	V
<i>Spiranthes aestivalis</i>	V
<i>Solieria chordalis</i>	V
<i>Vandenboschia speciosa</i>	V
<i>Dryopteris guanchica</i>	V
<i>Hymenophyllum tunbrigense</i>	V

A este respecto, información máis detallada, como a proporcionada polo Atlas da Flora Vascular Ameazada de España (cuadrículas 1x1), inclúe soamente a presenza da seguinte especie na delimitación do municipio.



(E) En Perigo de Extinción

(V) Vulnerable

FLORA	CGEA
<i>Woodwardia radicans</i>	V

En canto á fauna, sinalar que segundo a información proporcionada polo Sistema de Información Territorial da Biodiversidade, as cuadrículas de 10x10 correspondentes ao concello de Sada, son o ámbito das seguintes especies que se encontran incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas - modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto); coa categoría que se especifica:

(E) En Perigo de Extinción

(V) Vulnerable

(1) Poboacións nidificantes

<b>INVERTEBRADOS</b>	
<i>Bolma rugosa</i>	E
<i>Elona quimperiana</i>	E
<i>Margaritifera margaritifera</i>	E
<i>Echinus esculentus</i>	V
<b>PEIXES</b>	
<i>Petromyzon marinus</i>	V
<i>Alosa alosa</i>	V
<b>ANFIBIOS</b>	
<i>Chioglossa lusitanica</i>	V
<i>Rana iberica</i>	V
<i>Rana temporaria</i>	V
<i>Hyla arborea</i>	V
<b>REPTILES</b>	
<i>Iberolacerta monticola</i>	V
<b>AVES</b>	
<i>Burhinus oedicnemus</i>	E
<i>Botaurus stellaris</i>	E
<i>Milvus milvus</i>	E
<i>Puffinus mauretanicus</i>	E
<i>Anas crecca</i>	E(1)
<i>Vanellus vanellus</i>	E(1)
<i>Numenius arquata</i>	E(1)
<i>Gallinago gallinago</i>	E(1)
<i>Uria aalge</i>	E(1)
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	V
<i>Ixobrychus minutus</i>	V
<i>Circus cyaneus</i>	V
<i>Circus pygargus</i>	V
<i>Rissa tridactyla</i>	V
<i>Hydrobates pelagicus</i>	V
<i>Haematopus ostralegus</i>	V(1)
<i>Scolopax rusticola</i>	V(1)



MAMÍFEROS	
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	V
<i>Myotis myotis</i>	V
<i>Galemys pyrenaicus</i>	V
<i>Tursiops truncatus</i>	V
<i>Phocoena phocoena</i>	V

No ámbito de estudio non se inclúe ningunha superficie catalogada como IBA de Galicia.

Ademais, comentar que o ámbito do concello de Sada non está afectado polo Plan de Recuperación do Sapoconcho Europeo (*Emys orbicularis*) en Galicia; aprobado mediante Decreto 70/2013, do 25 de abril (DOG nº 90, do 13/V/13); aínda que si lo está polo Plan de Recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das cañaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, aprobado mediante Decreto 75/2013, de 10 de maio (DOG Nº 102, de 30/05/2013), coa seguinte zonificación, que afecta a todo o concello de Sada:

ESPECIE	CATEGORÍA	ZONIFICACIÓN
<i>Emberiza schoeniclus lusitanica</i>	En Perigo	Área Potencial

Ademais e segundo as propostas técnicas de zonificación dos plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando no Servizo de Conservación da Biodiversidade desta Dirección Xeral, comprobouse que o ámbito do Concello de Sada está afectado polas seguintes zonificacións:

ESPECIE	CATEGORÍA	ZONIFICACIÓN
<i>Woodwardia radicans</i>	Vulnerable	Área de Presenza
<i>Aves mariñas</i>	En Perigo / Vulnerable	Área Prioritaria

Engadir que na totalidade do concello de Sada tampouco sería de aplicación, ao respecto das medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión; o establecido pola resolución do 28 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se delimitan as áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de





aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

### **Conclusións**

Atendendo á súa consulta, en base á información dispoñible nestas dependencias e á información achegada, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no marco das súas competencias, considera que deben integrarse no PXOM as seguintes cuestións:

- En relación coas árbores senlleiras existentes no ámbito do Plan, sinalar que o PXOM deberá recoller a súa existencia e integrar ditas figuras dentro dalgunha das categorías de Solos Rústicos de Protección que prevea as ordenanzas axeitadas cara a evitar o seu deterioro en acordo ao sinalado polo antedito Decreto 67/2007.
- En relación coas especies protexidas presentes nos límites do Concello de Sada, comunícase da existencia para a súa consideración e conservación, das especies da flora e fauna reflectidas nas anteriores táboas; protexidas en base ao Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas -modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto; e localizadas, no que é posible, na área que se representa no plano adxunto titulado "Situación da flora e fauna ameazada respecto o Concello de Sada".
- Á parte das consideracións anteriores, esta Dirección Xeral informará, e de ser o caso autorizará, todas aquelas actuacións que desenvolvan ao presente PXOM e que poidan afectar, de forma directa ou indirecta, aos seguintes valores naturais:
  - Espazos naturais protexidos (Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza / Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais).
  - Especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas -modificado polo Decreto 167/2011, de 4 de agosto).




- Cursos fluviais (Lei 5/2006 do 30 de xuño, para a protección, a conservación e mellora dos ríos galegos, Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais).
- Hábitats naturais de interese comunitario recollidos no Inventario Nacional de Hábitats e localizados fora da rede Natura 2000 (punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade).
- Humidais en base ao Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.

O presente informe emítese sobre a documentación aportada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos, debendo cumprir o establecido no Plan de Ordenación do Litoral (P.O.L.), nas Directrices de Ordenación do Territorio (D.O.T.) e no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación deste proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2013

O Xefe do Servizo de Análise de Proxectos,  
Plans e Programas  
O Xefe de Área de Análise de proxectos:



José Manuel Pena Regueiro

Visto e Prace  
O Subdirector Xeral de Espazos  
Naturais e Biodiversidade



Rogelio Fernández Díaz

# INTEGRACIÓN DO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

---

INFORME DO 12 DE SETEMBRO DE 2012

Unha vez analizado o documento de Plan Xeral, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza realiza as seguintes observacións:

- Afirma que no Concello de Sada non se atopa ningún espazo natural protexido. Porén, recoñécese o humidal das Brañas de Sada dentro do Inventario de Humidais de Galicia.

O Plan outorga a clasificación de solo adecuado.

- Di que o Plan debe recoller, en relación ao Catálogo Galego de Árbores senlleiras, o Coqueiro de Chile do Pazo de Meirás, coa clasificación do solo adecuada que garanta a súa protección.

A árbores Coqueiro de Chile do Pazo de Meirás atópase incluído no Catálogo de Patrimonio do PXOM, na sección de Patrimonio Natural e co código A-1.

Dado que se atopa no recinto do Pazo de Meirás, pertence ao conxunto que foi declarado Ben de Interese Cultural. O Plan outorga aos terreos do Pazo o réxime de solo rústico de especial protección do patrimonio.

- O informe facilita, ao obxecto de ser tido en conta na planificación, unha relación de especies incluídas no Catálogo Galego de especies ameazadas, das que cabe destacar por estar incluídas en plans de protección e recuperación, as seguintes:

ESPECIE	CATEGORÍA	ZONIFICACIÓN
Emberiza Schoeniclus lusitanica	En perigo	Área potencial
Woodwardia radicans	Vulnerable	Área de presenza
Aves mariñas	En perigo/ Vulnerable	Área Prioritaria

## Integración

O Plan incorpora na súa documentación de análise e diagnose do ISA a información facilitada, incluso a información gráfica sobre a zonificación das devanditas especies nos planos de “Valores e potencialidades” e “Mapa ambiental” do Informe de Sostibilidade Ambiental.

En relación a especie *Emberiza Schoeniclus lusitanica*, dado que a totalidade do territorio municipal se conforma en Área Potencial, o Plan non establece máis determinacións específicas da derivada do réxime de clasificación do solo proposto no PXOM.

Considérase positivo para o desenvolvemento dos plans de recuperación a contención do desenvolvemento urbanístico auspiciado polo Plan, así como a grande extensión do solo rústico de especial protección da natureza.

En relación á especie *Woodwardia radicans*, considerando que a área de presenza se sitúa nos puntos de escorrenta de auga do entorno costeiro de Arnela e Morazón e basicamente no humidal das Brañas de Sada, o Plan establece determinacións específicas nas correspondentes fichas das áreas de planeamento remitido:

APR-PEPID “As Brañas de Sada”

APR-PEPID “Parque de Fontán”

En relación á presenza de Aves Mariñas na costa norte do litoral de Sada, o Plan establece un réxime de clasificación do solo favorable para a conservación destas especies, que se concreta na clasificación de solo rústico nas modalidades de protección da paisaxe, protección da costa e protección natural. Dado que na parte norte do litoral de Sada se atopan os asentamentos de Veigue e Carnoedo, o Plan establece determinacións para ser tidas en conta nas respectivas áreas de planeamento remitido:

APR-PEPOID Veigue

APR-PEPOID Carnoedo

INSTITUTO GALEGO  
DA VIVENDA E SOLO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS




Dirección Xeral do Instituto Galego  
da Vivenda e Solo  
Área Central, s/n - Poi. de Fontiñas  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 54 19 00 - Fax 981 54 19 27

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO  
REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA

003012 10 JUN 2013 08:05



OFICIO

Ref.: PL/bg

Asunto: Contestación relativa á emisión de informe sectorial

En atención ao escrito de 08.01.2013 dese concello solicitando informe sectorial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) no trámite de información pública para a súa aprobación, conforme ao artigo 85.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, informámoslle que a Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 derogou o disposto na disposición adicional primeira da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia. Nesta última establecíase a obriga dos concellos de solicitar na tramitación do PXOM á consellería competente en materia de vivenda un informe sobre o cumprimento dos estándares referidos a reservas de solo para vivendas suxeitas a réximes de protección e sobre a adecuación do plan á normativa de habitabilidade.

Lembramos que a normativa vixente en materia de vivenda é a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. A disposición derogatoria primeira desta lei derroga a Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.

Visto o exposto, non procede a emisión do informe sectorial solicitado segundo a disposición derogatoria única da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG núm. 61 do 31.03.2010) e a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia (DOG núm. 141 do 24.07.2012).

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2013

A directora xeral do IGVS



Ceresa María Curiérrez López

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SADA  
Avda. do Porto, 24  
15160 Sada (A Coruña)

galicia

INSTITUTO DE ESTUDOS  
DO TERRITORIO



## CONTESTACIÓN A CONSULTA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

Expediente IET: P-13-016

Plan ou programa: Plan xeral de ordenación municipal

Concello: Sada (A Coruña)

Promotor: Concello de Sada

O Concello de Sada somete a consulta do Instituto de Estudos do Territorio o Plan xeral de ordenación municipal (en adiante PXOM), de conformidade co disposto no artigo 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUG), no marco do procedemento de avaliación ambiental estratéxica que se desenvolve de conformidade coa Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

A documentación achegada está composta polo propio PXOM e o Informe de sustentabilidade ambiental (ISA), que forma parte daquel, e a consulta prodúcese en cumprimento do sinalado polo órgano ambiental (Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental) no documento de referencia emitido con data do 26/01/2011, en coherencia co disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 9/2006.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do *Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio*, e do artigo 13 do *Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*, o Instituto de Estudos do Territorio asume as competencias en materia de paisaxe.

As competencias en materia de paisaxe encádranse no marco da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que no seu artigo 2 expresa que un dos seus principios é o de defender e preservar a paisaxe, favorecendo unha relación harmónica e respectuosa entre a xente e o seu contorno, e promovendo un uso racional e ordenado do territorio, que teña en conta os valores naturais e culturais das paisaxes. Pola súa parte, o artigo 5 da Lei 7/2008 imponse aos poderes públicos a obriga de integrar *"a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe."*

O mecanismo fundamental que articula a Lei de protección da paisaxe para acadar os seus obxectivos son os catálogos e directrices da paisaxe, que lle corresponde formular á Comunidade Autónoma, pero que nesta data non están aínda aprobados, coa excepción da comarca paisaxística de Deza. Non obstante, conforme aos artigos 5 e 6 da lei, os poderes públicos deben integrar a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e as súas actuacións en materia de paisaxe terán como fins a protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia. Nese sentido debe destacarse a determinación 8.5 das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (DOT, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro), que sinala que en ausencia de catálogos e directrices de paisaxe, o planeamento urbanístico debe considerar a perspectiva global e integral da paisaxe, e seguir os criterios que expresa a memoria das propias DOT. Ademais deste mandato expreso, a consideración da paisaxe no planeamento urbanístico debe aterse a outras disposicións legais e normativas, entre as que cabe salientar a LOUG e o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia



(POL, aprobado polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro), sen esquecer outras, como as relativas ao patrimonio cultural ou á conservación da natureza.

Por outra parte, polo que atinxe ao contido do ISA, tal como sinala o artigo 84.6 da LOUG, debe terse presente o disposto no artigo 8 da Lei 9/2006, e na súa virtude o anexo I desa mesma lei.

## ANÁLISE DO CONTIDO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

### 1. Documentación do PXOM:

O PXOM incorpora un estudo da paisaxe no tomo de Estudo do medio rural e do modelo de asentamento. Ese estudo realiza unha serie de reflexións xerais sobre as características e a dinámica da paisaxe do termo municipal, identifica e describe unidades de paisaxe (o litoral, os asentamentos de poboación e o medio rural), sinala os principais valores paisaxísticos do concello (a costa, os cursos de auga e a vexetación asociada a eles, e as Braña de Sada), e analiza cinco áreas de intervisibilidade (Ría de Sada, Rego Maior-Sada, Costa de Carnoedo, Punta de San Mamede, área de Lorbé, Veigue, Cirro e San Pedro). O estudo inclúe un plano de unidades de paisaxe.

A memoria xustificativa do plan xunta dous anexos nos que se xustifica o cumprimento das DOT e do POL, se ben nestes anexos non se abordan algunhas determinacións sobre paisaxe establecidas polos citados instrumentos de ordenación do territorio. Así, o PXOM non inclúe o estudo sobre a paisaxe urbana que demanda a determinación 8.6 das DOT, o cal debe fundamentar e xustificar varias das medidas de ordenación adoptadas no solo urbano, ás que logo se fará referencia. Tampouco se especifica a aplicación dos criterios de integración paisaxística que establece o POL nos seus artigos 73 e seguintes (en particular os artigos 76 e 77).

Para os ámbitos remitidos a plans especiais de protección e de infraestruturas e dotacións, o PXOM impón a eses plans a realización dun estudo da paisaxe, o cal se valora como unha medida acertada para que os criterios de intervención sexan o máis respectuosos e congruentes posibles coa contorna paisaxística.

Nos planos de información non aparecen identificados ou delimitados elementos de especial valor ou interese paisaxístico, se ben na memoria explícase que se recoñecen como tales a área de mellora ambiental e paisaxística e os espazos de protección de ladeira do POL, os cales están delimitados como solo rústico de especial protección paisaxística nos planos de ordenación do termo municipal.

En varias das determinacións da normativa apréciase un tratamento singular de aspectos que gardan unha relación directa coa consideración da paisaxe, como nos artigos 3.2.4 (sobre as cubertas das edificacións), 3.2.5 (sobre corpos voados sobre espazo público), 3.2.6 (chafráns), 3.2.7 (balcóns e terrazas), 3.1.11 (construcións complementarias das principais), 3.2.12 (peches de parcelas), 3.2.13 (integración de obras e edificacións, paredes medianeiras, forma das parcelas edificables), 5.8 (pavimentación de espazos públicos e incorporación de arborado), varios das ordenanzas de solo urbano (nas que se establecen condicións orientadas á ocultación de paredes medianeiras vistas), 6.2.8 (tratamento especial de fincas singulares), 7.1.6 (condicións especiais de integración nos núcleos rurais), nas fichas dos ámbitos de desenvolvemento urbanístico (ocultación de medianeiras, integración topográfica, recorridos peonís), ou nas fichas dos ámbitos remitidos a plans especiais de protección (para os que se requiren estudos de paisaxe detallados).

### 2. Contido do ISA:

O informe de sostibilidade ambiental do PXOM practicamente carece de referencias á paisaxe. Se ben os aspectos que debería conter relativos á análise do estado actual da paisaxe no concello de



Sada poden considerarse cubertos no estudo de paisaxe que inclúe o estudo do medio rural e do modelo de asentamento, non ocorre o mesmo coa identificación e avaliación dos posibles efectos do PXOM sobre a paisaxe, aspecto no que non se incide.

Así mesmo, o ISA non expresa as medidas preventivas e correctoras que adopta na ordenación proposta, ou as que establece para o seu desenvolvemento.

### 3. A ordenación establecida polo PXOM e a súa incidencia na paisaxe:

O PXOM de Sada opera sobre unha realidade territorial moi condicionada polo desenvolvemento urbanístico producido nas últimas décadas. Así, unha das principais características da paisaxe municipal é o alto grao de ocupación do solo por vivendas e outras construcións, distribuídas de forma dispersa, non planificada, principalmente ao longo das principais vías de comunicación, as cales son uns dos lugares de observación máis frecuentados pola poboación. Pola súa parte, a paisaxe da vila de Sada viuse transformada nos últimos anos por mor dun crecemento urbano que, a pesar de estar previsto no planeamento urbanístico, non logrou potenciar os valores paisaxísticos existentes, en particular a relación coa fronte costeira e coas Brañas de Sada.

As áreas de asentamento disperso e a área urbana da vila son clasificadas ben como solo de núcleo rural, ben como solo urbano, recoñecéndose en definitiva o feito construído, e a ordenación detallada que se establece neses ámbitos responde aos condicionantes preexistentes, con pouco marxe de mellora, se ben as ordenanzas amosan unha preocupación pola integración paisaxística (en canto a aspectos como as medianieras vistas, a integración volumétrica ou a tipoloxía edificatoria), que merece ser valorada positivamente. Esa mesma intencionalidade se aprecia nas condicións que o PXOM establece para os ámbitos de desenvolvemento do solo urbano non consolidado.

Os desenvolvementos urbanísticos previstos polo PXOM por medio de solos urbanizables sitúanse xunto a tramados xa existentes, e non se identificaron valores paisaxísticos relevantes que determinen, por si mesmos, a incompatibilidade de tales desenvolvementos. Só cabe citar que o sector de uso industrial I-1, pola súa situación nunha pequena elevación, e debido ao tipo de edificacións que albergará, pode producir unha incidencia visual na contorna, polo que merecería un estudo preventivo, na liña das indicacións sobre integración paisaxística que recolle o artigo 77 do POL (que pode tomarse como referencia a pesar de que a zona en cuestión está fóra do ámbito deste plan). Así mesmo, o sector residencial R-1 está situado no bordo do mallado denso da vila, nun punto de contacto cunha contorna arborada que cumpre unha función de fondo paisaxístico, polo que sería recomendable que neste caso se tivesen especialmente en conta os criterios paisaxísticos que expresa o artigo 76 do POL.

Os principais valores paisaxísticos presentes aínda no territorio céntranse, como sinala o PXOM, na costa, nos cursos de auga coa súa vexetación asociada e nas Brañas de Sada. A franxa costeira, xunto coas elevacións do monte de Taibó-Meirás, clasifícanse como solo rústico de protección da paisaxe, o cal é congruente cos valores paisaxísticos sinalados, para esas áreas, polo Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL). Pola súa parte os cursos de auga e as Brañas de Sada non reciben esa clasificación, se ben a superposición das categorías de especial protección de espazos naturais e das augas implicará un nivel de protección equivalente á que outorgaría a protección paisaxística.

## CONCLUSIÓNS

O PXOM de Sada amosa que se tivo en consideración a paisaxe na toma de decisións sobre a planificación, tanto na análise global do territorio municipal como na resolución da ordenación urbanística en ámbitos concretos.


En xeral a ordenación urbanística que establece este PXOM pode valorarse positivamente en canto á consideración e tratamento dos recursos paisaxísticos. Non obstante iso, deberían emendarse as seguintes cuestións:

- Debería completarse a memoria xustificativa do PXOM, e máis concretamente os seus anexos 4 e 5 (relativos ás DOT e ao POL), en canto aos extremos que se sinalaron anteriormente.
- Debe incorporarse ao PXOM o estudo da paisaxe urbana que demanda a determinación 8.6 das DOT.
- O ISA debe identificar e valorar os efectos que pode ter o PXOM sobre a paisaxe. Para tal efecto, e dada a natureza da planificación urbanística, deberían diferenciarse os efectos directos (consecuencia de previsións concretas e detalladas do propio PXOM) dos indirectos (os que poden ser causados polos instrumentos de desenvolvemento do plan), posto que uns e outros requiren de diferente tipo de medidas preventivas e correctoras.
- O ISA debe detallar as medidas preventivas e correctoras en materia de paisaxe, dentro do marco orientador que expresa o punto 6.1.6 do documento de referencia emitido polo órgano ambiental.
- Debería analizarse a incidencia visual do sector de uso industrial I-1 e do sector residencial R-1, co fin de axustar as determinacións do PXOM, ou ben definir unhas medidas preventivas ou correctoras eficaces para o planeamento de desenvolvemento destas actuacións, para o que se deberían seguir os criterios do POL.
- Debería aclararse a referencia do artigo 3.2.13 da normativa a "áreas do territorio expostas visualmente conforme ao estudo da paisaxe", para que a cautela establecida resulte eficaz.

Finalmente, e por outra banda, cómpre sinalar que a pesar de que nesta data non están aprobados catálogos nin directrices de paisaxe que afecten ao concello de Sada, cando se desenvolvan as devanditas figuras, as súas determinacións deberán ser tidas en conta polo planeamento municipal, tal como sinala o artigo 10.4 da Lei 7/2008. As consideracións e análises sobre paisaxe realizados neste PXOM serán tidas en conta na redacción dos anteditos catálogos e directrices de paisaxe.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2013

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

  
José Luis Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos



  
Francisco Castillo Rodríguez

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio



  
Manuel Borobio Sanchiz

# INTEGRACIÓN DO INFORME DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

---

INFORME DO 7 DE XUÑO DE 2013

Logo de analizar en profundidade o Documento do PXOM, o informe establece, a modo de conclusión, as seguintes observacións:

- Completar as determinacións que sobre paisaxe establecen as DOT e o POL, e que se recollen en cadanseus Anexos á Memoria do PXOM.

## Integración

Procedeuse a completar ditos Anexos no senso de dar resposta ás determinacións que dende as DOT e o POL se fai sobre a paisaxe.

- Incorporar unha análise da paisaxe urbana ao estudo e análise da paisaxe de Sada.

## Integración

O Documento de Estudo do Medio Rural e Modelo de Asentamento, incorpora un apartado específico sobre a paisaxe urbana, na súa sección de Estudo da Paisaxe.

- Completar o ISA en relación a identificar e valorar os efectos sobre a paisaxe, diferenciando entre efectos directos e indirectos. Mesmo, detallar as medidas preventivas e correctoras en materia de paisaxe.

## Integración

Observación tida en conta no ISA, no apartado 6.2 *Efectos ambientais dos desenvolvementos propostos* e apartado 7 *Medias preventivas, correctoras ou potenciadoras*.

- Analizar a incidencia visual das áreas de desenvolvemento Sectores I-1 e R1 (agora denominado R2), e definir unhas medidas preventivas ou correctoras seguindo os criterios do POL.

## Integración

Todas as áreas de desenvolvemento urbanístico previstas no PXOM conteñen determinacións xurdidas, entre outras motivacións, dos criterios específicos de integración paisaxística expostos no artigo 76 do POL.

En relación a APR-Sector-I1 e a APR-Sector-R2, establécese ademais a determinación de incorporar ao Plan parcial un Estudo de Integración Paisaxística.

- Aclarar a referencia a “áreas do territorio expostas visualmente” do artigo 3.2.13 da Normativa.

#### Integración

As “áreas de alta exposición visual” ás que fai referencia o artigo 3.2.13 están representadas no plano IM-17 de Valores e Potencialidades. Corríxese , polo tanto, o erro detectado.

CONSELLERÍA DE  
ECONOMÍA E INDUSTRIA

SERVIZO DE  
ENERXÍA E MINAS



**XUNTA DE GALICIA**

**DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DA CORUÑA**

Xefatura Territorial da Consellería de  
Economía e Industria

*MINAS*


Edificio Administrativo Monelos  
Rúa Vicente Ferrer, 2, 1º e 2º andar  
15071 A CORUÑA

galicia

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA CORUÑA  
A CORUÑA

SAÍDA 17489 / RX 108444

Data 18/02/2013 11:40:25



**CONCELLO DE SADA**  
**AV. DO PORTO, 24**  
**15160 - SADA**

	Concello de Sada
	REXISTRO XERAL
	25 FEB. 2013
ENTRADA	
Nº	1415

**ASUNTO: Informe para o período de consultas do Plan Xeral de Ordenación Municipal  
de Sada.**

Remítese copia do informe realizado polos servizos técnicos desta Xefatura Territorial sobre os  
dereitos mineiros existentes no termo municipal de Sada.

A Coruña, 13 de febreiro de 2013.  
O xefe do Servizo de Enerxía e Minas,

Asdo.: Juan I. Lizaur Otero.



de: enxeñeiro de minas  
a: xefe do Servizo de Enerxía e Minas

## Informe sobre dereitos mineiros no concello de Sada

### Antecedentes

O Concello de Sada solicitou información sobre "usos e aproveitamentos industriais e mineiros" dentro do período de consultas do PXOM de Sada. A solicitude recibíuse nesta unidade o 24/01/2013.

### Consideracións legais e técnicas

- Segundo a aplicación de xestión do rexistro mineiro da Coruña, no concello de Sada consta o seguinte dereito mineiro:

id. rexistro	nome	tipo	recurso
AC/C/06009	Espíritu Santo II	concesión de explotación da sección C)	caolín

No cadro indícanse o número identificativo de rexistro, o seu nome, o tipo de dereito mineiro, e o recurso ou recursos minerais para os que se estendeu o título de outorgamento.

Xúntanse como anexo a relación de coordenadas que definen o dereito mineiro. No caso das seccións C), as coordenadas definen a área xeográfica na que se sitúan os recursos ós que se refire o dereito mineiro.

- A concesión de explotación Espíritu Santo II ten solicitadas dende o 16/10/2001 as demasías, coas seguintes coordenadas:

Vértice	Lo.º	Lo.º	Lo.º	La.º	La.º	La.º	UTM X	UTM Y
1	8º	17'	20"W	43º	19'	40"N	557655.18	4797547.38
2	8º	16'	20"W	43º	19'	40"N	559006.48	4797559.02
3	8º	16'	20"W	43º	18'	40"N	559022.61	4795708.04
4	8º	16'	40"W	43º	18'	40"N	558572.05	4795704.13
5	8º	16'	40"W	43º	18'	20"N	558577.39	4795087.14
6	8º	17'	0"W	43º	18'	20"N	558126.79	4795083.26
7	8º	17'	0"W	43º	18'	0"N	558132.09	4794466.27

8	8º	18'	0"W	43º	18'	0"N	556780.17	4794454.81
9	8º	18'	0"W	43º	19'	0"N	556764.66	4796305.78
10	8º	17'	20"W	43º	19'	0"N	557665.69	4796313.39

### Informe

Os sistemas de información desta xefatura territorial proporcionan información dos dereitos mineiros indicados.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA  
Xefatura Territorial da Coruña

Edificio Administrativo de Monelos, s/n  
Praza Luís Seoane, 1º e 2º andar  
15071 A Coruña  
Teléf.: 981 184 920

O artigo 14.2 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia (DOG do 24 de xuño), establece que: "Calquera prohibición contida nos instrumentos de ordenación de actividades incluídas na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e nesta lei, deberá ser motivada e non poderá ser de carácter xenérico".

Emito este informe ós únicos efectos da ordenación mineira.

A Coruña, 8 de febreiro de 2013

O enxeñeiro de Minas



Rafael Recuna Carrasco

## Consulta de dereitos mineiros



AC

Expediente igual a ac/c/06009

Data: 08/02/2013

Dereito	Espíritu Santo II	Estado	Outorgado
Código	AC/C/06009		
Extensión	350.00 m2		
Títular	Fojados Rivera, S.A.		
Recursos	CAOLÍN		
Concellos	Bergondo (A Coruña)		
Vértices	Cambre (A Coruña) Sada (A Coruña)		
	P1 : X=556815.63 (8° 17' 58") Y=4794606.89 (43° 18' 5") P2 : X=556801.76 (8° 17' 58") Y=4796207.05 (43° 18' 57") P3 : X=557701.68 (8° 17' 18") Y=4796214.66 (43° 18' 57") P4 : X=557692.93 (8° 17' 18") Y=4797214.8 (43° 19' 29") P5 : X=558792.94 (8° 16' 30") Y=4797224.26 (43° 19' 29") P6 : X=558801.63 (8° 16' 30") Y=4796224.12 (43° 18' 57") P7 : X=558501.58 (8° 16' 43") Y=4796221.52 (43° 18' 57") P8 : X=558508.49 (8° 16' 43") Y=4795421.59 (43° 18' 31") P9 : X=558108.6 (8° 17' 1") Y=4795418.15 (43° 18' 31") P10 : X=558115.47 (8° 17' 1") Y=4794618.22 (43° 18' 5")		

CONSELLERÍA DO  
MEDIO RURAL E DO MAR

DIRECCIÓN XERAL DE  
DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños - 15701  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teléfono 981-546177 - Fax 981-54 61 38

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 12/03/2013 11:26:31

SAÍDA 26080 / RX 164388



**Asunto: Remisión de informe INFORME SPLAN/MM/13/1025 SOBRE O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA).**


Remítese informe sobre o asunto.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2013.

Subdirección de Investigación e Apoio Científico Técnico.



José Molares Vilo.



Concello de Sada.

Avda do Porto, 24

15160 Sada

---

## INFORME SPLAN/MM/13/I025 SOBRE O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE SADA.

---

### 1.- INTRODUCCIÓN:

O Concello de Sada remite a documentación do PXOM co fin de realizar as observacións que se estimen oportunas á mesma.

### 2.- COMENTARIOS:

O obxectivo do PXOM é dotar ao Concello do documento de ordenación urbanística integral no que, ademais de definir os elementos fundamentais da estrutura xeral do Concello, se establezan as medidas orientadas para promover o seu desenvolvemento e execución.

Vista a documentación unicamente complementar a información sobre a utilización do litoral que se realiza por parte do sector pesqueiro no Concello de Sada. Non resulta sinxelo explicar o uso que se da a nivel de Concello dado que a estrutura do propio sector basease en parte, na existencia das Confrarías de Pescadores nas que, aínda que existen ámbitos territoriais non implica que estes coincidan cos límites administrativos dos Concellos, a isto se suma a existencia de plans conxuntos de explotación entre varias Confrarías que aportan algo máis de complexidade ao seguimento das actividades. Non fai falla recordar, e moito menos neste caso, que o desenvolvemento do sector pesqueiro é a orixe de moitas das poboacións do litoral galego.

No plano adxunto pódese observar a existencia de recursos mariños explotados na Ría de Ares e Betanzos, tanto de pesca, marisqueo como a situación dos polígonos de cultivo.

No rexistro de buques da Consellería do Medio Rural e do Mar, constan 35 barcos con porto base en Sada, isto non quere dicir que sexan os únicos barcos que fan utilización do porto ou da lonxa para a primeira venda das capturas. De feito, é moi habitual que as capturas se trasladen a outros puntos de venda autorizados na procura de mellores prezos á hora da primeira venda. No Servizo de Análises e Rexistros consta que o porto de Sada é utilizado habitualmente como punto de descarga de pesca para tanto o seu transporte cara outros puntos de venda como para a primeira comercialización na lonxa do mesmo porto. Na táboa se amosan os datos dos últimos anos, do ano 2013 só se amosan os rexistrados no que vai de ano.

Ano	Nº Buques
2008	35
2009	32
2010	43
2011	53
2012	38
2013*	17

A modo de actualización dos datos que tiñan no momento da redacción do PXOM no Tomo I- Información Xeográfica e Histórica de Sada sobre o subsector pesqueiro no Concello. Os últimos datos reflectidos



pola Plataforma pesqueira: [www.pescadegalicia.com](http://www.pescadegalicia.com) son:

Ano	Kg	€
2010	1.494.798	1.218.737
2011	865.192	997.612
2012	504.726	820.696
2013*	31.343	58.110

Só se amosan os datos que existen rexistrados ata o 18/01/2013

Esta zona está autorizada pola Orde do 8 de setembro de 2006 (DOG Nº 177, 13 de setembro) como zona de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños modificada polas seguintes Ordes: Orde do 19 de xullo de 2010 (DOG Nº 143, 28 de xullo), Orde do 14 de marzo de 2011 (DOG Nº 60, 25 de marzo), Orde do 6 de xullo de 2011 (DOG Nº 136, 15 de xullo), Orde do 23 de novembro de 2011 (DOG Nº 227, 28 de novembro), Orde do 8 de marzo de 2012 (DOG Nº 58, 23 de marzo), Orden 5 de outubro de 2012 (DOG Nº 194, 10 de outubro) así como as Resolucións da Dirección do INTECMAR de datas: 14 de marzo de 2011, 14 de abril de 2011, 9 de maio de 2011, 9 de xuño de 2011, 17 de xuño de 2011, 3 de outubro de 2011, 13 de outubro de 2011, 24 de outubro de 2011, 14 de novembro de 2011, 20 de xaneiro de 2012, 14 de marzo de 2012, 28 de marzo de 2012, 19 de abril de 2012, 30 de abril de 2012, 14 de xuño de 2012, 11 de xullo de 2012, 27 de agosto de 2012, 14 de setembro de 2012, 8 de outubro de 2012, 16 de novembro de 2012, 10 de decembro de 2012, 14 de xaneiro de 2013, 23 de xaneiro de 2013 publicadas na páxina web do Intecmar: <http://www.intecmar.org/informacion/microbio/resoluciones.aspx?sm=d1>.

O litoral do Concello de Sada está incluído como GAL 04/01 para a produción de moluscos bivalvos e gasterópodos tanto unha clasificación microbiolóxica de B, GAL 12 para os polígonos de cultivo Sada A e Sada B tamén clasificada como zona B e como GAL 04 para a explotación de equinodermos cuxa calidade é de zona A para este organismo. As diferenzas de clasificación das zonas de cultivo veñen relacionadas coa concentración de *Escherichia coli* da regulamentación europea de hixiene dos alimentos, sendo a zona A a de maior calidade e cuxa comercialización do produto extraído pode realizarse de forma directa, mentres que para os extraídos en zona B implica o previo paso por unha depuradora antes da súa comercialización para o consumo humano. Esta clasificación das zonas de produción está vinculada as boas prácticas nos sistemas de saneamento de augas residuais posto que se basea na concentración de microbioloxía fecal que existe no medio acuático.

Na Orde do 28 de decembro de 2012 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2013 (DOG núm. 248, do 31 de decembro de 2012), apróbanse:

- Plan de Explotación (PE) Conxunto das Confrarías de Sada e Miño para a extracción de moluscos bivalvos na modalidade de marisqueo a pé. Neste plan están autorizadas 23 mariscadoras para a extracción de Ameixa fina (*Ruditapes decussatus*), ameixa babosa (*Venerupis pullastra*), ameixa xaponesa (*Ruditapes philippinarum*), berberecho (*Cerastoderma edule*) e longueirón vello (*Solen marginatus*). Unha das características de este plan é que a maior carga de traballo implica o traslado das especies autorizadas cara outros bancos de explotación conxunta para mellorar o crecemento dos individuos.





- PE Conxunto das Confrarías de Coruña, Mera, Lorbé e Sada para a explotación do Percebe (*Pollicipes pollicipes*) baixo as modalidades de a pé e dende embarcación. Autoriza a 19 mariscadores a pé e 35 embarcacións.

- PE Conxunto das Confrarías de Coruña e Barallobre para o ourizo (*Paracentrotus lividus*) con mergullo con subministración de aire dende superficie e que autoriza a 7 embarcacións e 17 mergulladores.

A única observación que se realiza dende esta unidade é que, aínda que os PXOM sexan documentos urbanísticos que aspiran a integrar o desenvolvemento dos Concellos, resulta imprescindible que se atenda á relación e consecuencias que o desenvolvemento do territorio pode ter, e de feito ten, no litoral, entendendo como tal, non só como a franxa de terreo que esta establecida no Plan de Ordenación do Litoral e ao que se fai constante referencia no PXOM, se non tamén as augas que bañan o mesmo.


Non fai falla recordar a importancia que ten o mar e os usos que de el se fan en Galicia, tanto directamente como indirectamente, pero si resulta recomendable remarcar que moitos dos refugallo da terra acaban nas augas litorais. Unha mala xestión das redes de saneamento, a non correcta depuración das augas residuais urbanas e industriais cuxos vertidos acaban en moitos casos no mar, fan que a calidade das augas poidan verse afectadas e con ilo os usos que do mar se pode facer. Esta cuestión resulta de suma importancia de cara ao sector marisqueiro, acuícola e pesqueiro da Ría de Ares e Betanzos, o mantemento, o control e o bo dimensionamento das redes de saneamento e depuración de todos os tipos de augas residuais é un punto fundamental a ser tido en conta entre os obxectivos do PXOM. Hai que salientar que é un obxectivo complexo e que require ineludiblemente a coordinación co resto de Concellos así como da Administración autonómica e estatal.

Tamén recordar as diferentes obras que se realizan no litoral e que poden modificalo irreversiblemente como poden ser espigóns, dragaxes, recheos...Todas estas actuacións deberían contar con medidas de corrección, prevención, mitigación ou compensación necesarias para evitar impactos indesexables no medio mariño.

Adxúntanse os informes: do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura e da Unidade Técnica de Pesca de Baixura (INF/UTPB/13/S011).

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2013  
Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro  
Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-técnico.  
Servizo de Planificación  
Técnica do Medio Mariño- Corp. Esp. Biólogos.

Asdo: Beatriz Asorey Torres



**INF/UTPB/13/S011 INFORME BIOLÓXICO DA FLOTA DE ARTES MENORES DAS RÍAS DE ARES-BETANZOS****1. INTRODUCCIÓN**

A Ría de Ares-Betanzos atópase dentro da zona administrativa VII de Galicia. Dende 1999 a UTPB fai o seguimento da actividade pesqueira nas costas de Galicia e na súa base de datos consta que na área de estudo desenvolven a súa actividade pesqueira embarcacións do censo de artes menores pertencentes aos portos de Lorbé, Pontedeume Sada, Miño e Ares.

Co fin de avaliar a actividade pesqueira nas zona da Ría de Ares-Betanzos, analízase a composición da flota do censo de artes menores pertencente as confrarías e portos desta zona. Tamén estúdanse as artes de pesca que traballan en dita zona e os principais recursos explotados.

**2. FLOTA E AUTORIZACIÓNS**

Actualmente na Zona da Ría de Ares-Betanzos hai 61 embarcacións da flota de artes menores con autorizacións á pesca: 18 (29,6%) teñen porto base en Pontedeume, 17 (27,9%) en Sada, 14 (22,9%) en Lorbé, 6 (9,8%) en Miño e Ares (Táboa I).

**Táboa I.** Embarcacións artes menores por portos e tamaño segundo D15/2011 (Fonte: SIPDBM, do Servizo de Análise e de Rexistros).

	I	II	III	IV	V	VI	VII	Total	%
Lorbé	-	-	3	6	1	4	-	14	22,9
Sada	1	10	5	-	1	-	-	17	27,9
Miño	5	1	-	-	-	-	-	6	9,8
Pontedeume	16	1	1	-	-	-	-	18	29,6
Ares	-	1	2	2	1	-	-	6	9,8
<b>Total</b>	<b>22</b>	<b>13</b>	<b>11</b>	<b>8</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>61</b>	
(%)	36,1	21,3	18,0	13,1	4,9	6,6	0		

A maioría destas embarcacións son de pequeno porte e traballan no interior da Ría. O 57,4% delas son menores de 2,5 TRB (Táboa I, embarcacións tipo I e II) e a porcentaxe vai diminuindo coa categoría de segmentos de TRB, non habendo ningunha embarcación na categoría maior, de embarcacións con 20 ou máis TRB.

As embarcacións de artes menores da Ría de Ares-Betanzos dispoñen dun total de 219 autorizacións a 15 artes diferentes no seu permiso de explotación (Táboa II). Por tipos de arte, o enmalle representa o 42% do total das artes autorizados (principalmente os trasmallos cun 16,4%), as nasas un 29,7% (fundamentalmente nasa de polbo e nasa de nécora-camarón), o anzol o 16%, marisqueo co 10%, cerco cun 0,5% e algas co 0,9%.



**Táboa II.** Artes autorizadas nos permisos de explotación das embarcacións de artes menores da Ría de Ares-Betanzos segundo o seu tamaño (Fonte: SIPDBM, do Servizo de Análise e de Rexistros).

ARTE	I	II	III	IV	V	VI	VII	TOTAL	%
Algas		1	1					2	0,9
Liña o cordel	9	3	3	1		3		19	8,7
Marisqueo	20	1			1			22	10,0
Miños	2	5	7	8	3	4		29	13,2
Nasa centola						1		1	0,5
Nasa choco			1					1	0,5
Nasa nécora e camarón	7	12	10	2	1			32	14,6
Nasa peixes					1			1	0,5
Nasa polbo	2	6	8	7	3	4		30	13,7
Palangrillo	1	8	2	1	2	2		16	7,3
Percebe		2						2	0,9
Racu	15		1					1	0,5
Trasmallos	3	11	11	7	2	2		36	16,4
Vetas	2	4	7	7	1	2		23	10,5
Xeito	1	1	1			1		4	1,8
Total	62	54	52	33	14	19	0	219	
%	28,3	24,7	23,7	15,1	6,4	8,7	0		

O 53% das artes autorizadas pertencen a embarcacións menores de 2,5 TRB (Tipo I e II da táboa II), 23,7% están entre 2,5 e 5 TRB (Tipo III), e o 30,1% superan os 5 TRB (Tipo IV ao VII da táboa II).

### 3. SEGUIMENTO DA UTPB NA ZONA

#### 3.1 ARTES E LANCES

A UTPB observou un total de 227 lances a 5 artes diferentes con embarcacións de 9 portos base diferentes na zona de estudo (Táboa III). Hai 14 lances con endeño remolcado que non foron tidos en conta por tratarse de probas dun arte, non de pesca comercial, pero que si aparecen no mapa anexo.

Por portos, as embarcacións que traballaron na zona teñen o seu porto base en 9 localidades distintas (Táboa III). Destacan o porto de Lorbé con 150 (66,1%) e o da Coruña con 19 (8,4%).

Por artes (Táboa III), a nasa de polbo é a arte cun maior número de lances, 126 (55,5% do total) seguido de miños cun 20,3% e nasa de nécora-camarón cun 15%, como as máis importantes.

**Táboa III.** Número de lances por porto e arte das embarcacións que faenaron na Ría de Ares-Betanzos

	Coruña	Caión	Laxe	Lorbé	Malpica	Mugardos	Ferrol	Ponte-deume	Sada	Total
<b>Vetas</b>	1			6		1		2	1	11
<b>Miños</b>			2	37	2	1	2	1	1	46
<b>Nasa nécora e camarón</b>	2								32	34
<b>Nasa polbo</b>	16	2		101		6	1			126
<b>Trasmallos</b>				6					4	10
<b>Total</b>	19	2	2	150	2	8	3	3	38	227

### 3.2 COMPOSICIÓN DAS CAPTURAS

**Táboa IV.** Composición da captura (porcentaxe peso total) por artes.

ARTE	ESPECIE		
	Nome científico	Nome común	TOTAL
VETAS	<i>Merluccius merluccius</i>	Pescada	28,5
	<i>Scomber scombreus</i>	Xarda	13,6
	<i>Trisopterus luscus</i>	Faneca	12,4
	Outras		45,5 (42 spp.)
TRASMALLOS	<i>Maja brachydactyla</i>	Centola	71,6
	<i>Solea vulgaris</i>	Linguado	6,0
	<i>Sepia officinalis</i>	Choco	4,3
	Outras		18,1 (32 spp.)
MIÑOS	<i>Maja brachydactyla</i>	Centola	63,1
	<i>Raja undulata</i>	Raia	8,1
	<i>Sepia officinalis</i>	Choco	6,2
	Outras		22,6 (66 spp.)
NASA NEC.-CAM	<i>Necora puber</i>	Nécora	27,4
	<i>Octopus vulgaris</i>	Polbo	29
	<i>Palaemon serratus</i>	Camarón común	39
	Outras		4,6 (12 spp.)
NASA POLBO	<i>Octopus vulgaris</i>	Polbo	93,9
	Outras		6,1 (25 spp.)

As principais especies capturadas en función das arte de pesca utilizada figuran na táboa IV.

A centola é a especie obxectivo no enmalle de 3 panos (miños e trasmallos) e a pescada no enmalle dun só pano (vetas). O polbo é a especie obxectivo para a nasa de polbo e camarón, nécora e polbo na nasa de nécora e camarón.





#### 4. PLANS EXPERIMENTAIS E DE XESTIÓN QUE INCLUEN ESTA ZONA DE TRABALLO

No hai plans específicos para a zona, tan só plans xerais que abranguen toda Galicia como o do polbo e o da centola.

#### 5. CONCLUSIÓNS

- Na Ría de Ares-Betanzo hai 61 embarcacións con porto base na área de estudo. Os portos con maior flota son Pontedeume (29,6%), Sada (27,9%) e Lorbé (22,9%).
- A maioría son embarcacións de pequeno porte, un 57,4% das embarcacións son menores de 2,5 TRB, tipo I e II.
- As embarcacións dispoñen dun total de 219 autorizacións a 15 artes diferentes no seu permiso de explotación, sendo o enmalle (miños, vetas e trasmallos) as nasas (polbo e nécora-camarón) as principais.
- Nos 227 lances de 5 artes observados pola UTPB se capturaron un total 83 especies diferentes.
- As principais especies obxectivos son os cefalópodos (polbo) para as nasas de polbo e nécora-camarón, os crustáceos (a centola no enmalle e a nécora e o camarón na nasa nécora-camarón), e diversos peixes nas artes de enmalle (pescada nas vetas).
- Non atopamos plans específicos para a zona, tan só plans xerais que abranguen toda Galicia.

Santiago de Compostela, a 1 de marzo de 2013



Rafael Bañón Díaz  
Biólogo UTPB. Servizo de Planificación



## INFORME SOBRE A INCIDENCIA DO ORDENAMENTO PREVISTO NO “DOCUMENTO INICIAL DE APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA) DE OUTUBRO DE 2012” NO SECTOR DA ACUICULTURA.

### INTRODUCCIÓN

Con data do 12 de febreiro de 2013, a Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico solicita informe sobre a incidencia no sector da acuicultura do ordenamento previsto no *Documento inicial de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Sada (A Coruña)* de outubro de 2012. Dende o Servizo de Innovación Tecnolóxico da Acuicultura informase das incidencias que poida producir a ordenación prevista no dito PXOM na planificación da Acuicultura e nos establecementos de acuicultura situados no concello de Sada e no seu entorno.

### CONSIDERACIÓNS SOBRE DOCUMENTO DE INCIO PARA A APROBACIÓN DO PXOM

1.- Segundo a *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia*, o plan xeral de ordenación municipal é o instrumento de ordenación do territorio dun concello, ao que lle corresponde definir o modelo urbano e as grandes liñas dos novos desenvolvementos, polo que clasifican o solo, establécense os elementos da estrutura xeral e orgánica do territorio, dividen o solo urbano en distritos, delimitan os sectores do solo urbanizable, fixan as áreas de reparto e o aproveitamento tipo, se é o caso, inclúen os elementos susceptibles de protección, e determinan as previsións temporais de desenvolvemento e execución da política urbanística.

2.- Segundo o documento no Concello de Sada, o sector primario atópase nun estado de recesión, de xeito que descendeu o número de empregados en favor do sector terciario, ademais, existe unha forte presión da área urbana o que condiciona os aproveitamentos e usos do solo que en moitas ocasións perden a súa “vocación” na espera de futuras recalificacións.

En canto ao emprego, o sector primario representa o 3% da man de obra local, principalmente na pesca. No porto de Sada, localizado no lugar de Fontán traballa a flota de baixura, que ten capturas de xurelos, sardiñas, xoubas e xardas que se comercializan en diferentes lonxas da comarca coruñesa e tamén fóra da comunidade galega. Tamén sobresaí o marisqueo, con especies como o berberecho e as ameixas fina e babosa.

3.- Como se indica no documento, o dominio público portuario do *Porto de Sada –Fontán*, adscrito á entidade Portos de Galicia, está afectado pola lexislación sectorial de portos e polo Plan especial de usos do porto que está actualmente en tramitación, segundo indican os autores do plan, aínda que esta recollido no PXOM.

4.- Segundo o punto 1 do apartado 3.3. *Determinacións para o desenvolvemento das actividades produtivas no medio rural* do Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as *Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)*, para acadar unha mellor integración territorial, as actuacións promovidas polas diferentes administracións sectoriais (agricultura, gandaría, montes,...) deberán desenvolverse en coordinación cos instrumentos de ordenación do territorio, co obxectivo de garantir unha mellor coordinación territorial.

Con respecto á acuicultura, as DOT establecen que os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico, na formulación das súas propostas de ordenación, terán presente o valor do litoral e das augas interiores como soporte da pesca, o marisqueo e a acuicultura. No documento indícase que o PXOM de Sada ten en conta os valores produtivos do litoral e non contempla determinacións que afecten negativamente a



ditos valores

5.-No PXOM dentro do *Título V “Definición e clasificación dos usos. Normas reguladoras”* clasifican os diferentes tipos de solo e os usos permitidos, e máis concretamente con respecto á acuicultura no artigo 4.3.3 *Actividades e usos construtivos* en solo rustico, inclúe no apartado L as construcións e instalacións destinadas aos establecementos de acuicultura, que clasifican en:

- L1 – construcións e instalacións de apoio á acuicultura e marisqueo de carácter tradicional
- L2 – construcións e instalacións acuicultura en terra

Estes usos están definidos no artigo 46 do *Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL)* indicando que son actividades admisibles nos solos clasificados polos planeamentos urbanísticos como rústicos e, polo tanto non sometidos a procesos de urbanización.

7.- Segundo a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia os establecementos de acuicultura situados na zona terrestre e en propiedades privadas requirirán o oportuno permiso de actividade, sen prexuízo dos demais permisos, licenzas e autorizacións que lles corresponda outorgar a outros organismos no exercicio das súas competencias. No suposto de que estes establecementos precisen da correspondente concesión de actividade, o permiso de actividade integrárase na resolución da concesión.

8.- Nestes intres estase elaborando o Plan Director de Acuicultura Litoral, previsto nas DOT, que ten como obxectivo principal o de establecer “a definición das directrices para a instalación de establecementos de cultivos mariños na zona terrestre, así como para a ampliación dos establecementos existentes”.

9.- En tanto non se aprobe o dito plan, o réxime aplicable ás instalacións de acuicultura que se pretendan instalar no litoral galego será o que figura no punto 4 do artigo único da *Orde de 15 de marzo de 2012 conxunta das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas e o Medio Rural e do Mar, sobre o réxime da avaliación ambiental dos establecementos de acuicultura na parte litoral da zona terrestre*. Ata a entrada en vigor do Plan Director da Acuicultura Litoral e de acordo coas súas determinacións non se poderán autorizar instalacións de acuicultura na parte litoral da zona terrestre de aquelas zonas de protección intermareal e costeira, e demais espazos en que este uso está considerado incompatible, segundo o establecido no POL ou no réxime específico de conservación do espazo natural de que se trate.

Por outra parte nas zonas de compatibilidade de usos de nivel 1 (zonas sen protección de ningunha clase, así como os espazos portuarios que non estean baixo ningunha clase de protección) e de nivel 2 (zonas de mellora ambiental do POL, Zonas de Reserva da biosfera e humedais litorais protexidos pero non incluídos nos niveis 3 ou 4) son aptas de inmediato para o desenvolvemento da actividade acuícola, agás nas zonas descontinuas (corredores ecolóxicos e espazos de interese) nas que as instalacións de acuicultura en terra son incompatibles segundo o artigo 57.3 e 58.3 do POL.

No ámbito do concello de Sada a maior parte do seu territorio esta incluído na zona grao de compatibilidade 1 e 2 como se poder observar no visor cartográfico: <http://www.intecmar.org/esga/PDAL/Cartografia.aspx>. Dentro do concello, tan só a franxa costeira (agás o dominio público portuario do *Porto de Sada – Fontán*), e unha área situada ao noroeste do porto figuran como de nivel 3 de compatibilidade. No visor tamén se poden observar a zonas descontinuas incompatibles co uso acuícola.



## ESTABLECEMENTO DE ACUICULTURA

### 1.- Acuicultura na zona terrestre

No concello de Sada na actualidade tan só está autorizado un establecemento de acuicultura localizado no Porto de Sada – Fontán. Por *Resolución do 28 de xuño de 2012 da Consellería do Medio Rural e do Mar* foi outorgado o permiso de actividade para a posta en funcionamento e explotación dunha planta piloto para o cultivo intensivo de macroalgas de interese industrial no porto de Sada titularidade de Algafres, S.L (publicada no DOG nº 138 do 19 de xullo de 2012).

### 2.- Acuicultura na zona marítima

Na banda sur da Ría de Ares e Betanzos e ao norte do porto de Sada, están localizado os polígonos de viveiros flotantes Sada 1 e 2 (táboa I). Os polígonos foron creados como Sada A e B pola *Orden do Ministerio de Comercio do 14 de febreiro de 1974* (BOE nº 75 de 28 de marzo de 1974). Posteriormente pola *Orden do 28 de outubro de 1996* (DOG nº 226 de 19 de novembro de 1996) procedeuse a súa reordenación e ao cambio do nome dos polígonos A e B polos de Sada 1 e 2 respectivamente. Estes polígonos están localizados no distrito marítimo de Sada (entre punta Carboeira e punta da Torrella); a zona marítima corresponde maioritariamente ao concello de Sada, agás unha zona do polígono Sada 1 que está situado en fronte ao concello de Oleiros (ver Anexo I). Aínda que a ordenación prevista no PXOM de Sada non afecta directamente á ordenación, xestión e actividade dos polígonos de viveiro, consideramos que á actividade dos mesmos deber estar reflectida no apartado socioeconomía de o concello xa que boa parte de actividade en terra asociada a estes cultivos desenvólvese no porto de Sada.

O número total de cuadrículas dos 2 polígonos é de 149 (táboa I). Delas na actualidade están ocupadas 138 (93% do total): 104 para a produción de mexillón (*Mytilus galloprovincialis* Lamarck, 1819), 2 dúas para especies varias e 24 experimentais (moluscos bivalvos, peixes, algas, etc). A produción de mexillón total en 2011 foi de 6.622 t (táboa II).

No porto de Sada están censados 8 barcos auxiliares de acuicultura que supoñen un arqueo total de 334 TRB (398 GT) e 1651 CV.


Táboa I: Número de cuadrículas nos polígonos de viveiros flotantes da Ría de Ares e Betanzos.

Distrito Marítimo	Polígono de viveiros	Cuadrículas		Tipo de cultivo		
		Totais	Ocupadas	Mexillón	Outras	Experimentais
Sada	1	109	99	83	1	15
	2	40	39	21	1	17
Total		149	138	104	2	32

Táboa II: Produción (kg) de mexillón nos polígonos de viveiros flotantes Sada 1 e Sada 2.

Ano	Produción de mexillón (kg)		
	Sada 1	Sada 2	Total
2009	4.671.740	2.439.643	7.111.383
2010	4.876.365	1.700.954	6.577.319
2011	4.270.862	2.351.718	6.622.580





No que respecta aos cultivos experimentais nos polígonos de viveiros flotantes podemos destacar as seguintes experiencias:

- Cultivo de algas mariñas en liñas de cultivo nunha cuadrícula do polígono Sada 2. As especies autorizadas son *Undaria pinnatifida* (Harvey) Suringar, 1873, *Saccharina latissima* (Linnaeus) C.E.Lane, C.Mayes, Druehl & G.W.Saunders, 2006, e especies do xénero *Codium* Stackhouse, 1797. A produción declarada en 2011 foi de 216 kg de argazo real (*Saccharina latissima*).
- Captación de semente de mexillón en 16 cuadrículas (6 no polígono Sada 1 e 10 no polígono Sada 2) nas que se está experimentando con diferentes colectores de semente colocados en artefactos flotantes (bateas e liñas de cultivo).
- Engorde de volandeira (*Aequipecten opercularis* (Linnaeus, 1758)) e zamburiña (*Mimachlamys varia* (Linnaeus, 1758)) nunha cuadrícula do polígono de bateas Sada 1.
- Para cultivo de peixes en gaiolas están autorizadas 15 cuadrículas, nas que se realizan experiencias con diferentes especies. A produción de ollomol *Pagellus bogaraveo* (Brünnich, 1768) en 2011 foi de 245 toneladas (Figura 1)..




Figura 1: Producción de ollomol *Pagellus bogaraveo* (Brünnich, 1768) en gaiolas no polígono de viveiros flotantes Sada 1.

### 3.- Acuicultura continental

No ámbito do Concello de Sada non está autorizada ningunha granxa de acuicultura continental.

### CONCLUSIÓNS

O Documento inicial de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Sada (A Coruña) establece as zonas onde as instalacións de acuicultura mariña en terra poden ser un uso permitido ou compatible coa calificación do solo, segundo o establecido no Plan de Ordenación do Litoral e nas Directrices de Ordenación do Territorio. Sen embargo, aínda que a delimitación de espazos e usos dos portos queda fora do ámbito dos PXOM, no documento non se fai mención a acuicultura mariña




desenvolvida nos polígonos de viveiros flotantes Sada 1 e 2 como fonte de emprego e riqueza para o concello.

Convén recordar tamén que en tanto non se aprobe o Plan Director de Acuicultura Litoral, previsto nas DOT, o réxime aplicable ás instalacións de acuicultura que se pretendan instalar no litoral galego será o que figura no punto 4 do artigo único da *Orde de 15 de marzo de 2012 conxunta das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e infraestruturas e o Medio Rural e do Mar, sobre o réxime da avaliación ambiental dos establecementos de acuicultura na parte litoral da zona terrestre*. Ata a entrada en vigor do Plan Director da Acuicultura Litoral e de acordo coas súas determinacións non se poderán autorizar instalacións de acuicultura na parte litoral da zona terrestre de aquelas zonas de protección intermareal e costeira, e demais espazos en que este uso está considerado incompatible, segundo o establecido no POL ou no réxime específico de conservación do espazo natural de que se trate.


Santiago de Compostela, 07 de marzo do 2013


Manuel García Tasende  
Titulado Superior Biólogo  
Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura



## ANEXO I

### LOCALIZACIÓN DOS POLÍGONOS DE VIVEIROS FLOTANTES SADA 1 E 2





**LANCES E RECURSOS MOSTREXADOS POLA UTPB**

**CONCELLO DE SADA, A CORUÑA**

**RIA DE ARES/ BETANZOS**

Unidade Técnica de Ares de Baxura - UTPB -  
Servizo de Planificación  
D. X. de Ordenación e Xestión dos Recursos Marítils  
Consellería do Medio Rural e do Mar

**XUNTA DE GALICIA**

Proxecto: UTM Elipsoidal Internacional  
European Datum 1950 (ED-50)  
Escala: 1:65.000  
Feb. 2013

Carta: UTPB, Dec. 2012



# INTEGRACIÓN DO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

---

INFORME DO 11 DE MARZO DE 2013

O informe remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a nivel conceptual, pode dividirse en dúas partes: unha informativa e outra crítica.

- Por unha banda, o informe aporta datos actualizados sobre a explotación dos recursos pesqueiros: a pesca, o marisqueo e a acuicultura; con estatísticas sobre autorizacións, capturas, produción, etc.

Aporta documentación gráfica referente a lances y recursos.

## Integración

Procedeuse a modificar o documento informativo da “Información Xeográfica” (Tomo I), incorporando os datos facilitados aos apartados adicados ao subsector pesqueiro. Mesmo incorporouse a información gráfica ao plano IM-17 “Valores e potencialidades”.

- A parte crítica do informe resalta a importancia que ten para a conservación dos recursos mariños a correcta xestión dos refugallos que se producen en terra e que constitúen unha ameaza ou perigo potencial. Recorda a importancia que ten o bo funcionamento das infraestruturas de depuración e o do dimensionado das redes de saneamento.

## Integración

O PXOM incorpora un conxunto de accións de mellora da rede de saneamento de augas co obxectivo de mellorar o funcionamento da rede e evitar a contaminación do medio receptor.

Entre elas cabe citar a eliminación de bombeos, a incorporación dun sifón, á altura do Rego Maior, e a previsión de dous tanques de treboada que eviten a saturación da EDAR en momentos de avenida.


PORTOS DE GALICIA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

SERVIZOS CENTRAIS  
Praza de Europa 5 A - 6º  
Teléfono: 902 400 870 - Fax: 981 545 324  
www.portosdeg Galicia.com  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

de Galicia



OFICIO

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR		portos de Galicia
SERVICIOS CENTRAIS		
DATA	- 2 ABR. 2013	
Nº ENTRADA	Nº SAIDA	
—	9612 - 1233	

Asunto: informe á aprobación inicial do PXOM de Sada

Xunto lle remito o informe do asunto emitido pola xefa da área de explotación e planificación portuaria.

Santiago de Compostela,

- 2 ABR. 2013



ALCALDE DO CONCELLO DE SADA

galicia



## INFORME DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SADA

SOLICITANTE: Concello de Sada (A Coruña)

### ANTECEDENTES

O Concello de Sada solicitalle a Portos de Galicia o 15/01/2013 (núm. de rexistro de entrada 3150 do 22/03/2012) o seu informe relativo documento do Plan xeral de ordenación municipal aprobado inicialmente.

Para a emisión do dito informe, o Concello remite ás oficinas dos nosos servizos centrais o documento completo en formato dixital do plan xeral, xunto co seu Informe de sostibilidade ambiental, asinado en outubro de 2012 polos arquitectos Angel Luis Monteoliva Díaz, Iñigo de Miranda Osset e Silvana Lema Castiñeira.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 85.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece a necesidade do informe preceptivo sectorial dentro das competencias desta entidade de dereito público.

O artigo 56 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, (Real decreto lexislativo 2/2011, de 5 de setembro), lei especial e de carácter sectorial que é de aplicación prima facie sobre o dominio público portuario adscrito á Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia, establece que os plans xerais de ordenación urbanística deberán cualificar a zona de servizo dos portos como sistema xeral portuario.

O artigo 4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia dispón que Portos de Galicia exercerá, verbo dos portos de competencia da Comunidade Autónoma, as funcións que o artigo 18 da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante atribúe ás autoridades portuarias.

### INFORME

No ámbito do termo municipal de Sada localízase unha instalación portuaria competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, o porto de Sada-Fontán, transferido á Comunidade Autónoma mediante o Real Decreto 3214/1982, de 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos do Estado en materia de portos.

Como xa se indicaba nos parágrafos anteriores, o citado artigo 56 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante establece que os plans xerais de ordenación urbanística deberán cualificar a zona de servizo dos portos como sistema xeral portuario e non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria. Este sistema xeral se desenvolverá a través dun plan especial ou instrumento equivalente formulado pola autoridade portuaria, que neste caso lle corresponde a Portos de Galicia.

Polo tanto, segundo o exposto, consideramos que a zona de servizo do porto de Sada-Fontán, polo menos o que son os terreos emerxidos, tendo en conta que a lámina de auga non está incluída no termo municipal, debe quedar cualificada no documento do plan xeral de ordenación municipal única e exclusivamente como sistema xeral portuario, sen incluír ningún tipo de determinacións que poidan supoñer unha interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria de Portos de Galicia, como xa referimos.

Na análise dos planos do documento remitido onde están representadas as instalacións portuarias podemos observar, nun primeiro momento, que o porto de Sada-Fontán está cualificado en todos eles como sistema xeral de infraestruturas portuarias, sen máis determinacións. Non obstante, a



delimitación da zona de servizo portuaria non é totalmente precisa xa que, con independencia de que se sombree tamén a lámina de auga coa trama do sistema xeral, parte dos terreos nos que se sitúa a estación depuradora non están incluídos. A este respecto, remitimos ao Concello á Delimitación dos espazos portuarios do porto de Sada-Fontán en vigor onde está recollida a delimitación oficial da zona de servizo do porto para que poida emendar este erro.

Nun segundo lugar, vemos que a Memoria xustificativa fai referencia ao sistema xeral portuario do porto de Sada-Fontán dentro da proposta dos sistemas e indica que a súa regulamentación é allea ás determinacións do plan, en tanto que está afectado pola lexislación sectorial de portos e polo plan especial de usos do porto, actualmente en tramitación. Tamén a Normativa urbanística recolle un artigo no Título II para regular o sistema portuario que remite a súa ordenación urbanística a un plan especial de ordenación portuaria ou, no seu caso, figura que o substitúa. Pola contra, a lexislación sectorial que se refire neste artigo non está actualizada e deberá ser substituída polo citado Texto refundido da Lei de Portos do Estado e pola Lei de costas e o seu Regulamento. Consideramos, ademais, axeitado que estas referencias sexan incluídas de maneira destacada no anexo III da Normativa, correspondente á normativa sectorial aplicable.

En terceiro lugar, queremos destacar unha pequena cuestión contida na Memoria de información xeográfica e histórica de Sada pero que ten certa relevancia. No apartado relativo á Estrutura por sectores de actividade, dentro do sector terciario, o plan fala do tráfico comercial de mercadorías do porto de Sada-Fontán no ano 2009, e citando a Portos de Galicia chega a destacar que porto presentaba unha medra do tráfico de mercadorías cargadas e descargadas de máis do 220% que no ano anterior, sendo o porto de Galicia con maior crecemento, tendo en conta que se trata dun porto de pouca actividade no ámbito autonómico. Pois ben, o porto de Sada-Fontán non desenvolve oficialmente tráfico comercial de mercancías dende que o presidente de Portos de Galicia aprobou a modificación do Plan de utilización dos espazos e usos portuarios do porto de Sada-Fontán por Resolución do 15/03/2009. Nese documento de planificación portuaria eliminábase ese uso de entre o repertorio das actividades portuarias das instalacións mariñas. Ademais, nos informes de xestión dos anos 2008 e 2009 publicados por esta entidade na súa páxina web podemos observar que o tráfico comercial portuario en Sada-Fontán foi descendendo dende as 45.220 toneladas de 1997 ata as pouco máis de 800 toneladas de 2008, que repuntaron de xeito importante durante o tempo de 2009 no que este uso portuario estivo permitido pero que se mantiveron nos baixos niveis da tendencia, polo que esta aseveración do apartado 4.2.2.3 deberá ser corrixida.

Para rematar, poñer de manifesto que a fachada portuaria de Sada-Fontán, é dicir, os terreos que se atopen en contacto co sistema xeral portuario, debería contar no futuro con accesos e servizos urbanos públicos alleos aos portuarios. Así, para avanzar neste sentido, consideramos conveniente á inclusión no Plan xeral de ordenación municipal dunha prescrición que, ante calquera solicitude de licenza municipal de calquera tipo, pública ou privada, que poida afectar ao ámbito do plan especial portuario de Sada-Fontán, faga obrigatorio o informe de Portos de Galicia, que poderá entenderse favorable se no prazo dun mes dende que sexa requirido non fose emitido en sentido expreso. Así, se estima, iniciárase un camiño de óptima coordinación entre Portos de Galicia e, neste caso, o Concello de Sada en temas urbanísticos que afecten a ambos organismos.

Por todo o anteriormente exposto, informo desfavorablemente o Plan xeral de ordenación municipal do concello de Sada na súa aprobación inicial.

Santiago de Compostela,


02 ABR. 2013

A xefa da área de explotación e planificación portuaria

Ana Isabel Calzadilla Bouzón

DIRECTOR DE PORTOS DE GALICIA

galicia



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

## INFORME TÉCNICO

### SOBRE OS CAMBIOS INTRODUCIDOS AO DOCUMENTO DE PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA EN VIRTUDE DO INFORME DE PORTOS DE GALICIA

En sesión realizada o 21 de decembro de 2012, o Concello Pleno acordou aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada. Tras dita aprobación, o Concello remitiu un exemplar do Documento á Consellería de Medio Rural e do Mar (Portos de Galicia) en virtude do disposto no artigo 85.3 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O día 2 de abril de 2013 a Entidade Portos de Galicia emite informe desfavorable ao documento de aprobación inicial do PXOM de Sada, indicando unha serie de observacións e correccións que compre introducir no documento definitivo.

O presente Informe expresa as correccións feitas ao documento co obxectivo de facilitar á citada Entidade a comprobación das mesmas e mesmo dar conta das enmendas introducidas no proceso de avaliación ambiental estratéxica.

#### **1. Sobre a correcta representación da zona de servizo do porto**

Unha vez recibida a documentación gráfica da zona de servizo do porto procedeuse a incorporala na planimetría do PXOM como sistema xeral portuario. Representase nos planos de Estrutura Xeral a escala 1/5.000 e nos planos de Ordenación Detallada a escala 1/2.000.

#### **2. Sobre aspectos da normativa sectorial**

Actualizáronse as referencias da lexislación sectorial de portos e de costas no Título II da Normativa e incorporouse no Anexo á Normativa un apartado específico sobre a lexislación de portos.

Estableceuse unha determinación específica sobre as futuras actuacións urbanísticas en contacto co porto no senso da necesidade de contar con informe de Portos de Galicia (Artigo 6.1.4. da Normativa e Fichas de planeamento remitido e detallado do Anexo á Normativa).

#### **3. Sobre a información errónea no Documento de Información xeográfica e histórica**

Procedeuse a corrixir a información errónea no apartado 4.2.2.3. da Información xeográfica e histórica consonte ao indicado no informe.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

SERVIZOS CENTRAIS  
Praza de Europa 5 A - 6º  
Teléfono: 902 400 870 - Fax: 981 545 324  
www.portosdeg Galicia.com  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Portos de Galicia **galicia**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

**PORTOS**  
de Galicia



Salida: 2014010100      Data: 19-03-2014 09:43  
Tipo: Otros documentos de salida

OFICIO


Asunto: informe do estudo informativo e de impacto ambiental do novo vial Oleiros -Sada e porto de Sada

Xunto lle remito unha copia do informe do asunto emitido pola xefa da área de explotación e planificación portuaria o 18.03.2014 para o seu coñecemento.

Santiago de Compostela,

19 MAR. 2014

O director



AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUCTURAS  
EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE SAN CAETANO  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
A CORUÑA



CD 00985969607



## INFORME DO ESTUDO INFORMATIVO E DE IMPACTO AMBIENTAL DO NOVO VIAL OLEIROS-SADA E PORTO DE SADA

SOLICITANTE: Axencia Galega de Infraestruturas

### ANTECEDENTES

A directora da Axencia Galega de Infraestruturas solicitalle a Portos de Galicia o 29/04/2013 (núm. de rexistro de entrada 5082 do 03/05/2013) o seu informe relativo ao Estudo informativo e estudo de impacto ambiental da obra do Novo vial Oleiros -Sada e porto de Sada, clave AC/10/031.00, aprobado provisionalmente o 22/04/2013 por resolución da dita directora.

Para a emisión do dito informe, a Axencia remite ás oficinas dos nosos servizos centrais xunto co oficio de solicitude un exemplar en CD da referida actuación.

O dito informe foi reiterado mediante oficio recibido o pasado 26.02.2014 con número rexistro entrada 2374.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O porto de Sada -Fontán é unha instalación portuaria competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do Real decreto 3214/1982, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de portos. Está adscrito a Portos de Galicia para a súa xestión de acordo co artigo 17 da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia.

O porto de Sada conta con Plan de Utilización de dos Espazos Portuarios aprobado por resolución do presidente de Portos de Galicia de data 11.09.2002 e modificado por sendas resolucións do presidente o 12.03.2009 e o 22.10.2012.

Na actualidade estase a tramitar por parte do Concello de Sada o Plan Especial do porto, redactado por Portos de Galicia en outubro de 2012, o cal foi aprobado inicialmente o 09.01.2014.

### INFORME

O estudo informativo describe cinco alternativas de trazado, sendo a proposta a D, pero todas elas definen unha mesma solución para acceder ó porto, polo que ós efectos da súa afección é igual en calquera das alternativas previstas.

A totalidade da nova estrada discorre fora da zona de servizo do porto, agás loxicamente unha mínima superficie onde se produce o entronque co porto.

En canto a infraestrutura prevista, no que atinxe ás competencias de Portos de Galicia, infórmase que a dita actuación considerase de interese portuario, xa que a día de hoxe o acceso ó porto realízase por unha rúa urbana, que si ben nun tramo é zona de servizo do porto, ten unha grande presión do propio núcleo urbano de Sada, o que produce interferencias mutuas entre porto -vila.

Polo exposto desde o punto de vista de explotación portuaria considérase beneficioso canalizar o tráfico portuario por unha variante que non cruza o casco urbano, tolo elo sempre e cando non se prevea o uso deste novo viario como un acceso principal ó núcleo de Sada mediante a dotación dos enlaces pertinentes. E dicir que con esta alternativa non se canalice todo o tráfico de Sada, a maior parte del allee ó porto, por esta vía que desemboca nun viario de servizo do porto, o que produciría considerables interferencias coas actividades portuarias.

En canto a definición do punto de entronque do viario indicar, que se produce na entrada do porto pesqueiro de xeito directo e sen rotonda, nun cruce sensiblemente perpendicular ó viario principal de acceso e aproximadamente coa mesma aliñación que o viario secundario que discorre polo dique de abrigo (pero desprazado uns metros deste). A este respecto indicar que o punto de entronque considerase axeitado pero deberase analizar no proxecto construtivo unha mellora na transferencia do tráfico do viario proxectado ó viario portuario, xa que polas características do documento remitido considerase que non se define con detalle suficiente para ser informado.


En canto o cumprimento da planificación portuaria en tramitación comprobase que o novo viario proxectado no afecta a definición das parcelas e infraestruturas portuarias discorrendo practicamente na súa totalidade fora do porto, agás a unha pequena parcela libre lideira á EDAR existente na cal no se prevé edificabilidade, pero tendo en conta constitúe un novo viario de acceso ó porto e polo tanto unha infraestrutura básica de comunicación, deberíase incluír no documento no Plan Especial que está en tramitación, por exemplo a través da figura do informe sectorial en materia de estradas ou pola vía que se considere máis oportuna.

Por todo o anteriormente exposto, informo favorablemente nas competencias encomendadas a este organismo, coas indicacións realizadas, o estudo informativo e estudo de impacto ambiental da obra do Novo vial Oleiros -Sada e porto de Sada.

O que se informa ós efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2014

A xefa da área de explotación e planificación portuaria



DIRECTOR DE PORTOS DE GALICIA



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

SERVIZOS CENTRAIS  
Praza de Europa 5 A - 6º  
Teléfono: 902 400 570 - Fax: 981 545 324  
www.portosdegalicia.com  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

**PORTOS**  
de Galicia

**galicia**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

**Portos**  
de Galicia



Salida: 2014024815      Data: 16-09-2014 10:36  
Tipo: Otros documentos de salida

OFICIO

Asunto: informe á separata do PXOM de Sada

Xunto lle remito o informe do asunto emitido pola xefa da área de explotación e planificación portuaria.

Santiago de Compostela,

O director

José Ignacio Villar García

16 SET. 2014

ALCALDE DO CONCELLO DE SADA





## INFORME DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

SOLICITANTE: Concello de Sada

### ANTECEDENTES

O Concello de Sada remítelle o 26/02/2014 (núm. de rexistro de entrada 2518 do 28/02/2014) ao ente público Portos de Galicia un exemplar dixital da separata do Plan xeral de ordenación municipal (en adiante PXOM) do concello de Sada como documento de resposta ao informe emitido o 02/04/2013 por esta xefatura de área relativo á aprobación inicial do PXOM, co obxecto de que emitamos un novo informe ao respecto.

A citada separata está elaborada polo equipo redactor do PXOM en febreiro de 2014 e contén os documentos seguintes: o informe técnico sobre os cambios introducidos ao documento de Plan xeral de ordenación municipal de Sada en virtude do informe de Portos de Galicia, o Tomo I Información xeográfica e histórica, o Tomo IV Normativa e os planos de ordenación EX-04, OD-Z-C4, OD-Z-D4, OD-X-C4, OD-X-D4 e APD-D1.14.

Posteriormente, o 19/03/2014 (núm. de rexistro de entrada 3548 do 21/03/2014) o Concello de Sada remite novamente a Normativa en formato dixital co Anexo H Lexislación sobre portos corrixido, por ter detectado un erro, solicitando o noso informe.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O artigo 85.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece a necesidade do informe preceptivo sectorial dentro das competencias desta entidade pública empresarial.

O artigo 56 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante (Real decreto legislativo 2/2011, de 5 de setembro), lei especial e de carácter sectorial que é de aplicación prima facie sobre o dominio público portuario adscrito á Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia, establece que os plans xerais de ordenación urbanística deberán cualificar a zona de servizo dos portos como sistema xeral portuario.

O artigo 4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia dispón que Portos de Galicia exercerá, verbo dos portos de competencia da Comunidade Autónoma, as funcións que o artigo 18 da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante (actual artigo 56 do citado Texto refundido) atribúe ás autoridades portuarias.

### INFORME

Despois de analizar a documentación referida observamos que as nosas suxestións reflectidas no dito informe do 02/04/2013 foron atendidas completamente. Por este motivo, informo favorablemente o Plan xeral de ordenación municipal do concello de Sada na súa aprobación inicial na súa versión de febreiro de 2014.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2014

A xefa da área de explotación e planificación portuaria

Ana Isabel Calzadilla Bouzón

DIRECTOR DE PORTOS DE GALICIA



SERVIZO DE MONTES





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
<http://mediorural.xunta.es>

galicia

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**

REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 19/02/2013 08:44:47

SAÍDA 17535 / RX 110135




En relación coa tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal dese concello, achégase informe do servizo de montes do Departamento Territorial da Coruña.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2013

O subdirector xeral de Recursos Forestais

José Luís Chan Rodríguez



**Concello de Sada**  
**Avda. do Porto 24**  
**15160 - Sada**  
**A Coruña**



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR  
Departamento Territorial de A Coruña  
Servizo de Montes

Edificio Administrativo de Servizos Múltiples  
Praza de Luís Seoane, s/n  
15008-A Coruña

José Manuel González García, Xefe da Sección Técnica III do Servizo de Montes do Departamento Territorial da Consellería de Medio Rural e do Mar de A Coruña



### EXPON


Que estando expostos os documentos de inicio e de consultas, e co período de consultas aberto do asunto : " *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sada (A Coruña)* ", ca clave 2010AAE1106

### INFORMA

Que de acordo coa información cartográfica obrante neste servizo, en dito concello non existe ningún monte catalogado de utilidade pública, clasificado como veciñal en man común ou que conte con consorcio ou convenio en vigor coa administración.

En A Coruña, a 30 de Xaneiro do 2013.

  
  
Asíno.: José Manuel González García



\*XEFA DO SERVZO DE MONTES DE A CORUÑA

SERVIZO DE  
INFRAESTRUTURAS AGRARIAS



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Secretaría Xeral de Medio Rural  
e Montes

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural


galicia

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**


REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 07/03/2013 09:32:40

SAÍDA 24004 / RX 152632



Concello de Sada  
Ernesto Anido Varela  
Avda. Do Porto,24  
15160 Sada (A Coruña)



Achégase aos efectos oportunos, informe emitido polo xefe do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña, en relación ao "PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SADA".

Santiago de Compostela, 06 de marzo de 2013



Miguel Ángel Pérez Dubois

Subdirector xeral de Infraestruturas Agrarias



**XUNTA DE GALICIA**

**DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DA CORUÑA**


Xefatura Territorial da Consellería do  
Medio Rural e do Mar

Edificio administrativo Monelos  
Vicente Ferrer, 2  
15071 A Coruña

galicia

## INFORME

SOLICITANTE: alcalde do Concello de Sada



### FEITOS

O Pleno do Concello de Sada aproba inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello en sesión celebrada o día 21 de decembro de 2012, e por iso solicita o informe oportuno.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O establecido no artigo 85 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG núm. 252, do 31 de decembro de 2002), que foi modificada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da devandita lei (DOG núm. 61, do 31 de marzo de 2010).


De acordo con todo o indicado INFORMO:

De que non se xulga oportuno efectuar alegación ningunha ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sada por parte do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial do Medio Rural e do Mar da Coruña.

A Coruña, 15 de febreiro de 2013

O xefe do Servizo de Infraestruturas Agrarias

Manuel Rodríguez Vázquez



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA

DIRECCIÓN XERAL  
DO PATRIMONIO CULTURAL

## **ACTA DA REUNIÓN RELATIVA AO EXPEDIENTE 2013/617 PXOM DO CONCELLO DE SADA**

**Data:** 17 de setembro do 2013

**Lugar:** San Caetano, no concello de Santiago de Compostela

### **ASISTENTES**

Equipo redactor (Monteoliva Arquitectura S.L.P.), técnico municipal e alcalde por parte do concello.

Ignacio Cerrada, Rosario Fernández-Albalat, Juan Pedro Martínez e Francisco Pico por parte da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

### **ASUNTO**

Revisión dos aspectos a corrixir en relación ao patrimonio cultural no PXOM de Sada, detectados polos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

### **COMENTARIOS E CONTIDO**

#### **Arqueoloxía**

##### **1 Catálogo**

O catálogo de elementos arqueolóxicos foi realizado por un arqueólogo previamente autorizado, pero a memoria da prospección arqueolóxica que permite analizar e validar as propostas de delimitación establecidas foi entregada posteriormente ao seu traslado no documento de planeamento, polo que existen diferenzas cos arquivos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na delimitación de algúns bens arqueolóxicos, ou que non se incorporan ao catálogo:

- Telleiras das Brañas (GA15075NOV02) que non conta cun número identificativo correlativo cos arquivos da Dirección Xeral.
- Punta Armenteiro (REF15075001), achados de restos materiais romanos cerca da igrexa.
- Punta Arnela (REF15075002)

Revisar na ficha da Torre de Nogueira se está recollida a súa condición BIC, por aplicación do Decreto do 22 de abril de 1949, sobre a protección dos castelos españois. Tamén deberá revisarse e incorporar a condición de BIC nas fichas do Castelo de Corbeiroa (GA15075011) e do Castelo de Fontán.

Hai un listado de elementos arquitectónicos con protección arqueolóxica, polo que o máis axeitado é que nas fichas deses elementos conste especificamente esta protección.

##### **2 Normativa**

No apartado “3. Regulación do solo afectado por un elemento de patrimonio” establécense dous ámbitos de protección:

- Perímetro do ben ou área de especial protección
- Área de protección ou de respecto

Por outra banda, nas ordenanzas de protección do patrimonio arqueolóxico determínanse tres graos de protección:





- Grao I: área de especial protección para os BIC
- Grao II: para o solo rústico de protección do patrimonio, dividido en grao II.1 (área de especial protección) e II.2 (área de respecto)
- Grao III: área de respecto

Resulta confuso polo que deberá revisarse esta regulación de ámbitos e graos.

Nas ordenanzas reguladoras das diferentes clases de solo deberá recollerse que, nas áreas de protección integral dun xacemento arqueolóxico, os posibles usos e aproveitamentos quedarán supeditados á autorización da Consellería de Cultura, e no seu caso, aos resultados das actuacións arqueolóxicas previas que estableza esta Consellería.

En relación aos usos do subsolo será necesario engadir que unicamente poderán autorizarse no caso de que se constate, a través dunha actuación arqueolóxica debidamente autorizada, a inexistencia de restos arqueolóxicos, ou ben si se puidese autorizar a súa escavación, tendo en conta que primará, en todo caso, a conservación física do patrimonio arqueolóxico, polo que se potenciarán as solucións técnicas de cimentación que afecten o menos posible aos restos arqueolóxicos.

### 3 Ordenación

Lembrar o xa indicado no apartado do catálogo, debendo corrixir as delimitacións dalgúns xacementos e incorporar os novos elementos que non foron grafados (por exemplo o elemento A ficha da nova fortificación, GA15075011 Castelo de Corbeiroa).

Por outra banda, hai algunhas delimitacións propostas que non cumpren con obxectivo da protección dos elementos arqueolóxicos, sendo as áreas de protección integral escasas deixando fora parte das estruturas dos xacementos. Por exemplo:

- Os Castros de Pazos / Espiñeiro (GA150075003)
- Castro de Mazón / Meirás (GA15075004)
- Castro de Samoedo (GA15075006)
- Castro dos Cotoa (GA15075009), onde a delimitación integral deberá revisarse ao non concordar coa súa descrición.
- No xacemento Castro de Edreira (GA15058018) do Concello de Oleiros co que comparte áreas de protección, deberá incorporar o Depósito do Castelo dentro dunha delimitación de protección integral porque no seu día situouse sobre as defensas e o antecastro do asentamento fortificado.

Sinalar a problemática que presenta o trazado dunha estrada que se propón sobre o Castelo de Fontán, que parece coincidir co viario de acceso desde a Vía Ártabra ata o Porto de Sada. Esta actuación xa conta cun informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, relativo ao “*Novo vial Oleiros - Sada e porto de Sada (enlace coa CP7508 da VAC Costa Ártabra co porto de Sada - Fontán) (AC/10/031.009)*”, datado o 2 de xaneiro de 2012, e no que se adiantaba o seguinte:

*“...que non se autorizará ningún proxecto que afecte aos bens de interese cultural (BIC), nin ao seu contorno de protección no que respecta á alteración do carácter arquitectónico e paisaxístico da zona ou perturbación da contemplación do ben.”*

O trazado que se propón suporía a desaparición dos restos do Castelo de Fontán (BIC) polo que non se adecúa ao indicado no antedito informe.

Asemade, salientar que na área de protección integral do Castro de S. Amandi ou Punta Sismundi discorre un trazado do “*Sistema de mobilidade sostible*” que, segundo o artigo 2.1.1.c) do capítulo 1 do Título II. Sistemas Xerais e Mobilidade, servirá de soporte para os desprazamentos a pé e en bicicleta ou, no caso de ser necesario por motivos de acceso ás propiedades, para o tráfico rodado motorizado restrinxido.

Este trazado é incompatible coa protección e posta en valor do xacemento segundo a formulación actual xa que suporía a realización de obras de urbanización, con tratamentos de pavimento, sinalizacións, etc...

A única opción compatible sería a utilización do sendeiro de pé existente para uso exclusivo peonil, ciclista ou para uso mixto, en virtude das necesidades e do contexto.

## Arquitectura

### 1 Catálogo

Revisar se se indica nas fichas dos seguintes elementos a súa condición BIC: Torres de Meirás, Castelo de Fontán, Castelo da Corbeira, escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares, así como hórreos ou cabazos.

Incluír no catálogo un índice polo emprazamento dos bens (parroquias) e outro polos niveis de protección.

Como consideracións xerais non exhaustivas, que servirán como referencia para revisar detalladamente o contido completo do catálogo, indícanse os seguintes criterios de catalogación:

- No caso das igrexas, a ficha recollerá como elemento protexido a totalidade do adro, incluíndo os muros de peche que o delimitan.
- O mesmo criterio deberá aplicarse para as fincas e muros de peche dos pazos e casas reitorais.
- Polo tanto as aliñacións e as liñas que definen o límite da edificación, que nalgúns casos definen o trazado dos viarios propostos, deberán respectar a delimitación dos ditos elementos, non podendo trazarse superpoñéndoas sobre os bens protexidos.

A continuación relaciónanse unha serie de observacións concretas de diversas fichas do catálogo:

- A casa Reitoral Vella de Soñeiro (ficha 3-2) non incorpora a finca, que por outra banda, tal e como se menciona na propia ficha, rodease por un muro de cachotería.
- No caso da Terraza de Sada (ficha 4-3) o contorno de protección deberase ampliar ata as fachadas das edificacións que fan fronte á avenida da Mariña.
- O Pazo de Trasín (ficha 5-6), o Pazo do castro de Samoedo (ficha 5-9), o Pazo do castro de Enriba (ficha 5-10), a Casa grande con Capela en Espiritu Santo (ficha 5-14) e o Conxunto Singular A Cañota (ficha 6-13), figuran cunha protección ambiental, debendo ampliarse a estrutural, ou xustificarse as razóns que levan a outorgarlles soamente o grao de protección proposto.
- No caso do Casco histórico do núcleo de Fontán (I) e (II), (fichas 8-1 e 8-2), que figuran cunha protección ambiental, deberanse identificar cunha ficha pormenorizada cada unha das edificacións que dentro do mesmo merecen ser protexidas e co grao de protección que se lle asigne individualmente, de xeito análogo a como se formula para o Casco Histórico do Núcleo de Sada (unha ficha xeral de conxunto con protección ambiental para



o casco e fichas individuais para cada unha das edificacións que se deben protexer), todo isto con independencia de que, en ambos casos, se remita a PEPCH o seu desenvolvemento.

- As fichas: 8-3.2 da Vivenda na Rúa Portales Nº1, 8-3.9 da Vivenda na Rúa da Igrexa Nº18, 8-3.32 da Vivenda na Avda.Barrie de la Maza Nº19, non especifican o grao de protección, nin conteñen fotografías identificativas.
- Na ficha 8-4 da Vivenda na Rúa Río Nº11, nomease como Casco Histórico do núcleo de Sada: A Tenencia, non remitíndose ao PEPCH como no resto do Casco Histórico, e non atopándose incluído no seu perímetro delimitado.
- Na ficha 8-13 da Vivenda na Rúa Chaburra, deberanse incluír na protección os elementos de peche da finca (muros e reixería) así como os seus xardíns.
- No apartado de elementos propostos a descatalogar figura a Capela da Casa Grande no Espírito Santo coa ficha PD.1, na que se indica que se descataloga por proposta do Ministerio de Fomento (debido ás obras de ampliación da estrada N-VI). Non se documenta a dita Capela, nin se xustifica a existencia de valores ou a perda dos mesmos que permitan avaliar a idoneidade da proposta de descatalogación desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, e tampouco se propoñen medidas alternativas á súa descatalogación e desaparición.

Unha última consideración con respecto ao catálogo é que as obras de ampliación de volume, altura ou fondo edificado das propias edificacións protexidas no catálogo, non se poderán acometer a menos que así se mencione na propia ficha, é dicir, a súa inclusión nunha determinada ordenanza ou norma zonal non implica dereitos en canto á edificabilidade, mentres non se reflecta esta consideración na ficha de catálogo de cada elemento.

## 2 Normativa

No apartado 2.1 sinálanse como Bens de Interese Cultural os derivados da aplicación da disposición adicional segunda da Lei 8/1995, cando debe referirse á disposición adicional primeira.

No artigo 3 deberán recollerse os seguintes tipos ou categorías de obras, segundo as definicións establecidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

Conservación: son aquelas obras encamiñadas a cumprir coas obrigas da propiedade no que se refire ás condicións de ornato e hixiene da edificación. Non poden afectar á distribución interior, ás características formais nin á estrutura do edificio, non podendo ocasionar alteracións ou substitucións de calquera dos elementos estruturais ou de deseño do mesmo.

Restauración: son aquelas obras que teñen por obxecto a restitución dun edificio ou de parte do mesmo ao seu estado orixinal. A situación de estado orixinal debe atoparse suficientemente documentada. Poderá comprender así mesmo as obras complementarias que colaboren ao antedito fin. Inclúense dentro deste tipo de obras, entre outras análogas, as de eliminación de elementos estranhos engadidos ás fachadas e cubertas dos edificios, a recuperación de cornixas e aleiros suprimidos en intervencións anteriores, a reposición de molduras e ornamentos eliminados nas fachadas, a recuperación das disposicións e ritmos orixinais dos ocos e dos rebocos ou a eliminación de falsos teitos e de outros engadidos.

Consolidación: son aquelas obras que teñen por finalidade o afianzamento, reforzo ou substitución de elementos danados para asegurar a estabilidade do edificio, con posibles alteracións menores da súa estrutura. Respetarán a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente do edificio.



**Rehabilitación:** son aquelas obras que pretenden mellorar as condicións de habitabilidade ou accesibilidade, dun edificio ou de parte do mesmo, mediante a introdución de novas instalacións, a modernización das existentes ou a introdución de pequenas modificacións na distribución do seu espazo interior, sen intervir sobre as características morfolóxicas ou a estrutura portante, nin alterar a envolvente do edificio. Poderá autorizarse excepcionalmente e de xeito xustificado a apertura de novos ocos e a modificación dos existentes.

**Reestruturación:** son aquelas actuacións de renovación ou transformación en edificios inadecuados para un uso específico, polo seu grado de deterioro ou especiais deficiencias arquitectónicas ou funcionais, que supoñan a modificación da configuración arquitectónica e a substitución de elementos da súa estrutura, mantendo en calquera caso os elementos de cerramento que definan o volume e forma do edificio. As ditas obras, poderán comportar a substitución de elementos estruturais, así como a modificación de elementos determinantes de organización tipolóxica, como escaleiras ou patios, ou a redistribución dos espazos interiores.

**Ampliación:** son aquelas actuacións encamiñadas á ampliación dun edificio existente, sen modificar as súas aliñacións exteriores e planos de fachada, mantendo ou non a tipoloxía estrutural. No caso da adición de plantas, esta efectuarase con criterios de integración compositiva e coherencia formal coas fachadas actuais.

Tamén deberán regularse do seguinte xeito as obras permitidas para cada nivel de protección:

**Protección integral:** permitiranse obras de conservación, restauración e consolidación. As de rehabilitación permitiranse, sempre que non supoñan risco de perda ou dano dos valores que motivaron a protección integral, preferentemente nos casos de actuacións necesarias para adecuar o edificio a usos dotacionais de carácter público, e de xeito excepcional para o resto dos casos.

**Protección estrutural:** permitiranse obras de conservación, restauración, consolidación e rehabilitación. As de reestruturación permitiranse de xeito excepcional e xustificado, limitadas aos elementos estritamente necesarios polo seu mal estado de conservación ou perda de funcionalidade, non podendo supoñer risco de perda ou dano dos valores que motivan a protección estrutural do edificio ou elemento.

**Protección ambiental:** permitiranse obras de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación e reestruturación. As de ampliación permitiranse sempre que non produza menoscabo nos valores a protexer. A adición de plantas só se permitirá no caso de que o permita a ordenanza de aplicación e na ficha se estableza de xeito pormenorizado que se permite.

O apartado 3 (Regulación do solo afectado por un elemento do Patrimonio) do título X, Tomo IV (Normativa urbanística) deberá referirse ao epígrafe denominado área de protección e respecto como “contorno de protección”. Así mesmo todas as referencias da normativa e das lendas dos planos deberán utilizar esta denominación.

En canto aos contornos de protección, deberá quedar claro que no caso de non grafitarse é porque non existe contorno de protección para un determinado ben (pode darse o caso por exemplo en elementos con protección ambiental dentro do solo urbano) e non porque se remite ás distancias xenéricas do Decreto 232/2008.

Deberá facerse constar que por aplicación do artigo 32.4 da Lei 8/1995, están suxeitos ao informe previo da Consellería de Cultura todas as figuras relativas ao planeamento urbanístico.

No artigo 1.5.12 referente ás declaracións de ruína, no apartado no que se indica que “nos bens declarados de interese cultural e nos núcleos históricos haberá que atermos ao disposto na lexislación de patrimonio histórico aplicable”, deberase ampliar a todos os bens integrantes do catálogo deste PXOM.

O artigo 1.5.14, relativo a situacións de fora de ordenación, contemplará e regulará especificamente a situación dos bens incluídos no catálogo, para os que en calquera caso, se evitará esta situación facendo congruente as determinacións do planeamento con a protección dos bens protexidos.

### 3 Ordenación

Nas áreas de planeamento remitido, nas que se empracen bens catalogados ou estean afectados por contornos de protección de elementos protexidos, en particular nas seguintes: APR-PERI-D1.7, APR-PERI-D1.11, APR-PERI-D3.4, APR-PEPRI "Riovao", APR-PEONOR, APR-PEPCH "Fontan", APR-PERI-D1.1, APR-PERI-D.1.2, APR-PERI-D.1.3, APR-PERI-D.1.9, APR-PERI "Sada de arriba", os criterios de ordenación serán os seguintes:


- As características volumétricas serán semellantes ás xa existentes no ámbito territorial no que se empraza o elemento protexido, evitando a aparición de tipoloxías edificatorias alleas a este. Neste senso as edificacións que se propoñan disporanse na parte do ámbito mais afastada dos elementos protexidos, e sempre en relación co tecido urbano consolidado circundante.
- Os espazos libres e zonas verdes emprazaranse na parte do ámbito delimitado máis próxima aos elementos protexidos.
- Especificarase o réxime transitorio de aplicación en tanto non se desenvolvan os ditos planeamentos.

Estas determinacións deberán concretarse en cada unha das fichas dos ámbitos delimitados afectados por estas circunstancias, sinalando que os seus instrumentos de desenvolvemento urbanístico deberán contar co informe previo da Consellería de Cultura.

### ACORDOS

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural enviará ao concello unhas notas técnicas da presente xuntanza para que o equipo redactor poida comezar a traballar nas correccións.





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

## INFORME TÉCNICO

### SOBRE OS CAMBIOS INTRODUCIDOS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE PATRIMONIO AO DOCUMENTO DE PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA APROBADO INICIALMENTE

En sesión realizada o 21 de decembro de 2012, o Concello Pleno acordou aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada. Tras dita aprobación, o Concello remitiu un exemplar do Documento á Consellería de Cultura en virtude do disposto no artigo 85.3 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O día 17 de setembro de 2013 tivo lugar en dependencias da Consellería de Cultura unha reunión entre técnicos da Consellería e os técnicos redactores do Plan Xeral, técnico municipal e Alcalde do Concello de Sada.

Da citada reunión levantouse acta que foi remitida ao Concello ao obxecto de que sexan introducidas no Documento un conxunto de correccións e melloras que permita á Consellería validar o Documento consonte o cumprimento íntegro da lexislación sectorial de Patrimonio e os criterios e principios da súa protección.

No presente informe relaciónanse os cambios introducidos ao Documento de Plan Xeral aprobado inicialmente segundo a estrutura literal da Acta da reunión.

#### ARQUEOLOXÍA

##### 1. Catálogo


En relación aos xacementos Telleiras das Brañas de Sada, Punta Armenteiro e Punta Arnela, procedeuse a corrixir as súas delimitacións consonte as delimitacións propostas na Memoria Arqueolóxica realizada polo arqueólogo Xaquín Ferrer Cruz.

Por outra banda, recóllese a condición de BIC nas fichas dos elementos Torre de Meirás, Castelo de Fontán e Castelo de Corbeiroa.

##### 2. Normativa

Consonte a observación sobre a coherencia e claridade dos textos normativos e a integración entre graos de protección e áreas de protección, optouse por reelaborar de novo o texto normativo, incluíndo todas as determinacións normativas no Título X da Normativa e deixando o Catálogo libre de determinacións, agás a relación de fichas do Catálogo.

A nova normativa incorpora no seu articulado as determinacións indicadas na Acta sobre que “os posibles usos e aproveitamentos quedarán supeditados á autorización da Consellería de Cultura, e no seu caso, aos resultados das actuacións arqueolóxicas”. Tamén introducíronse as determinacións sobre actuacións no subsolo.



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

### **3. Ordenación**

O traballo de prospección arqueolóxica completouse, e refixéronse as delimitacións das áreas de especial protección e contornas de protección dos xacementos enumerados na Acta.

En relación ao Proxecto da estrada que une a Vía Ártabra co Porto de Fontán, cabe engadir que o seu trazado responde á alternativa seleccionada no Estudo Informativo do citado Proxecto. Tanto o Concello como a Axencia Galega de Infraestruturas estiman que a solución de acceso a Fontán en falso túnel é unha opción necesaria para o desexado desenvolvemento económico e social do Concello. A afección sobre os restos da fortificación de Fontán implicaría a desmontaxe e posterior montaxe dos mesmos así como a correspondente actuación de posta en valor do elemento e o seu entorno inmediato, hoxe moi desvalorizado.

En relación ao sistema de mobilidade sostible, procedeuse a corrixir o artigo 2.1.1. da Normativa ao obxecto de determinar as condicións da rede de mobilidade sostible nos casos que afecten a áreas de protección de xacementos.

## **ARQUITECTURA**

### **1. Catálogo**

Consonte as observacións reflectidas na Acta, procedeuse a revisar a condición de BIC en todas as fichas dos elementos que reúnen a consideración legal.


Presentáronse diversos índices, ordenados por tipoloxía, parroquia e grao de protección.

Revisáronse a nivel xeral as delimitacións das áreas de especial protección, incorporando a totalidade da parcela nos supostos dos conxuntos igrexa-adro, fincas dos pazos, casas grandes, casas reitorais, etc; ou no caso de existir muros ou peches de carácter tradicional ou de valor arquitectónico. Neste senso revisáronse as aliñacións en coherencia coas áreas de especial protección.

Asemade, corrixíronse as observacións realizadas nas fichas consonte a relación indicada na Acta, mesmo incorporouse, caso a caso, a determinación sobre a posibilidade do esgotamento nas condicións de volume e aproveitamento, en coherencia coas determinacións normativas expresadas no Título X da Normativa.

### **2. Normativa**

Advírtese dun erro detectado na primeira observación deste apartado, no senso de que é correcta a referencia da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, en relación á consideración de BIC dos elementos afectados polos decretos 449/1973, 571/1963 e D. De 22 de abril de 1949.



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

Asemade é certo que a Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia contén na súa disposición adicional primeira unha referencia sobre a consideración de BIC; mais, foi intención do equipo redactor establecer o vínculo entre a Lei 16/1985 e os citados decretos.

Consonte ao xa indicado no apartado de **ARQUEOLOXÍA**, optouse por refacer integramente o texto normativo, o cal incorpórase na súa totalidade no Título X da Normativa.

Os tipos ou categorías de obras, así como os graos ou niveis de protección defínense no artigo 10.3 da Normativa.

En relación á nomenclatura que se refire ás áreas de protección, adoptouse unha única nomenclatura para arquitectura e arqueoloxía:

Área de especial protección

Contorna de protección

Defínense no artigo 10.2 da Normativa.

Neste artigo determínase que, en ausencia de Contorna de protección para un determinado elemento ou conxunto de elementos catalogados, entenderase que non a precisan.

No artigo 10.1 incorpórase un apartado específico con determinacións vinculadas ás figuras de ordenación ou planeamento remitido.

Corríxense os artigos 1.5.12 e 1.5.14 da Normativa consonte as observacións reflectidas na Acta.

### **3. Ordenación**

Revisáronse as determinacións na relación de áreas de planeamento remitido afectadas por elementos catalogados e as súas áreas de protección ao obxecto de minimizar o impacto da nova urbanización sobre eles.

Defínese o réxime transitorio destas áreas de planeamento remitido nos artigos 6.3.2., 7.3.1. e 7.4.1. da Normativa.


Establécese un vínculo entre o réxime transitorio previsto nestes artigos e o artigo 10.1, no apartado relativo a “Determinacións nas áreas de planeamento remitido” co obxecto de garantir a intervención nos elementos protexidos en todo momento.

### **OUTROS**

Con independencia das observacións reflectidas na Acta, o traballo de recoñecemento, catalogación e protección de elementos foi, en xeral, revisado e ampliado. Estas labores deron como resultado o seguinte:

- Elementos recatalogados, que cambiaron de código ao reconsiderar a súa tipoloxía.






MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

- Elementos que desaparecen do catálogo ao reconsiderar o equipo redactor que non son merecentes dunha protección específica ao abeiro da lexislación de patrimonio mais queda garantida a súa protección por aplicación de réxime urbanístico.
- Incorporación de novos elementos, inherente ao propio proceso de perfeccionamento do Plan.
- Reconsideración das Contornas de protección no senso de axustalas no posible ás áreas de territorio que realmente o precise consonte os criterios de protección.


Neste senso, cabe indicar que a Memoria Xustificativa do Plan incorpora un apartado onde se describen os criterios para o recoñecemento e protección dos bens do patrimonio.

Como **ANEXO** a este informe xúntase unhas táboas que sintetizan os cambios explicados nas aliñas anteriores.



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.


# ANEXO



## MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

### ELEMENTOS QUE CAMBIARON DE NUMERACIÓN DENTRO DO MESMO CAPÍTULO :

COD	DESIGNACIÓN	LUGAR	PARROQUIA	X	Y	NUMERACIÓN ANTERIOR
6.1	VIVENDA EN SOUTO	SOUTO	CARNOEDO	559.497	4.801.478	6.2
6.2	VIVENDA, CUBERTOS E HÓRREO EN MUÍÑO DO VENTO	MUÍÑO DO VENTO	MEIRÁS	556.292	4.800.188	6.3
6.3	CONXUNTO SINGULAR NA CAÑOTA	A CAÑOTA	MEIRÁS	556.947	4.799.601	6.13
6.4	CASA E HÓRREO NAS VALÍAS	AS VALÍAS	SOÑEIRO	556.730	4.797.397	6.5
6.5	CASA E CUBERTO EN MANDÍN	MANDÍN	SOÑEIRO	557.292	4.797.832	6.6
6.6	DÚAS CASAS, CUBERTOS E HÓRREO NO CASTRO	O CASTRO	OSEDO	559.191	4.798.663	6.8
7.3	VIVENDA CON LINTEIS CERÁMICOS EN OSEDO	OSEDO	OSEDO	558.253	4.799.175	7.12
7.12	VIVENDA NA AVENIDA SADA Y SUS CONTORNOS Nº 25	SADA	SADA	560.669	4.800.936	7.13
7.13	VIVENDA NA AVENIDA SADA Y SUS CONTORNOS Nº 55	SADA	SADA	560.732	4.801.106	7.14
7.14	VIVENDA NA AVENIDA SADA Y SUS CONTORNOS Nº 61	SADA	SADA	560.744	4.801.139	7.15
7.16	VIVENDA NA AVENIDA SADA Y SUS CONTORNOS	SADA	SADA	560.755	4.801.113	7.41
7.21	CASA CON CUBERTOS E HÓRREO NO QUINTÁN	O QUINTÁN	VEIGUE	556.849	4.802.811	7.43
7.37	CONXUNTO DE DÚAS VIVENDAS, CUBERTOS E DOUS HÓRREOS EN SEIXEDA	SEIXEDA	OSEDO	558.781	4.799.495	7.49
7.40	CONXUNTO DE VIVENDA, CUBERTO E TRES HÓRREOS EN SEIXEDA	SEIXEDA	OSEDO	558.896	4.799.532	7.48
7.41	CONXUNTO DE TRES VIVENDAS EN SEIXEDA	SEIXEDA	OSEDO	558.922	4.799.459	7.50
7.42	CONXUNTO DE DÚAS CASAS, CUBERTOS E DOUS HÓRREOS EN SAM OEDO	SAM OEDO	SADA	559.949	4.799.292	7.52
7.43	CONXUNTO SINGULAR EN RIOVAO	RIOVAO	SADA	559.778	4.800.674	7.44
7.44	CONXUNTO SINGULAR NA ESPERELA	A ESPERELA	MOSTEIRÓN	557.949	4.800.053	7.45
7.45	CONXUNTO DE TRES CASAS, CUBERTOS E DOUS HÓRREOS EN SEIXO	SEIXO	CARNOEDO	559.416	4.802.744	7.46
7.46	CONXUNTO DE VARIAS VIVENDAS SINGULARES EN SOUTO	SOUTO	CARNOEDO	559.437	4.801.406	7.53
7.47	CONXUNTO DE CASA, CUBERTOS E HÓRREO	SERRA	SADA	559.898	4.800.297	7.21
8.3.31	VIVENDA DE MATÍAS POLLÁN NA AVENIDA DA MARÍÑA Nº 31	SADA	SADA	560.599	4.800.389	8.3.47
8.3.32	VIVENDA NA RÚA DE LINARES RIVAS Nº 17	SADA	SADA	560.623	4.800.192	8.3.44
8.3.33	VIVENDA NA PRAZA DE ESPAÑA Nº 17	SADA	SADA	560.576	4.800.254	8.3.38
8.3.34	VIVENDA NA PRAZA DE ESPAÑA Nº 2	SADA	SADA	560.594	4.800.282	8.3.39
8.3.35	VIVENDA NA PRAZA DE ESPAÑA Nº 12	SADA	SADA	560.590	4.800.231	8.3.40
8.3.36	VIVENDA NA RÚA DE LINARES RIVAS Nº 4	SADA	SADA	560.604	4.800.220	8.3.45
8.3.37	VIVENDA NA RÚA DE LINARES RIVAS Nº 8	SADA	SADA	560.608	4.800.203	8.3.46
8.3.38	VIVENDA NA RÚA DE LINARES RIVAS Nº 11	SADA	SADA	560.619	4.800.209	8.3.41
8.3.39	VIVENDA NA RÚA DE LINARES RIVAS Nº 13	SADA	SADA	560.621	4.800.203	8.3.42
8.3.40	VIVENDA NA RÚA DE LINARES RIVAS Nº 15	SADA	SADA	560.622	4.800.197	8.3.40
8.5	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 9	SADA	SADA	560.530	4.800.281	8.3.31
8.6	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 19	SADA	SADA	560.495	4.800.282	8.3.32
8.7	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 10	SADA	SADA	560.544	4.800.294	8.3.33
8.8	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 12	SADA	SADA	560.539	4.800.294	8.3.34
8.9	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 16	SADA	SADA	560.526	4.800.295	8.3.35
8.10	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 18	SADA	SADA	560.518	4.800.295	8.3.36
8.11	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 20	SADA	SADA	560.510	4.800.296	8.3.37
8.12	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 34, 36, 38	SADA	SADA	560.426	4.800.300	8.6
8.13	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 41	SADA	SADA	560.387	4.800.283	8.7
8.14	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 51, 53	SADA	SADA	560.355	4.800.289	8.9
8.15	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 66, 68	SADA	SADA	560.318	4.800.308	8.10
8.16	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 73, 75, 77	SADA	SADA	560.278	4.800.294	8.11
8.17	VIVENDA NA AVENIDA DE BARRIÉ DE LA MAZA Nº 87	SADA	SADA	560.218	4.800.303	8.12
8.18	VIVENDA NA RÚA CHABURRA	SADA	SADA	560.146	4.800.327	8.13



## MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

8.19	VIVENDA NA RÚA RÍO Nº 11	SADA	SADA	560.704	4.800.101	8.4
8.20	VIVENDA NA AVENIDA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 30	SADA	SADA	560.718	4.800.020	8.5
10.3	HÓRREO EN CAMPO DA CRUZ	CAMPO DA CRUZ	CARNOEDO	559.340	4.803.244	10.38
10.8	HÓRREO EN AGRA	AGRA	CARNOEDO	558.813	4.802.657	10.37
10.28	HÓRREO EN SEIXEDA	SEIXEDA	OSEDO	558.992	4.799.491	10.40
10.33	DOUS HÓRREOS EN SEIXEDA	SEIXEDA	OSEDO	558.896	4.799.532	10.41
10.37	HÓRREO EN SEIXEDA	SEIXEDA	OSEDO	559.126	4.799.541	10.39

### ELEMENTOS QUE CAMBIARON DE CAPÍTULO :

COD	DESIGNACIÓN	LUGAR	PARROQUIA	X	Y	NUMERACIÓN ANTERIOR
4.4	ANTIGO LOCAL SOCIAL NO CHÁN DA ALDEA	O CHÁN DA ALDEA	CARNOEDO	559.182	4.802.649	7.3
4.5	ANTIGO LOCAL SOCIAL EN TUMBADOIRO	TUMBADOIRO	MEIRÁS	556.730	4.800.427	7.37
4.6	ANTIGO LOCAL SOCIAL EN CARTA	CARTA	MONDEGO	557.776	4.800.697	7.51
5.16	VIVENDA E HÓRREO EN ALBORELLE	ALBORELLE	SOÑEIRO	557.994	4.797.587	6.4
5.17	CASA GRANDE CON ESCUDO NO CASTRO	O CASTRO	OSEDO	559.258	4.798.827	6.9
5.18	CASA EN PIÑEIRO	PIÑEIRO	MEIRÁS	557.196	4.800.875	7.42
7.15	CASA NO CARBALLO	O CARBALLO	CARNOEDO	559.190	4.802.876	6.10
8.2.1	VIVENDA MARIÑÁ EN SADA DE ARRIBA Nº 11	SADA DE ARRIBA	SADA	560.356	4.800.692	6.1
8.2.2	VIVENDA DO PINTOR FRANCISCO LLORÉNS EN SADA DE ARRIBA	SADA DE ARRIBA	SADA	560.334	4.800.718	7.16
8.4.1	VIVENDA EN RIOVAO	RIOVAO	SADA	559.897	4.800.580	7.40
10.11	HÓRREO NA CAÑOTA	A CAÑOTA	MEIRÁS	556.942	4.779.630	6.13
10.32	DOUS HÓRREOS EN CASTELO	CASTELO	OSEDO	556.992	4.798.727	6.7


### NOVOS ELEMENTOS :

COD	DESIGNACIÓN	LUGAR	PARROQUIA	X	Y	OBSERVACIÓNS
4.7	ANTIGO EDIFICIO DE ACTIVIDADES PORTUARIAS	SADA	SADA	560.633	4.800.767	ENGADIDO POLO PXOM
4.8	ANTIGA ESCOLA UNITARIA	OSEDO	OSEDO	558.724	4.798.946	ENGADIDO POLO PXOM
5.19	CASA NO ESPÍRITO SANTO	O ESPÍRITO SANTO	SOÑEIRO	558.199	4.796.147	ENGADIDO POLO PXOM
6.7	CASA E HÓRREO EN QUINTÁN	QUINTÁN	MONDEGO	558.474	4.800.740	ENGADIDO POLO PXOM
6.8	CASA E HÓRREO EN BELOI	BELOI	SADA	559.720	4.800.958	ENGADIDO POLO PXOM
6.9	CONXUNTO DE VIVENDA MUÍÑO, CANLES E HÓRREO	VERTÍN	MOSTEIRÓN	558.388	4.800.267	ENGADIDO POLO PXOM
6.10	CASA MUÍÑO EN VERTÍN	VERTÍN	OSEDO	558.488	4.800.187	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.1	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 145	FONTÁN	SADA	560.771	4.801.708	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.2	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 139	FONTÁN	SADA	560.792	4.801.683	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.3	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 131	FONTÁN	SADA	560.794	4.801.677	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.4	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 138	FONTÁN	SADA	560.798	4.801.683	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.5	VIVENDA NA RÚA DO CASTELO Nº 125	FONTÁN	SADA	560.836	4.801.683	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.6	VIVENDA NA RÚA DO CASTELO Nº 127	FONTÁN	SADA	560.842	4.801.686	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.7	VIVENDA NA RÚA DO CASTELO Nº 132	FONTÁN	SADA	560.883	4.801.701	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.8	VIVENDA NA RÚA DO CASTELO Nº 131	FONTÁN	SADA	560.878	4.801.698	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.9	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 69 (ANTES Nº 117)	FONTÁN	SADA	560.802	4.801.650	ENGADIDO POLO PXOM



**MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.**

8.1.10	VIVENDA NA RÚA DE ABAIXO Nº 89	FONTÁN	SADA	560.824	4.801.626	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.11	VIVENDA NA RÚA DE ABAIXO Nº 88	FONTÁN	SADA	560.821	4.801.625	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.12	VIVENDA NA RÚA DE ABAIXO Nº 85	FONTÁN	SADA	560.811	4.801.615	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.13	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 76	FONTÁN	SADA	560.794	4.801.609	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.14	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 81	FONTÁN	SADA	560.790	4.801.601	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.15	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 71	FONTÁN	SADA	560.800	4.801.557	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.16	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 31	FONTÁN	SADA	560.802	4.801.543	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.17	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 68	FONTÁN	SADA	560.799	4.801.536	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.18	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 25	FONTÁN	SADA	560.796	4.801.526	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.19	VIVENDA NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 24 (40)	FONTÁN	SADA	560.778	4.801.498	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.20	VIVENDA NA RÚA DAS FLORES Nº 41	FONTÁN	SADA	560.787	4.801.495	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.21	VIVENDA NA RÚA DAS FLORES Nº 42	FONTÁN	SADA	560.786	4.801.492	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.22	VIVENDA NA RÚA DAS FLORES Nº 43	FONTÁN	SADA	560.784	4.801.488	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.23	VIVENDA NA RÚA DAS FLORES Nº 44-45	FONTÁN	SADA	560.782	4.801.482	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.24	VIVENDA NA RÚA DAS FLORES Nº 46	FONTÁN	SADA	560.780	4.801.477	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.25	VIVENDA NA RÚA DAS FLORES Nº 5 (47)	FONTÁN	SADA	560.777	4.801.474	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.26	VIVENDA CON HÓRREO NA RÚA ANTONIO SANJURJO BADÍA Nº 23	FONTÁN	SADA	560.748	4.801.480	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.27	VIVENDA NA RÚA DO ENCASCADOIRO Nº 20	FONTÁN	SADA	560.748	4.801.455	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.28	VIVENDA NA RÚA CAMIÑO DE FERRER Nº 31	FONTÁN	SADA	560.759	4.801.453	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.29	VIVENDA NA RÚA CAMIÑO DE FERRER Nº 32	FONTÁN	SADA	560.765	4.801.453	ENGADIDO POLO PXOM
8.1.30	VIVENDA NA RÚA CAMIÑO DE FERRER Nº 17 (33)	FONTÁN	SADA	560.771	4.801.453	ENGADIDO POLO PXOM
10.38	HÓRREO EN MANDÍN	MANDÍN	SOÑEIRO	557.034	4.797.982	ENGADIDO POLO PXOM
13.2	RAMPA DO CARGADOIRO	SADA	SADA	560.626	4.800.750	ENGADIDO POLO PXOM
14.6	REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA QUE DA SERVIZO Á CASA BARRIÉ DE LA MAZA	A GRANXA	MONDEGO	559.043	4.800.647	ENGADIDO POLO PXOM
15.1	FORTE E LAVADOIRO DE FONTÁN	FONTÁN	SADA	560.663	4.801.491	ENGADIDO POLO PXOM
15.2	FORTE DE FONTÁN	FONTÁN	SADA	560.788	4.801.508	ENGADIDO POLO PXOM
15.3	FORTE DA PRAZA DA PESCADERÍA	SADA	SADA	560.529	4.800.504	ENGADIDO POLO PXOM
15.4	FORTE DA PRAZA DE SAN ROQUE	SADA	SADA	560.588	4.800.245	ENGADIDO POLO PXOM
15.5	FORTE DE RIOVAO	RIOVAO	SADA	560.666	4.801.491	ENGADIDO POLO PXOM
15.6	LAVADOIRO DE RIOVAO	RIOVAO	SADA	559.830	4.800.651	ENGADIDO POLO PXOM
15.7	LAVADOIRO DE SADA DE ARRIBA	SADA DE ARRIBA	SADA	560.461	4.800.731	ENGADIDO POLO PXOM
15.8	FORTE DA BARROSA	SADA	SADA	560.492	4.800.634	ENGADIDO POLO PXOM
15.9	FORTE E LAVADOIRO I DE SAMOEDO	SAMOEDO	SADA	559.824	4.799.072	ENGADIDO POLO PXOM
15.10	FORTE E LAVADOIRO II DE SAMOEDO	SAMOEDO	SADA	559.609	4.799.113	ENGADIDO POLO PXOM
15.11	FORTE E LAVADOIRO DE FONTEGRANDE	FONTEGRANDE	CARNOEDO	559.373	4.802.923	ENGADIDO POLO PXOM
15.12	FORTE E LAVADOIRO DE PIÑEIRO	PIÑEIRO	M EIRÁS	556.978	4.800.850	ENGADIDO POLO PXOM
15.13	FORTE E LAVADOIRO DE ALBORELLE	ALBORELLE	SOÑEIRO	557.908	4.797.596	ENGADIDO POLO PXOM
15.14	FORTE E LAVADOIRO DE FRAGA	A FRAGA	OSEDO	558.110	4.799.309	ENGADIDO POLO PXOM
15.15	LAVADOIRO DE OSEDO	VILANOVA	OSEDO	558.778	4.798.921	ENGADIDO POLO PXOM
15.16	FORTE E LAVADOIRO DE SEIXEDA	SEIXEDA	OSEDO	558.902	4.799.305	ENGADIDO POLO PXOM
15.17	FORTE E LAVADOIRO DOS CABILDOS	OS CABILDOS	OSEDO	557.284	4.798.591	ENGADIDO POLO PXOM
15.18	FORTE E LAVADOIRO DE CASTELO	CASTELO	OSEDO	556.985	4.798.707	ENGADIDO POLO PXOM
15.19	LAVADOIRO DE FONTOIRA	ARROLEIRO	MONDEGO	557.944	4.801.547	ENGADIDO POLO PXOM
15.20	FORTE DO PEDREGAL	PEDREGAL	MONDEGO	557.975	4.801.318	ENGADIDO POLO PXOM
15.21	FORTE DE LAGOA DE MONDEGO	A LAGOA	MONDEGO	558.740	4.800.886	ENGADIDO POLO PXOM



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

**ELEMENTOS ELIMINADOS, COA NUMERACIÓN ANTERIOR:**

COD	DESIGNACIÓN	LUGAR	PARROQUIA	X	Y	OBSERVACIÓNS
6.7	CASA E DOUS HÓRREOS EN CASTELO	CASTELO	OSED	556.992	4.798.727	CASA SEN INTERESE. HÓRREOS FICHA NOVA 10.32
6.11	CASA CON CUBERTOS E HÓRREO EN TAIBÓ	TAIBÓ	CARNOEDO	558.637	4.802.406	SEN INTERESE
6.12	CASA EN TUMBADOIRO	TUMBADOIRO	MEIRÁS	558.814	4.800.572	SEN INTERESE
7.47	CONXUNTO DE TRES CASAS, CUBERTO E DOUS HÓRREOS	O CHAN DA ALDEA	CARNOEDO	559.229	4.802.657	SEN INTERESE
8.3.48	VIVENDA NA RÚA ALCALDE FERNÁNDEZ PITA	SADA	SADA	560.629	4.800.319	SEN INTERESE
8.8	VIVENDA NA AVENIDA BARRIÉ DE LA MAZA Nº 42	SADA	SADA	560.407	4.800.300	SEN INTERESE
10.3	HÓRREO EN RIOVAO	RIOVAO	SADA	559.984	4.800.471	SEN INTERESE
10.8	HÓRREO EN CIMÁS	CIMÁS	MEIRÁS	556.707	4.800.366	SEN INTERESE
10.11	HÓRREO EN CASTELO	CASTELO	OSED	556.980	4.798.755	SEN CONSERVAR
10.28	DOUS HÓRREOS EN XAN AMIGO	XAN AMIGO	OSED	558.281	4.798.857	SEN INTERESE
10.32	HÓRREO II NO CASTRO	O CASTRO	OSED	559.414	4.798.735	SEN INTERESE
10.33	HÓRREO I EN SAM OEDO	SAM OEDO	SADA	559.765	4.799.304	SEN CONSERVAR



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Cultura  
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º  
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 54 00

galicia

**Exp.:** 2013/617  
**Asunto:** PXOM. Concello de Sada.

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**SAÍDA 69191 / RX 644747**

Data 18/07/2014 11:05:02



En virtude do establecido no artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural e no artigo 32 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, xúntolle o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do día 11 de xullo de 2014, relativo ao Plan xeral de ordenación municipal do concello de Sada.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2014

O subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural



Juan Antonio Naveira Seoane



Sr. alcalde do Concello de Sada  
Avda. da Mariña 25  
15160 Sada (A Coruña)



## **INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA**

**Plan:** Plan xeral de ordenación municipal (PXOM)  
**Ámbito:** Municipio de Sada, provincia da Coruña  
**Autor:** Monteoliva Arquitectura S.L.P.  
**Promotor:** Concello de Sada  
**Expediente:** 2013.617.SPI.P

### **ANTECEDENTES**

O concello de Sada está afectado polo Decreto 29/2006, do 16 de febreiro, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Sada e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento; modificado polo Decreto 193/2008, do 28 de agosto.

O 16/01/2013 ten entrada no Edificio administrativo da Xunta de Galicia de San Caetano, a solicitude de informe sectorial para o PXOM de Sada, aprobado inicialmente no Pleno do Concello o 21/12/2012, achegando unha copia en formato dixital do plan sen a correspondente dilixencia, cuestión que se require o 21/01/2013, recibíndose o 15/02/2013 unha copia do plan en formato dixital coa correspondente sinatura electrónica.

O 17/09/2013 tivo lugar unha reunión nas dependencias da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural entre os representantes do Concello de Sada e desta Dirección Xeral e o equipo redactor do PXOM de Sada, na que se acorda facer chegar ao Concello as notas técnicas para corrixir o documento. Ditas notas técnicas fanse chegar o 25/10/2013.

O 13/12/2013, o Concello de Sada remite unha copia, en formato papel dilixenciada e outra en soporte dixital con sinatura electrónica, dunha documentación anexa co obxecto de dar cumprimento das observacións contidas nas notas técnicas anteriores. O 8/01/2014, o Concello de Sada remite unha copia do informe do equipo redactor no que se sinalan os cambios introducidos no plan.

### **MARCO LEGAL**

1. Tómase en consideración a seguinte normativa de carácter técnico e xurídico
  - Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE).
  - Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG).
  - Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).
  - Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os castelos españois.
  - Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.
  - Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os "hórreos" ou "cabazos" antigos existentes en Galicia e Asturias.
  - Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos.
  - Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.
  - Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
  - Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.
2. O informe emítese en virtude do previsto no artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que establece a obriga para a administración municipal de solicitar ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, simultaneamente ao sometemento ás consultas previstas no documento de referencia e do previsto no artigo 32 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, que determina que a Consellería de Cultura deberá ser informada dos plans, programas e proxectos que pola súa incidencia sobre o territorio poidan implicar risco de destrución ou deterioración do patrimonio cultural de Galicia e deberá establecer aquelas medidas protectoras e correctoras que considere necesarias para a protección do patrimonio cultural de Galicia e en concordancia co previsto.





- *Deben completar a definición do réxime transitorio aplicable nos núcleos de Carnoedo e Veigue coa aplicación das medidas xerais establecidas para os núcleos rurais tradicionais, no referido ao mantemento da súa estrutura e a súa formalización. Nas súas determinacións deberán introducirse tamén criterios de mantemento das características tradicionais, especialmente referidas ás tipoloxías das edificacións e ás características dos espazos libres.*
- En moitas das fichas do catálogo do plan engádense unha serie de determinacións nas que se concretan as actuacións permitidas en canto á ampliación do volume destes bens ou a posibilidade de segregacións e parcelacións da finca do ben. Lémbrese que as actuacións nos elementos incluídos no catálogo deben orientarse á conservación e mantemento dos valores do propio ben, o que –como criterio xeral- vai en contra da posibilidade de incremento de volume e da alteración do parcelario que sustenta os elementos de interese. Polo tanto, o PXOM debe limitar a posibilidade deste tipo de actuacións a aqueles casos nos que se acredite que non hai perda dos valores.
  - *Deben introducir na normativa o criterio de que os aumentos de volume ou alteracións do parcelario, no ámbito dos elementos incluídos no catálogo, ademais do resto de condicións, deben acreditar convenientemente que resultan compatibles co mantemento dos valores culturais dos inmobles protexidos, o que será xustificado nos documentos nos que se definan as intervencións, para o seu informe pola consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural.*
- Nas fichas nas que se especifica a posibilidade de ampliación indicase o seguinte: “A fachada do volume ampliado retranquearase respecto á fachada existente, un mínimo de 1 metro ou, cando menos, o mínimo necesario para respectar os elementos singulares da cuberta, como bufardas ou elementos decorativos da cornixa. O volume engadido adoptará unha identidade diferenciada do existente, mais encamiñada ao seu realce e protagonismo”. Este criterio, cando se impón de xeito xeneralizado para moitos dos elementos, pode xerar condicións formais non desexables, toda vez que na intervención nun edificio inflúen os valores, non só do propio inmovble, se non tamén a súa relación cos edificios lindeiros, da configuración do tramo da rúa, da trama urbana, etc. Enténdese que a limitación anteriormente citada non pode figurar como unha determinación que poida impedir, de xeito xenérico, intervencións mais axeitadas segundo o estudo de cada ben e cada caso concreto.
  - *Debe matizarse o criterio de ampliación de volume definido na normativa, de tal xeito que poida ser considerado coma un criterio recomendable, pero que, en virtude da natureza concreta da situación, poderán ser avaliadas outras solucións que poidan resultar máis convenientes para o mantemento dos valores culturais dos inmobles afectados, que deberán xustificarse convenientemente para o seu informe.*
- Aos bens identificados coas fichas 8-12, 8-13, 8-14, 8-15, 8-16, 8-17, 8-18 e 8-20 outórgaselles un grao de protección ambiental, pero estrutural para a fachada. O grao de protección ten que limitarse a un dos establecidos na normativa, con independencia de que na propia ficha se poidan impoñer determinadas limitacións ás intervencións sobre os distintos elementos dun inmovble.
  - *Debe corrixirse e normalizarse o grao de protección das fichas devanditas cos graos de protección establecidos na normativa, coas consideracións e matices que resulten necesarios nas actuacións permitidas e prohibidas da ficha.*
- No lugar do Castro (parroquia de San Xián de Osedo) localízase un conxunto de produción artística conformado pola fábrica e taller de cerámicas O Castro, o Laboratorio de Industria e Comunicación (galería Sargadelos) e o Museo Galego de Arte Contemporánea (Museo Carlos Maside).
  - *O catálogo do plan debe recoller este conxunto incluíndo o Laboratorio de Industria e Comunicación e ampliando a delimitación da fábrica e taller de cerámicas O Castro, incorporando os terreos ao norte da fábrica (piscina) e ao sur do taller (resto da parcela e construcións anexas á finca do pazo do Castro de Samoedo).*



*“En todo caso, calquera modificación do trazado que se proxecte na zona debe ter en conta a existencia do elemento, así como os resultados dos estudos detallados e exhaustivos que avalíen dende o punto de vista do patrimonio cultural os restos conservados, a solución construtiva da estrada e as posibles medidas correctoras que se propoñan”*

- No referido ao vial oleiros Sada e Porto de Sada, e en concreto no tramo coincidente co Castelo de Fontán, o documento do PXOM e as súas determinacións normativas deben facer unha referencia expresa ás conclusións do informe do 09.09.2013 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, polo que a previsión recollida do devandito vial no tramo que afecta ao Castelo de Fontán non é autorizable nas condicións actuais, e deberá recollese tamén no PXOM que calquera trazado que se proxecte na zona do Castelo de Fontán debe ter en conta a existencia do elemento, así como os resultados dos estudos detallados e exhaustivos que avalíen dende o punto de vista do patrimonio cultural os restos conservados, a solución construtiva da estrada e as posibles medidas correctoras que se propoñan, para que poidan ser avaliada a compatibilidade coa conservación dos seus valores culturais pola consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural.*
- No artigo 10.2 da normativa determinase que, en ausencia de contorno de protección, para determinados elementos, entendese que non a precisan.

Non obstante, non se xustifica esta ausencia en moitos dos bens, xa que a alteración deles pode afectar aos valores propios do ben de que se trate, á súa contemplación, apreciación ou estudo; debendo ser a posibilidade de tal ausencia excepcional e debidamente xustificada polo plan.

- Debe xustificarse convenientemente as circunstancias nas que a ausencia de contorno se estima acorde cos valores culturais, xa que non pode resultar o criterio xeral de interpretación. En ausencia dun contorno definido ou dunha conveniente xustificación de que non resultan necesarios, deberá acudirse aos contornos xenéricos establecidos no Decreto 232/2008, do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.*
- A redacción do artigo 10.1 da normativa do plan debe axustarse ao disposto no artigo 32 da LPCG e ao establecido na determinación 9.3 das DOT.
  - Todas as fichas das áreas de planeamento remitido do PXOM, así como os plans que desenvolvan o solo de núcleo rural, deben facer referencia á necesidade do informe da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural.*
- O artigo 7.3.1.b).4 da normativa no que se regulan os plans especiais de ordenación do núcleo rural, é completo e axeitado, pero debe engadir algunha determinación que permita a conservación dos seus interese de carácter cultural
  - Debe engadirse no artigo 7.3.1.b).4 O criterio de evitar a aparición de tipoloxías de edificacións alleas a estes ámbitos.*

## CONCLUSIÓN

En consecuencia e por todo o antedito, emítese un **informe desfavorable** ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada no relativo ao ámbito de competencias da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Para acadar un informe favorable **deben incorporarse as medidas protectoras e correctoras expostas ao longo deste informe**, e que se resumen de seguido:




15. No referido ao **vial oleiros Sada e Porto de Sada**, e en concreto no tramo coincidente co Castelo de Fontán, o documento do PXOM e as súas determinacións normativas deben facer unha referencia expresa ás conclusións do informe do 09.09.2013 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, polo que a previsión recollida do devandito vial no tramo que afecta ao Castelo de Fontán **non é autorizable nas condicións descritas**. Deberá recollerse tamén no PXOM que calquera trazado que se proxecte na zona do Castelo de Fontán debe ter en conta a existencia do elemento, así como os resultados dos **estudos detallados e exhaustivos** que avalíen dende o punto de vista do patrimonio cultural os restos conservados, a solución construtiva da estrada e as posibles **medidas correctoras** que se propoñan, para que poidan ser avaliada a compatibilidade coa conservación dos seus valores culturais pola consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural.
16. Debe xustificarse convenientemente as circunstancias nas que a **ausencia de contorno** se estima acorde cos valores culturais, xa que non pode resultar o criterio xeral de interpretación. En ausencia dun contorno definido ou dunha conveniente xustificación de que non resultan necesarios, deberá acudirse aos contornos xenéricos establecidos no Decreto 232/2008, do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
17. Todas as **fichas das áreas de planeamento remitido** do PXOM, así como os plans que desenvolvan o solo de núcleo rural, deben facer referencia á **necesidade do informe** da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural.
18. Debe engadirse no artigo 7.3.1.b).4 o criterio de **evitar a aparición de tipoloxías de edificacións alleas** a estes ámbitos.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2014

A directora xeral do Patrimonio Cultural



Maria del Carmen Martínez Insua



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

## INFORME TÉCNICO

SOBRE OS CAMBIOS INTRODUCIDOS EN MATERIA DE  
PROTECCIÓN DE PATRIMONIO AO DOCUMENTO DE  
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA  
NA SÚA FASE PREVIA Á APROBACIÓN PROVISIONAL.

En decembro de 2013, o Concello remitiu á Consellería de Cultura un documento de Plan Xeral corrixido que introducía ao documento de Aprobación Inicial unha serie de modificacións motivadas pola acta da reunión que tivo lugar en dependencias da Consellería de Cultura o día 17 de setembro de 2013 entre técnicos da Consellería e os técnicos redactores do Plan Xeral, o técnico municipal e o Alcalde do Concello de Sada.


O 18 de xullo de 2014 a Consellería remite ao Concello de Sada un informe desfavorable ao Plan Xeral no que advirte da necesidade de completar o Documento introducindo un conxunto de medidas protectoras e correctoras antes da súa aprobación.

O presente informe explica as correccións feitas ao Documento na súa fase previa á Aprobación Provisional.

### **1. En relación aos inmobles desaparecidos (códigos 8-3.2, 8-3.9 e 8-6 do documento corrixido de novembro de 2013).**

Logo de facer sendas comprobacións por parte da Consellería e por parte do Concello de Sada, despréndese que os inmobles derrubados non estaban incluídos no Inventario Xeral do Patrimonio, mais sí foron obxecto dunha selección previa en base ao seu interese cultural. Por outra banda despréndese que os inmobles non estaban incluídos no catálogo do planeamento municipal e que o seu derrube tivo lugar antes da aprobación inicial do novo Plan Xeral en tramitación motivado pola súa condición de ruína técnica (expedientes de licenza 460/04 e 355/11).

Dado que o Concello de Sada non dispón de referencias ou documentación sobre o estado orixinal dos inmobles e dado que os inmobles situados na esquina das rúas Portales e Igrexa atópanse dentro do ámbito remitido a Plan Especial de Protección do barrio da Tenencia, optase por eliminar estes tres elementos do Catálogo do Plan Xeral.



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

## **2. Sobre a delimitación do ben denominado “vivenda na rúa Chaburra”, código 8-18**

O inmovible situado na rúa Chaburra constitúe unha vivenda unifamiliar de estilo racionalista na que o seu interese cultural radica na propia vivenda e no muro de peche principal que da fronte á Rúa. O resto da parcela carece de interese patrimonial e mesmo observase a estrutura parcelaria algo desvirtuada por mor da existencia dunha fábrica carpintería, propiedade do mesmo titular.

Dado que os terreos onde se sitúan a parcela da vivenda e a parcela da fábrica atópanse dentro dun ámbito de solo urbano non consolidado e que a súa ordenación foi remitida a un Plan Especial de Reforma Interior, e dado que as determinacións que o Plan Xeral impón ao PERI tratan de mellorar o tecido urbano, completar rueiros ocultando medianeiras e integrar a vivenda protexida na ordenación mediante o seu destino como dotación de carácter público, óptase por delimitar como ben protexido unicamente a vivenda e o muro de peche principal, regularizando a parcela en virtude da ordenación pormenorizada que derive do PERI e que se vislumbra no Plan Xeral.

Seguindo as indicacións do Informe, fíxose mención expresa da protección do muro de peche na correspondente ficha do Catálogo (8-18), e mesmo, na ficha de planeamento remitido APR-PERI-D.3.7 establécense determinacións en relación aos elementos do patrimonio incluídos no ámbito.


## **3. Sobre a mención do posible traslado ou descatalogación do elemento 5-14 “Casa Grande con capela en Espírito Santo”**

Seguindo as indicacións do Informe, elimináronse as referencias á posible descatalogación ou traslado do ben protexido na correspondente ficha do Catálogo 5-14.

## **4. Sobre a exclusión do desenvolvemento urbanístico do elemento 5-14 “Casa Grande do Espírito Santo”**

A Casa grande do Espírito Santo atópase hoxe nun contexto fortemente alterado, que desvirtúa as condicións orixinais do inmovible ou propiedade, motivado polo forte desenvolvemento urbano de uso empresarial na zona e a presión que exerce a estrada nacional N-VI.

O planeamento anterior clasificaba os terreos da Casa Grande, mesmo os da súa contorna como solo urbanizable industrial.



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

O Plan Xeral que se está a tramitar recoñece e potencia a vocación industrial e de servizos do núcleo de Espírito Santo e pretende pechar os ocos e urdir o entramado inconexo e inacabado.

O equipo redactor ten a convicción e, así o propón, de que a incorporación do ben protexido no réxime de solo urbanizable constitúe a mellor opción cara á protección e revalorización do ben, xa que así xorde a oportunidade de reconverter o inmoble para o uso terciario, mais acorde ao contexto urbano inmediato. Todo elo, baixo criterios de ordenación que promovan a protección e a correcta interpretación do elemento protexido.

**5. Sobre a ordenación no contorno de protección do elemento 5-14 “Casa Grande do Espírito Santo”.**

No artigo 9.2.3, apartado 3, da Normativa do Plan establécense as determinacións orientadas á preservación do ben e do seu contorno de protección, no contexto da futura ordenación en solo urbanizable.


Cúmprese coa directriz 2.2.3. b.2) do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia.

**6. Sobre o réxime transitorio aplicable aos núcleos de Veigue e Carnoedo.**

Completoúse o artigo 7.4.1. apartado 3) establecendo un réxime transitorio que procure a conservación da estrutura tradicional dos núcleos históricos e evite a degradación das áreas do litoral.

**7. Sobre a posibilidade de aumentos de volume e parcelacións e a compatibilidade co mantemento dos valores culturais.**

Seguindo as indicacións do Informe procedeuse a completar as determinacións sobre este aspecto. Pódense comprobar na corrección dos artigos 1.5.13 e 10.3, apartado 1, “obras de ampliación”.



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

**8. Sobre os criterios de ampliación de volume.**

Respondido no punto anterior.

Ademais, a determinación concreta á que fai referencia o Informe foi revisada e agora ten o seguinte literal: “A fachada do volume ampliado recuarase respecto á fachada existente o mínimo necesario para respectar os elementos singulares da cuberta, como bufardas ou elementos decorativos da cornixa. O volume engadido adoptará unha identidade diferenciada do existente, mais encamiñada ao seu realce e protagonismo”.

Dita determinación aplícase a aqueles bens que o precisan por mor da posibilidade que teñen de aumento de altura sobre unha cuberta condicionada por elementos decorativos, estruturais ou de cerramento.

**9. Sobre o grao de protección dual nas fichas 8-12, 8-13, 8-14, 8-15, 8-16, 8-17, 8-18 e 8-20.**

Seguindo as indicacións do Informe, establécese un único grao de protección nas devanditas fichas, mais establécese a determinación específica en cada unha delas sobre a protección e mantemento das súas fachadas.

**10. Sobre a correcta identificación do conxunto de Cerámicas do Castro, incorporando o Laboratorio, a piscina e terreos adxacentes ao Pazo.**


Seguindo as indicacións do Informe procedeuse a ampliar o perímetro do ben ata abranguer a totalidade do conxunto. Agora o conxunto identifícase nunha sola ficha, co código 14-1.

**11. Sobre a xustificación da eliminación do Catálogo determinados elementos.**

No documento corrixido de novembro de 2.013 eliminábanse 12 elementos do Catálogo.

Logo de efectuar as pertinentes comprobacións, propónse eliminar totalmente do Catálogo un total de tres elementos e outros tres elimínanse parcialmente, e dicir, eliminando a casa vivenda e mantendo con protección os hórreos. Todo elo en base a seguinte xustificación:





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

**Elemento 6-7 “Casa e dous hórreos en Castelo”:** elimínase do Catálogo a casa vivenda ao entender e apreciarse que constitúe unha vivenda que responde á tipoloxía de vivenda popular das agras coruñesas, sen especiais valores mais que o tipolóxico, o cal xa está considerado na normativa urbanística derivado do réxime de núcleo rural. Ademais a vivenda atópase alterada con engadidos acaroados. Mantense a protección dos hórreos co novo código 10-32.


**Elemento 6-11 “Casa con cubertos e hórreo en Taibó”:** elimínase do Catálogo a casa vivenda ao entender e apreciarse que constitúe unha vivenda que responde á tipoloxía de vivenda popular das agras coruñesas, sen especiais valores mais que o tipolóxico, o cal xa está considerado na normativa urbanística derivado do réxime de núcleo rural. Ademais a vivenda atópase alterada con engadidos acaroados. Mantense a protección do hórreo co novo código 10-39.

**Elemento 6-12 “Casa en Tumbadoiro”:** elimínase do Catálogo a casa vivenda ao entender e apreciarse que constitúe unha vivenda que responde á tipoloxía de vivenda popular das agras coruñesas, sen especiais valores mais que o tipolóxico, o cal xa está considerado na normativa urbanística derivado do réxime de núcleo rural. Ademais a vivenda atópase alterada con engadidos acaroados. Mantense a protección do hórreo co novo código 10-43.

**Elemento 7-47 “Conxunto de tres casas, cuberto e dous hórreos”:** Reincorpórase ao Catálogo co código 7-48.

**Elemento 8-3.48 “Vivenda na Rúa Alcalde Fernández Pita”:** elimínase do Catálogo este inmovible considerando que non presenta suficientes valores culturais como para proceder á súa protección en contraposición aos beneficios que representa para a cidadanía a disposición do solo onde está emprazado. En efecto, o inmovible constitúe unha vivenda da primeira metade do século XX na que se aprecia certa influencia do modernismo-protorracionalismo, sen que estes valores se manifesten dun xeito claro ou rotundo. Observase ademais a alteración estrutural da fachada e o interior na planta baixa do edificio por mor da implantación dun comercio. Pola contra a situación do edificio na esquina da confluencia das Avdas. Barrié de la Maza e da Mariña constitúe un verdadeiro atranco na resolución desta intersección viaria entre dous viais estruturantes do sistema xeral. A cuestión mais salientable do atranco radica nas dificultades do peón para dobrar a esquina, nin que dicir ten o incumprimento da lexislación en materia de accesibilidade, a cal unicamente sería cumprida unha vez se dispoña do terreo para unha proposta de aliñación que suavice a conformación da citada esquina. A localización do inmovible dentro do ámbito de ordenación remitido ao Plan Especial de Protección do barrio da Tenencia supón que a aliñación e a proposta de ordenación do cuarteirón concretarase logo da análise da trama urbana e baixo a tutela da Consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural. (Xúntanse dúas fotografías).





MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.



**Elemento 8-8 “Vivenda na Avda. Barrié de la Maza, nº 42”:** Reincorpórase ao Catálogo co código 8-20.

**Elemento 10-3 “Hórreo en Riovao”:** elimínase do Catálogo ao comprobar, tras a alegación do seu propietario, que o hórreo foi realizado recentemente reproducindo o modelo mariñán. Realizado con madeira exótica.

**Elemento 10-8 “Hórreo en Cimás”:** Reincorpórase ao Catálogo co código 10-40.


**Elemento 10-11 “Hórreo en Castelo”:** Desaparecido durante as obras de conexión da Via Ártabra coa estrada provincial DP-5813.

**Elemento 10-28 “Dous hórreos en Xan Amigo”:** Reincorpóranse ao Catálogo co código 10-41.

**Elemento 10-32 “Hórreo II en O Castro”:** Reincorpórase ao Catálogo co código 10-42.

**Elemento 10-33 “Hórreo I en Samoedo”:** Reincorpórase ao Catálogo co código 10-45.

**Nota:** os códigos dos elementos en negriña se corresponden cos do Catálogo do documento de Aprobación Inicial de outubro de 2012.



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

**12. Sobre a correcta denominación das áreas de protección dos elementos protexidos.**

Seguindo as indicacións do Informe adoptouse a seguinte nomenclatura para os elementos de arquitectura e arqueoloxía:

Perímetro do ben protexido

Contorno de protección

Defínense no apartado 4.6.2 da Memoria Xustificativa e no artigo 10.2 da Normativa.

**13. Sobre a consideración de B.I.C. nas fichas correspondentes aos castelos de Fontán e Corbeiroa.**

Seguindo as indicacións do Informe, completouse a información das fichas facendo referencia á súa condición de B.I.C.


**14. Sobre a revisión das áreas de especial protección de determinados xacementos arqueolóxicos.**

Seguindo as indicacións, completáronse as áreas de protección dos xacementos que se relacionan no Informe.

**15. Sobre o vial de acceso ao porto.**

Dado que o Estudo Informativo do vial de acceso ao Porto de Sada atópase en fase de consultas e dado que derivado das consultas coa Consellería de Cultura se desprende a inadecuación da alternativa elixida no derradeiro tramo, o Plan opta por referirse ao carácter indicativo do trazado toda vez que estarase ao disposto na Declaración de Impacto Ambiental, unha vez sexan tidas en consideración as observacións realizadas en relación a afección ao Castelo de Fontán.

A Memoria Xustificativa do Plan expresa a problemática no seu apartado 6.1 dedicado ao sistema viario. Os planos de ordenación da estrutura xeral e orgánica do territorio reflicten o carácter indicativo do derradeiro tramo.



MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

#### **16. Sobre a xustificación na ausencia de contorno de protección.**

O artigo 10.2 da Normativa do Plan establece que en ausencia de contorno de protección entenderase que o ben protexido non a precisa, sendo suficiente a aplicación do réxime de clasificación e cualificación do solo para garantir a correcta percepción do elemento.

No apartado 4.6 da Memoria Xustificativa do Plan establécense a xustificación da innecesariedade.

No documento que agora se tramita para a súa aprobación provisional establécense os contornos de protección para todos os hórreos que, no documento corrixido de novembro de 2013, non a tiñan.

#### **17. Sobre a referencia á necesidade de informe da Consellería en todos os instrumentos de ordenación de desenvolvemento.**

Seguindo as indicacións do Informe, completáronse os artigos 1.3.3 e 10.1 apartado 3 “Determinacións nas áreas de planeamento remitido” da Normativa, facendo referencia ao cumprimento do artigo 32 da Lei 8/1.995 do Patrimonio Cultural de Galicia.

En todas as fichas de planeamento remitido estableceuse a determinación de someter o correspondente plan a informe da Consellería.

#### **18. Sobre a corrección do artigo 7.3.1. b) 4.**

Seguindo as indicacións do Informe, completouse a devandito artigo determinando evitar a aparición de tipoloxías de edificación alleas aos núcleos rurais.




**Exp.:** 2013/617

**Asunto:** PXOM. Concello de Sada.

En virtude do establecido no artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural e no artigo 32 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, xúntolle o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do día 9 de decembro de 2014, relativo ao Plan xeral de ordenación municipal do concello de Sada.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2014

O subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural




Juan Antonio Naveira Seoane

**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 10/12/2014 14:20:33

**SAÍDA 116500 / RX 1198597**



Sr. alcalde do Concello de Sada  
Avda. da Mariña 25  
15160 Sada (A Coruña)



## INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL RELATIVO Á TRAMITACIÓN DO DOCUMENTO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO

### PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA

DOCUMENTO COMPLEMENTARIA: INFORME TÉCNICO SOBRE OS CAMBIOS INTRODUCIDOS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO AO DOCUMENTO DO PXOM NA SÚA FASE PREVIA Á APROBACIÓN PROVISIONAL e ADENDA DE CATALOGACIÓN E DELIMITACIÓN PLANIMÉTRICA DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

**Plan:** Plan xeral de ordenación municipal (PXOM)  
**Ámbito:** Municipio de Sada, provincia da Coruña  
**Autor:** Monteoliva Arquitectura S.L.P. (Joaquín Ferrer Cruz no ámbito da catalogación arqueolóxica)  
**Promotor:** Concello de Sada  
**Expediente:** 2013.617.SPI.P

### ANTECEDENTES

21.12.2012: Aprobación inicial do Pieno municipal do PXOM de Sada

16.01.2013: Entrada da solicitude de informe sectorial para o PXOM de Sada, achegando unha copia en formato dixital do plan sen a correspondente dilixencia, do que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, DXPC, solicita que se corrixa o 21.01.2013

15.02.2013: Entrada da copia do plan en formato dixital coa correspondente sinatura electrónica.

25.10.2013: A DXPC achega ao Concello de Sada unha notas previas que estima que é necesario corrixir do documento.

13.12.2013: o Concello de Sada remite unha copia, en formato papel dilixenciada e outra en soporte dixital con sinatura electrónica, dunha documentación anexa co obxecto de dar cumprimento das observacións contidas nas notas técnicas anteriores.

08.01.2014: o Concello de Sada remite unha copia do informe do equipo redactor no que se sinalan os cambios introducidos no documento devandito.

11.07.2014: a DXPC emite un **informe desfavorable** ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada no relativo ao ámbito de competencias da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. No mesmo informe se indica que para acadar un informe favorable *deben incorporarse as medidas protectoras e correctoras expostas* ao longo do devandito informe.

13.10.2014: o concello de Sada achega un documento parcial corrixido no que xunta o informe do equipo redactor denominado *Informe técnico sobre os cambios introducidos en materia de protección do patrimonio ao documento do PXOM de Sada na súa fase previa á aprobación provisional*, asinada polo arquitecto Ángel Monteoliva Díaz en agosto de 2014.

24.10.2014: o concello de Sada achega unha documentación complementaria denominada *Adenda de catalogación e delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos do concello de Sada*, elaborada por Tomos Conservación-Restauración SL por encargo de Monteoliva Arquitectura SLP, e asinada polo arqueólogo Joaquín Ferrer Cruz o 18.08.2014



### INFORME DA DXPC RELATIVO AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA

*Documentación complementaria: Informe técnico sobre os cambios introducidos en materia de protección do patrimonio ao documento do PXOM na súa fase previa á aprobación provisional e Adenda de catalogación e delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos*



## CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. É de aplicación para o informe deste documento o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. LRXAP PAC
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia. LPCG
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago. LPCS
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español. LPHE
- Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os castelos españois. DCAS
- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico. DESC
- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os "hórreos" ou "cabazos" antigos existentes en Galicia e Asturias. DHOR
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. DARX
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. DINV.

2. Son ademais de aplicación os contidos das diferentes normas relativas en especial ao réxime do solo e á ordenación urbana, no que estas disposicións regulan en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural, e en concreto:

- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia. LOT
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. LOUGA
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos. LRIO
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. LPAI
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio. DOT
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia. POL

3. O informe emítese en virtude do establecido no artigo 32 da LPCG, que establece que a Consellería de Cultura deberá ser informada dos plans, programas e proxectos que pola súa incidencia sobre o territorio poidan implicar risco de destrución ou deterioración do patrimonio cultural de Galicia, así como a obriga para a Consellería de Cultura de establecer aquelas medidas protectoras e correctoras que considere necesarias para a protección do patrimonio cultural de Galicia.

4. Así mesmo emítese en virtude do disposto polo artigo 85.3 da LOUGA que establece a obriga para a administración municipal de solicitar ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

5. Tómasse en consideración o contido do informe desfavorable do 11.07.2014 desta DXPC, así como o informe da SXPPC do 10.09.2014, que forma parte do expediente, e que avaliou de forma previa o contido das correccións avanzadas polo equipo redactor na fase de correccións derivadas, e no que se concluíu: *"En consecuencia e por todo o antedito, o documento borrador de correccións achegado polo equipo redactor Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada, incorpora puntual e exhaustivamente todas as medidas protectoras e correctoras expostas no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 11 de xullo de 2014, polo que, nestas condicións, podería ser informado de forma favorable. Deberá tramitarse o documento de forma oficial a través do Concello segundo o procedemento administrativo correspondente."*



### INFORME DA DXPC RELATIVO AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA

*Documentación complementaria: Informe técnico sobre os cambios introducidos en materia de protección do patrimonio ao documento do PXOM na súa fase previa á aprobación provisional e Adenda de catalogación e delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos*



### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

O informe da DXPC do 11.07.2014 contiña unha serie de puntos numerados nos que se resumían as consideracións que deberían revisarse de cara a dispoñer dun informe favorable en materia da protección do patrimonio cultural, que será o esquema que se siga para as consideracións técnicas deste informe:

1. No referido ás edificación de Portales núm. 1 (8-3.2), rúa da Igrexa núm. 18 (8-3.9) e Avenida Barrié de la Maza núm. 19 (8-6), o informe técnico xustifica convenientemente as súas condicións e situación e, consecuencia, a súa exclusión do catálogo.
2. No referido á revisión da delimitación da vivenda da rúa Chaburra (8-18), a protección do seu peche e de calquera outro elemento que deba ser obxecto de protección, estímase que a avaliación sobre o estado do ben e o seu contorno, a súa evolución e a materialización real das construcións circundantes, así como a previsión da súa incorporación ao sistema de dotacións, en confluencia coas indicacións introducidas na ficha 8-18 do Catálogo e na ficha de planeamento remitido APR-PERI-D.3.7, garante a conservación dos elementos relevantes polo seu valor cultural. As determinacións para o desenvolvemento deste ámbito recollen a previsión de incorporar a edificación ao sistema de equipamentos e espazos libres, así como criterios específicos para a conservación do muro de peche e a urbanización e edificacións que circunden o elemento.
3. No relativo á capela da Casa Grande do Espírito Santo, elimináronse as referencias ao traslado ou descatalogación da elemento, manténdoa no catálogo, como se requiriu no informe. Na ficha 5-14 bis se recollen as condicións especiais da Capela e a necesidade de informe futura sobre o ámbito de afección da estrada nacional.
4. No relativo á *Finca da Casa Grande do Espírito Santo*, as previsións de desenvolvemento do ámbito próximo están xustificadas xa que responden ao recoñecemento dun solo industrial altamente desenvolvido e en funcionamento, ligado á súa proximidade á estrada nacional e a todas as edificacións xa executadas segundo o desenvolvemento previsto no planeamento previo. No *artigo 9.2.3 Condicións urbanísticas e determinacións dos Plans de Sectorización* inclúese un criterio de deseño específico para este elemento catalogado, coa obriga de conservación dos valores existentes, destinado a espazos libres e dotacións do ámbito.
5. No referido ao contorno da *Finca da Casa Grande do Espírito Santo*, as previsións e criterios de deseño do artigo devandito se estenden a este ámbito, coa procura de concentración dos espazos libres e liberando no posible de edificacións que entorpezan a percepción do ben protexido.
6. No relativo aos núcleos de *Carnoedo e Veigue*, remitidos a plan especial de protección, ordenación, infraestruturas e dotacións, complétanse as determinacións específicas no artigo 7.4.1 así como nas correspondentes fichas de áreas de planeamentos remitidos da Normativa, que complementan un réxime xeral de respecto á protección e criterios de mantemento das características tradicionais, especialmente referidas ás tipoloxías das edificacións e ás características dos espazos libres.
7. No relativo aos criterios para aumentar o volume ou alteracións do parcelario no ámbito dos elementos incluídos no catálogo, complétase a normativa do documento no seu artigo 1.5.13, indicando que os proxectos de parcelación serán sometidos a informe na consellería competente en materia de patrimonio cultural e conterán unha memoria xustificativa na que se acreditará convenientemente que a parcelación pretendida resulta compatible co mantemento dos valores culturais dos inmobles protexidos, polo que se da cumprimento a este aspecto do informe no relativo ás parcelas, e o disposto no artigo 10.3, no apartado de obras de ampliación, no que se esixe que nos documentos nos que se definan as intervencións, para o seu informe na consellería competente en materia de patrimonio cultural, se acredite convenientemente que estas resulten compatibles co mantemento dos valores culturais dos inmobles protexidos.







8. No relativo aos criterios de ampliación de volume, matízase a súa definición segundo o texto: *A fachada do volume ampliado recuarase respecto á fachada existente o mínimo necesario para respectar os elementos singulares da cuberta, como bufardas ou elementos decorativos da cornixa. O volume engadido adoptará unha identidade diferenciada do existente, mais encamiñada ao seu realce e protagonismo*, o que se estima axeitado e permite a necesaria flexibilidade de interpretación do mesmo en función dos elementos específicos do ben sobre o que se proxecta a ampliación.
9. Nas fichas 8-12, 8-13, 8-14, 8-15, 8-16, 8-17, 8-18 e 8-20 normalizarse o grado de protección ao ambiental e introdúcese unha consideración específica: *os materiais e composición da fachada serán obxecto de mantemento nas súas condicións orixinais*, o que resulta acaído en relación cos seus valores culturais.
10. Recóllese na ficha 14-1 unha nova definición do Conxunto Cerámicas do Castro, ampliando a delimitación da fábrica e taller de cerámicas O Castro, incorporando os terreos ao norte da fábrica (piscina) e ao sur do taller (resto da parcela e construcións anexas á finca do pazo do Castro de Samoedo).
11. Dos doce elementos catalogados no documento aprobado inicialmente que foran eliminados na nova versión do catálogo, finalmente propónse a eliminación de tres e a definición axeitada doutros tres, mantendo no catálogo os restantes. No relativo ás fichas modificadas: Casa e dous hórreos en Castelo, Casa con cubertos e hórreo en Taibó e Casa en Tumbadoiro, mantense a protección aos elementos singulares, como son os hórreos, e elimínase das vivendas, que non reúnen características significativas que as fagan destacables polo seu valor cultural e que están, por outra banda, sometidas xa ao réxime derivado do propio contorno do ben de interese cultural e a propia normativa de núcleo rura. No relativo aos elementos eliminados, achégase a seguinte xustificación:
  - a. Vivenda na rúa Alcalde Fernández Pita: xustifícase na perda de valores, perda de integridade e desaparición de elementos característicos en planta baixa e traseiras, descontextualización e razóns de risco para a seguridade vial e dos peóns. Tomando en consideración estes factores e a posibilidade de manter uns criterios de deseño especiais para este remate urbano derivados da inclusión no ámbito dun futuro plan especial, estímase acreditada a xustificación proposta.
  - b. Hórreo en Riovao: a documentación achegada na fase de alegacións acredita a construción recente con madeiras exóticas, reproducindo modelos existentes pero sen valor cultural, o que xustifica a súa exclusión.
  - c. Hórreo en Castelo: As obras de construción da vía Ártabra xustificaron a súa desmontaxe por resultar incompatible co trazado, polo que non existe e estímase xustificada a súa exclusión.
12. No apartado 4.6.2 da Memoria Xustificativa e no artigo 10.2 da Normativa, así como en múltiples referencias no resto do documento, incorpórase unha axeitada definición e terminoloxía para o perímetro do ben protexido e o seu contorno de protección, tanto no ámbito xeral do documento como na normativa específica.
13. Recóllese nas fichas do Castelo de Corbeiroa (GA15075011) e do castelo de Fontán (GA15075010) a súa condición de ben de interese cultural (BIC).
14. Foron ampliadas convenientemente as áreas de protección integral dos seguintes elementos arqueolóxicos segundo o requirido no informe da DXPC:
  - a. Castro de Pazos / Espiñeiro (GA150075003): actualízase a delimitación en relación cos datos das memorias da actividade arqueolóxica do ano 2000.



INFORME DA DXPC RELATIVO AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA

*Documentación complementaria: Informe técnico sobre os cambios introducidos en materia de protección do patrimonio ao documento do PXOM na súa fase previa á aprobación provisional e Adenda de catalogación e delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos*





Así mesmo establécense unhas condicións de protección intermedias (GII-2-b) en relación coa visibilidade do conxunto que tamén se recollen na normativa de protección arqueolóxica. Así mesmo, auméntase a área do ben protexido para incluír todas as estruturas do elemento.

- b. Castro de Mazón / Meirás (GA15075004): Auméntase a área do ben protexido cara o norte e cara o leste como consecuencia de incorporar estruturas identificadas con información dixital.
  - c. Castro de Samoedo / O Castro / Agra das Arcas (GA15075006): auméntase a área do ben protexido cara o oeste e suroeste para incluír todas as estruturas, e propónse aumentala cara o sur, se ben esta xa fóra do ámbito municipal.
  - d. Castro dos Cotos (GA15075009): confírmase a localización orixinal se ben propónse un aumento da área do ben protexido cara o norte, segundo as estruturas localizadas en traballos arqueolóxicos durante o ano 2012.
  - e. Castelo de Fontán (GA15075010): Aumentanse as áreas en relación co resultados e propostas dos informes arqueolóxicos de 2013, tanto a área do ben protexido como o seu contorno.
15. No relativo ao novo vial Oleiros – Sada e Porto de Sada, no apartado 6.1 da Memoria Xustificativa achégase un relatorio no que se define a natureza e momento de tramitación da devandita proposta de carácter indicativo.

Os planos de ordenación da estrutura xeral e orgánica do territorio reflicten o carácter indicativo do derradeiro tramo.

No referido apartado dedicado ao sistema viario introdúcese unha referencia expresa ás conclusións desfavorables do informe do 09.09.2013 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, segundo o requirido no informe relativo ao PXOM, así como que o seu Estudo Informativo carece polo momento de Declaración de Impacto Ambiental.

16. No apartado 2 do artigo 10.2 da normativa determinase que, en ausencia de contorno de protección, para determinados elementos, enténdese que non se precisan por resultar suficiente para a protección dos seus valores culturais a ordenación urbanística proxectada. No apartado 4.6 da memoria Xustificativa argumentase axeitadamente o criterio empregado, que resulta contido e limitado a certos elementos:

*“O Plan opta por non establecer contorno de protección naqueles elementos protexidos que, por ter asignado un grao menor de protección, polo seu contexto urbano ou de núcleo rural ou polo seu carácter illado, non son susceptibles dunha perda dos valores, xa que o réxime de clasificación e cualificación do solo constitúe o adecuado e suficiente mecanismo de protección. Este criterio aplícase en elementos puntuais como fontes e lavadoiros que teñen un valor cultural máis que arquitectónico ou artístico, en certas vivendas situadas en núcleo rural nas que a súa percepción garántese mediante o réxime de clasificación de solo e naqueles elementos situados en solo urbano no que o tecido atópase xa determinado e condicionado.”*

17. Nas fichas das áreas de planeamento remitido e nos artigos que as regulan (1.3.3 e 10.1.3) faise unha referencia específica á necesidade do informe da consellería competente en materia de protección do patrimonio cultural.
18. No artigo 7.3.1.b).4 da normativa introduciuse o criterio de evitar a aparición de tipoloxías de edificacións alleas a estes ámbitos, segundo o requirido no informe da DXPC.



#### INFORME DA DXPC RELATIVO AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA

Documentación complementaria: informe técnico sobre os cambios introducidos en materia de protección do patrimonio ao documento do PXOM na súa fase previa á aprobación provisional e Adenda de catalogación e delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos



## CONCLUSIÓNS

Á vista das consideracións técnicas devanditas, nas que se constata e se xustifica que os documentos achegados polo Concello de Sada e redactados polo arquitecto Ángel Monteoliva Díaz e o arqueólogo Joaquín Ferrer Cruz, que complementan e corrixen a documentación do PXOM cos documentos previos para a súa aprobación provisional, recollen todas as medidas correctoras e protectoras establecidas no informe do 11.07.2014 da DXPC, emítese un **informe favorable**.

O documento que se eleve para a súa aprobación deberá conter todas as modificacións e adendas recollidas nos devanditos documentos. Solicítase ao Concello de Sada que achegue unha copia dixital definitiva do documento que sexa aprobado provisionalmente, para o seu arquivo co seu expediente.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2014

A directora xeral do Patrimonio Cultural  
PS (Resolución 28.11.2014)  
O secretario xeral técnico

Jesús Oitavén Barcala



INFORME DA DXPC RELATIVO AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA

*Documentación complementaria: Informe técnico sobre os cambios introducidos en materia de protección do patrimonio ao documento do PXOM na súa fase previa á aprobación provisional e Adenda de catalogación e delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos*

# ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA

SERVIZO DE  
ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS



Deputación  
DA CORUÑA

Nº

**SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS**


Dña. María Padín Fernández, presidenta de esta Deputación en funcións,

Á vista do informe sectorial sobre o plan xeral de ordenación municipal de Sada, interesado polo Concello de Sada (rex. saída mupal. 193/2013), emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (REF. SATM/13SADpxAPIppt de 26 de xullo de 2013), en virtude dos antecedentes e consideracións técnicas indicado no mesmo, e vista a urxencia na súa tramitación, resolveu:

AVOCAR a competencia delegada na Xunta e Goberno e

APROBAR o Informe relativo ao PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA.

A Coruña, 29 de xullo de 2013



O SECRETARIO,  
  
José Luis Almaru Supervía



**Deputación  
DA CORUÑA**

**SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS**

Avda. Alférez Provisional s/n  
15002 A Coruña

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

n/ref: SATM / 13SADpxAPIppt

**Asunto:** Informe sectorial sobre o plan xeral de ordenación municipal de Sada

**Interesado:** Concello de Sada (rex. saída mupal. 193/2013)

**ANTECEDENTES**

Con data 17.01.2013 entrou no Rexistro Xeral desta Administración a solicitude de informe sobre o plan xeral referido.

**CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E LEGAIS**

- 1 O informe que se solicita está previsto nos art. 84 e 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; no art. 15.4 da Lei 4/1994 de estradas de Galicia; así como no art. 189 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- 2 No que respecta aos respectivos intereses sectoriais desta Deputación, o Servizo de Vías e Obras (informe do 18.07.2013) e o de Patrimonio e Contratación (informe do 10.07.2013) consideran que non existe inconveniente ningún para a aprobación deste instrumento, salvando determinadas observacións que procede incorporar literalmente no informe en cuestión.

O Presidente da Deputación da Coruña é competente para resolver sobre este informe, segundo dispón o art. 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, estando esta atribución delegada na Xunta de Goberno por Resolución do 26 de xullo de 2011.



Deputación  
DA CORUÑA

**SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS**

Avda. Alférez Provisional s/n  
15002 A Coruña

De acordo con todo o indicado, o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (en adiante SATM) propón que se adopte a seguinte RESOLUCIÓN:

- 1 *Emitir un informe sectorial favorable ao plan xeral de ordenación municipal de Sada, con referencia exclusiva aos intereses patrimoniais ou de competencia viaria de carácter provincial, sen facer pronunciamento ningún sobre a súa oportunidade ou axuste á legalidade e sen prexuízo das observacións, efectuadas tanto polo Servizo de Patrimonio e Contratación como polo de Vías e Obras, que figuran a continuación:*

Servizo de Patrimonio e Contratación

"En contestación al escrito con ref.: SATM / 13SADpxAPIofc, remitido a este Servicio de Patrimonio y Contratación por el Servicio de Asistencia Técnica a Municipios, relativo al informe de aprobación inicial del "Plan Xeral de Ordenación Municipal", del Ayuntamiento de Sada, este Servicio informa que:

De acuerdo con los datos obrantes en el Inventario de Bienes, la Excm. Diputación Provincial de A Coruña no es titular de ningún bien en Sada.

No obstante, por lo que respecta a las carreteras provinciales, deben hacerse las correspondientes previsiones para futuras ampliaciones y para que no planteen dificultades las expropiaciones.

Lo que se comunica a ese Servicio de Vías y Obras, para que lo considere al emitir su informe. También se adjunta el resto de la documentación recibida, a efectos de ser devuelta con el correspondiente informe, al Servicio de Asistencia Técnica a Municipios."

Servizo de Vías e Obras

En relación con el asunto indicado, en lo que afecta a la Red Viaria de titularidad de esta Diputación, por este Servicio se informa lo siguiente;

Esta Diputación tiene catalogadas y clasificadas las carreteras de su dependencia, que discurren por el término municipal de Sada, siguientes:

- Dentro de la Red Primaria Provincial, asimilada a la Red Primaria complementaria definida en el Artículo 10.3 de la Ley 4/1994, de carreteras de Galicia:  
DP 5813 OLEIROS A SADA

- Dentro de la Red Secundaria Provincial:  
DP 0813 SADA A ARMUÑO  
DP 0812 SADA A O EPÍRITU SANTO  
DP 5812 MEIRAS AL PUERTO DE SANTA CRUZ  
DP 5814 MANDÍN A INÁS  
DP 5815 MERA A VEIGUE  
DP 7501 TARABELO A SAMOEDO  
DP 7502 OSEDO A CASTRO  
DP 7503 TARABELO A LA IGLESIA DE CARNOEDO  
DP 7504 CASTELO A CARNOEDO  
DP 7505 SOÑEIRO A OSEDO  
DP 7506 SADA A PAZOS Y RAMAL AL CUARTEL DE LA GUARDIA CIVIL  
DP 7507 CASTELO A LA CARRETERA DE SOÑEIRO A OSEDO  
DP 7508 CASTELO A MEIRÁS  
DP 7509 CHABURRA A VEIGUE

1. "En cuanto a las vías de titularidad de esta Diputación, en lo que respecta a zonas sin establecimiento de alineaciones, habrá de incluirse la siguiente condición: "Los cierres habrán de





Deputación  
DA CORUÑA

**SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS**

Avda. Alférez Provisional s/n  
15002 A Coruña

situarse fuera de la zona de servidumbre de la carretera, a una distancia mínima de 8 m del eje de esta, y se ejecutarán de tal forma que la franja de terreno comprendida en esos 8 m pueda explanarse a cota de la carretera sin que el cierre a ejecutar se vea afectado. La tipología, dimensiones y materiales del cierre habrán de ajustarse a lo indicado en la normativa del presente Plan ó, en su defecto, a lo indicado en la legislación correspondiente". De existir alineaciones habra de condicionar la construcción de cierres o cualquier otro elemento a la posterior explanación del terreno entre alineaciones a cota del vial sin que esos se vean afectadas.

2. En los planos de ordenación detallada, donde se definen alineaciones para las carreteras provinciales en los tramos urbanos o de suelo de núcleo, no se acota la anchura entre las citadas alineaciones. Al objeto de poder estudiarse las alineaciones establecidas, éstas deben acotarse. En todo caso, el ancho mínimo entre alineaciones en las vías provinciales habra de ser de 16 m. Este ancho general de 16 m podrá reducirse, solamente, en casos que deban justificarse (líneas de edificación consolidadas, existencia de edificaciones con valor patrimonial), siempre y cuando se trate de zonas puntuales, y se conserve un ancho mínimo de 10 m, manteniendo un trazado que garantice las suficientes condiciones de visibilidad y seguridad. Asimismo, en aquellas zonas urbanas consolidadas, en el que las carreteras provinciales constan de aceras y zonas de aparcamientos y en las que existen líneas de edificación consolidadas, las alineaciones se podrán ajustar a los viales existentes.
3. Deberá modificarse, de acuerdo a lo establecido en los dos puntos anteriores, las distancias establecidas para las líneas de cierre en el cuadro de la página 161 de la normativa.
4. En las carreteras provinciales, en los tramos comprendidos en suelo clasificado como rústico, el suelo comprendido entre las líneas límite de edificación de cada margen habra de ser clasificado como rústico de protección de infraestructuras.
5. Habra de incluirse, en el presente planeamiento, la siguiente determinación de carácter general, en lo que respecta a las carreteras provinciales:  
"Todas las carreteras podrán ser objeto de mantenimiento, perfeccionamiento o modificación en sus condiciones de trazado, secciones y rasantes, en todo un área de protección que se corresponderá con parte del área de afección (definida según art. 29 de la Ley 4/1994, de carreteras de Galicia) que resulte delimitada para cada ordenanza de las distintas clases y categorías de suelo, por las siguientes zonas o alineaciones mínimas obligatorias:
  - Suelo rústico: área comprendida entre las zonas de afección, incluidas estas (de acuerdo a lo estipulado en el art. 33 de la Ley 4/1994)
  - Suelo urbanizable: área comprendida entre las zonas de afección, incluidas estas (de acuerdo a lo estipulado en el art. 33 de la Ley 4/1994), excepto que se delimite un ámbito menor entre alineaciones señaladas mediante ordenación pormenorizada de todo el sector, respetando, como mínimo, la superficie comprendida entre ambas líneas de edificación (según lo dispuesto en el art. 35 de la Ley 4/1994)
  - Suelo de núcleo rural: área comprendida entre las alineaciones definidas en los planos de ordenación y aquel área fuera de estas alineaciones necesaria para la realización de movimientos de tierra para la ejecución de las obras de urbanización entre alineaciones.
  - Suelo urbano no consolidado: área comprendida entre las líneas de edificación (según lo dispuesto en el art. 35 de la Ley 4/1994), excepto en tramos limitados mediante ordenación pormenorizada en el que se señale otras alineaciones, respetándose la sección mínima de 16 m (establecida para el viario principal por el art. 48.2 de la Ley gallega 9/2002, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia).
  - Suelo urbano consolidado: área comprendida entre las alineaciones señaladas en los planos de ordenación, respetando la sección mínima de 16 m (establecida para el viario principal por el art. 48.2 de la Ley gallega 9/2002, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia)."



Deputación  
DA CORUÑA

**SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS**

Avda. Alférez Provisional s/n  
15002 A Coruña

Por mantenimiento, perfeccionamiento o modificación de carreteras - con incidencia para los efectos de expropiación o imposición de servidumbres en relación con los terrenos o demas elementos que resultasen afectados- se entenderá todo tipo de obras e instalaciones necesarias o convenientes para la prestación del servicio en las mejores condiciones de funcionalidad y seguridad viaria; como, por ejemplo, las siguientes:

- consolidación, acondicionamiento, ensanche, complementación, rectificación de trazado, desdoblamiento, etc. incluyendo ejecución de movimiento de tierras, explanaciones, afirmados básicos, muros de contención, taludes, bermas, túneles, viaductos, cambios de sentido, carriles de incorporación o frenado, carriles para bicicletas, cuentas, gloriets y otras isletas al margen de los espacios de circulación, medianas y otros elementos de separación o protección, arcenes, aceras, sendas y pasarelas peatonales, pavimentación y otros tratamientos superficiales, pintado, resaltes o badenes y otros elementos reguladores, pasos de peatones, etc.; configuración distinta de las intersecciones al mismo o distinto nivel y de los accesos desde los dominios públicos o privados; etc.),
- colocación de paneles informativos, semáforos y otra señalización, instalación aérea o subterránea de redes de servicios y de otras infraestructuras (alumbrado público, antenas de comunicación, instrumentos de medición o control de tráfico, etc.), disposición de barreras de protección acústica, dotación de bolardos, marquesinas y otro mobiliario, plantación de especies arbóreas y de jardinería, emplazamiento de esculturas y otros elementos artísticos, etc.
- dotación de paradas de transporte público, aparcamientos, estaciones de servicio, áreas de descanso
- 3; tros equipamientos relacionados con el servicio viario, etc.
- etc."

2 *Darlle conta da presente resolución ao Concello de Sada.*

A Coruña, 26 de xullo de 2013

O xefe de SATM  
P.A.

Pedro A. Gonzalez Pérez

# INTEGRACIÓN DO INFORME DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

---

INFORME DO 29 DE XULLO DE 2013

A Deputación Provincial da Coruña emitiu informe favorable ao PXOM de Sada; mais, cunha serie de observacións para ser tidas en conta no documento definitivo.

As observacións do Informe relativas a conceptos ou determinacións normativas derivadas da interpretación da lexislación de estradas ou dos propios criterios da Deputación foron incorporadas ao Anexo III á Normativa; máis, debe terse en conta a perda de vixencia da Lei 4/1994, de estradas de Galicia a favor da nova Lei 8/2013, de estradas de Galicia.